



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 9

Sesión Plenaria
27 de decembro de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Designación de dous candidatos ou candidatas a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado.

Punto 2. Mocións

2.1 2338 (10/MOC-000005)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade salarial. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 791, publicada no BOPG nº 15, do 16.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 13.12.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 21.12.2016

2.2 2351 (10/MOC-000006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 995, publicada no BOPG nº 15, do 16.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 13.12.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 21.12.2016

2.3 2352 (10/MOC-000007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa pobreza enerxética. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 1314, publicada no BOPG nº 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 13.12.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 21.12.2016

Punto 3. Proposicións non de lei ante o Pleno

3.1 788 (10/PNP-000064)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e doce deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para a modernización da liña ferroviaria entre Lugo e Ourense, a través de Monforte de Lemos, e a conexión en alta velocidade de Lugo coa Meseta

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 10, do 9.11.2016

3.2 1345 (10/PNP-000122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a mesma carga lectiva en galego que en castelán nos distintos cursos da ESO

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

3.3 1595 (10/PNP-000147)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e Chao Pérez, Luca**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da lexislación vixente en materia de igualdade no eido do ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 7.12.2016

3.4 1638 (10/PNP-000152)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia, e tres deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para incrementar o número de xulgados especializados en violencia de xénero en Galicia, así como a formación específica e periódica na materia en todos os sectores da xustiza e a posta en marcha do acompañamento xudicial personalizado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 7.12.2016

3.5 1671 (10/PNP-000153)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula, e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para loitar contra a violencia de xénero no medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 7.12.2016

3.6 1688 (10/PNP-000157)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa actividade da planta de produción de cloro de Elnosa en Lourizán, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 7.12.2016

3.7 1873 (10/PNP-000180)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de reducir o diagnóstico tardío da infección por VIH, ou sida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28, do 14.12.2016

3.8 2126 (10/PNP-000193)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel, e cinco deputados/as máis**

Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha estratexia integral para os galegos retornados, para o período 2017-2020, coa participación das súas asociacións representativas e das comunidades galegas no exterior

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28, do 14.12.2016

Punto 4. Interpelacións

4.1 1044 (10/INT-000031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl, e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa execución da liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

4.2 1876 (10/INT-000076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en persoas menores de idade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28, do 14.12.2016

4.3 2077 (10/INT-000082)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 2 máis

Sobre a situación asistencial da sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28, do 14.12.2016

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

5.1 2371 (10/POPX-000007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a previsión de novas medidas para combater a regresión demográfica de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 21.12.2016

5.2 2372 (10/POPX-000008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a súa posición respecto da defensa dun concerto económico para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 21.12.2016

5.3 2380 (10/POPX-000009)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as medidas que pensa implementar o Goberno galego ante o drama social da violencia e os asasinatos machistas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 21.12.2016

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 1209 (10/POP-000110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e dous deputados/as máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non elixir o réxime de concorrencia competitiva para a convocatoria, a través da Orde do 14 de xuño de 2016 e dentro do Plan específico extraordinario de investimentos, de subvencións destinadas á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

6.2 1735 (10/POP-000182)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen, e Villares Naveira, Luis

Sobre o índice de denuncias e de casos de violencia de xénero rexistrados na Administración pública galega no ano 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 7.12.2016

6.3 2384 (10/PUP-000041)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e dous deputados/as máis

Sobre o tratamento da información nos medios de comunicación no referido aos casos de violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 21.12.2016

6.4 1298 (10/POP-000143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co nivel de execución que presentan no primeiro semestre de 2016 os investimentos previstos para Galicia nos orzamentos do Estado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

6.5 2373 (10/PUP-000040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis

Sobre a actuación do Goberno galego diante das ameazas dos acuíferos e da destrución da singular paraxe que conforma o contorno do nacemento do río Miño, no chamado Pedregal de Irimia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 21.12.2016

6.6 1017 (10/POP-000090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl, e cinco deputados/as máis

Sobre a información do Goberno galego respecto do reinicio das obras nos tramos da liña de alta velocidade na provincia de Lugo paralizadas polo Ministerio de Fomento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

6.7 1851 (10/POP-000197)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e catro deputados/as máis**Sobre o contido que vai ter o Programa Acude e *Axuda do Sergas*

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016

6.8 2334 (10/PUP-000037)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique, e tres deputados/as máis**Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da posible incidencia do *Brexit* no sector pesqueiro galego

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22, do 21.12.2016

6.9 2356 (10/PUP-000038)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio, e Toja Suárez, María Dolores**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa regulación da actividade de extracción do percebe

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22, do 21.12.2016

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Proposta de alteración da orde do día para incluír un novo asunto nela

A señora Pontón Mondelo (BNG) propón en nome do seu grupo, con base no artigo 73.1, unha alteración na orde do día para a inclusión dunha comparecencia do presidente da Xunta de Galicia verbo do proceso xudicial relacionado cos tratamentos da hepatite C. (Páx. 12.)

O señor Villares Naveira (EM) e o señor Fernández Leiceaga (S) interveñen para comunicar que os seus respectivos grupos se suman á mesma proposta. (Páx. 12.)

O señor presidente somete á votación a proposta de alteración da orde do día formulada polos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego, de En Marea e dos Socialistas de Galicia.

*Votación da alteración da orde do día do Pleno da Cámara, por solicitude dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego, de En Marea e dos Socialistas de Galicia, para incluír un novo asunto nela con base no artigo 73.1 do Regulamento, respecto da comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, para explicar por que mantén no cargo as persoas imputadas no proceso aberto en relación cos tratamentos de hepatite C e as responsabilidades que derivan do proceso xudicial aberto: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 13.)*

Designación de dous candidatos ou candidatas a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente explica o procedemento regulamentario para esta designación de candidatos, que se efectuará por votación secreta por papeleta. Logo da repartición das papeletas, o señor presidente indícalle á secretaria que proceda ao chamamento. (Páx. 13.)

A señora secretaria da Mesa do Parlamento, Arias Rodríguez, procede a efectuar o chamamento dos membros do Pleno da Cámara, que depositan o seu voto na urna. (Páx. 13.)

Finalizada a votación e o escrutinio, o señor presidente anuncia que dona María Teresa Conde Pumpido Tourón obtivo 27 votos; don José Manuel Sieira Míguez, 39; e houbo 5 votos en branco. Polo tanto, dona María Teresa Conde Pumpido Tourón e don José Manuel Sieira Míguez quedan elixidos candidata e candidato, respectivamente, a maxistrados do Tribunal Constitucional para presentar ao Senado. (Páx. 14.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade salarial. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta moción. (Páx. 14.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Vázquez Verao (EM).* (Páx. 14.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 18.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 19.) e *Sra. Romero Fernández (P).* (Páx. 21.)

A señora Vázquez Verao (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 23.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta moción. (Páx. 24.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 25.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 28.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 29.) e *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 31.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 33.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa pobreza enerxética. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta moción. (Páx. 35.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 38.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Vázquez Verao (EM)* (Páx. 40.) e *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 42.)

O señor Losada Álvarez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 44.)

Votación das mocións

O señor presidente anuncia a votación das mocións e en primeiro lugar dálle a palabra á señora Vázquez Verao, respecto da primeira das mocións, para concretar a agrupación de puntos para a votación. A señora Vázquez Verao explica os termos da transacción e da votación. (Páx. 46.)

Votación do texto transaccionado do punto 3 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego

en relación coa igualdade salarial: *aprobado por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación do punto 1 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade salarial: *rexeitado por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación do punto 2 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade salarial: *rexeitado por 18 votos a favor, 40 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 48.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade: *rexeitado por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa pobreza enerxética: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e doce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para a modernización da liña ferroviaria entre Lugo e Ourense, a través de Monforte de Lemos, e a conexión en alta velocidade de Lugo coa Meseta. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 49.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Barreira (P).* (Páx. 50.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Quiroga Díaz (S)* (Páx. 53.) e *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 54.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 56.)

A señora Rodríguez Barreira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 58.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a mesma carga lectiva en galego que en castelán nos distintos cursos da ESO. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 60.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 62.), *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 63.) e *Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 65.)

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 67.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da lexislación vixente en materia de igualdade no eido do ensino. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 71.), *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 73.) e *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 75.)

Nova intervención da señora Cuña Bóveda (EM). (Páx. 77.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para incrementar o número de xulgados especializados en violencia de xénero en Galicia, así como a formación específica e periódica na materia en todos os sectores da xustiza e a posta en marcha do acompañamento xudicial personalizado. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 78.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 79.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 83.) e *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 85.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 87.)

Suspéndese a sesión ás dúas e dezaioito minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para loitar contra a violencia de xénero no medio rural. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 89.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 90.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 94.) e *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 96.)

O señor Rodríguez Estévez (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 98.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa actividade da planta de produción de cloro de Elnosa en Lourizán, en Pontevedra. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 99.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 102.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Cal Ogando (EM) (Páx. 104.) e Sra. Murillo Solís (P). (Páx. 106.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 109.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de reducir o diagnóstico tardío da infección polo VIH ou sida. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 111.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 112.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 114.) e Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 118.)

A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 120.)

Suspéndese a sesión ás seis e seis minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días, señorías; bos días a todos.

Imos comezar a sesión plenaria do día 27 de decembro. E antes de comezar a sesión, eu quixera —perdoe, señora Pontón, soamente un segundo— desculpar a asistencia de don Raúl Fernández Fernández, que todos sabemos polo doloroso trance que acaba de pasar este compañeiro noso —deputado el— e toda a súa familia, e dende aquí queremos facerlles chegar a nosa solidariedade e tamén, por suposto, o noso apoio.

E agora xa entramos no desenvolvemento da orde de día.

Proposta de alteración da orde do día para incluír un novo asunto nela

O señor PRESIDENTE: Tiña pedida a palabra, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Con base no artigo 73.1, que posibilita a inclusión de asuntos na orde do día e, polo tanto, a súa alteración, solicitaríamos a inclusión da comparecencia do presidente da Xunta de Galiza, para explicar por que mantén no cargo as persoas imputadas no proceso aberto en relación cos tratamentos de hepatite C e as responsabilidades que derivan do proceso xudicial aberto.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Como vostede ben dixo, o artigo 73 precisa que sexan dous grupos ou unha quinta parte dos membros desta Cámara. Así de por si só o Bloque non podería.

Si, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, en coherencia co escrito rexistrado onte pola tarde, estaríamos en disposición de facer esa mesma petición neste momento. Polo tanto, habería dous grupos na Cámara que estivesen apoiando esa mesma petición.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Si, señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Para sumarnos a esta petición.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Leiceaga.

Entón, preceptivamente, como así se formulou a solicitude, someto á consideración do Pleno da Cámara a alteración da orde do día que foi presentada e, polo tanto, procedemos á súa votación. Votamos.

Votación da alteración da orde do día do Pleno da Cámara, por solicitude dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego, de En Marea e dos Socialistas de Galicia, para incluír un novo asunto nela con base no artigo 73.1 do Regulamento, respecto da comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, para explicar por que mantén no cargo as persoas imputadas no proceso aberto en relación cos tratamentos de hepatite C e as responsabilidades que derivan do proceso xudicial aberto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39; ningunha abstención.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta petición de alteración da orde do día.

O señor PRESIDENTE: Entramos xa nos puntos da orde do día co punto 1.

Designación de dous candidatos ou candidatas a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado

O señor PRESIDENTE: Para o procedemento terase en conta que a Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do 20 de decembro do 2016, acordou:

Iniciar o procedemento para a designación de dous candidatos ou candidatas a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado.

Que a elección se efectúe conforme o previsto no artigo 91 do Regulamento, é dicir, secreta por papeleta, facéndose o chamamento por orde alfabética, de acordo coas normas reguladoras desta designación.

Para a emisión do seu voto, as súas señorías dispoñen dunha papeleta cunha lista única pechada, na que constan os nomes da candidata e do candidato propostos e un recadro ao lado para expresar o voto do seguinte xeito: a favor, marcando cunha aspa no recadro branco; en branco, é suficiente con que non cubran a aspa; e consideraríanse nulas as papeletas nas que se introduza calquera sinal ou inscrición distinta da sinalada.

Rematada a votación e efectuado o escrutinio, proclamaranse elixidos a candidata e o candidato que obteñan a maioría simple. De non acadar a dita maioría ningún, realizaríase unha segunda e derradeira votación na sesión que estamos a celebrar.

Polo tanto, empezamos coa votación, estanse repartindo xa as papeletas. *(Pausa.)*

Procederemos á votación por chamamento, feito que fará a secretaria da Mesa.

Cando queiran, teñen que baixar a vicepresidenta e a vicesecretaria para a votación.

(A señora secretaria da Mesa do Parlamento, Arias Rodríguez, procede a efectuar o chamamento dos membros do Pleno da Cámara, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora secretaria.

¿Queda algún deputado ou deputada por exercer o seu dereito ao voto?

Non, pois comezamos o escrutinio.

(Escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é: dona María Teresa Conde Pumpido Tourón, 27 votos; don José Manuel Sieira Míguez, 39 votos; votos en branco, 5.

Polo tanto, quedan designados candidata e candidato a maxistrada e maxistrado do Tribunal Constitucional, para lle presentar ao Senado, dona María Teresa Conde Pumpido Tourón e don José Manuel Sieira Míguez.

Sen máis, pasamos xa ao desenrolo da orde do día. Comezamos coas mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade salarial

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (doc. núm.2338).

Emenda de supresión

Débase suprimir o seguinte contido no punto 2 da parte resolutiva.

Suprimir: «e negociando convenios galegos sectoriais naqueles sectores que só contan con convenios de ámbito estatal.»

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto 3 bis na parte resolutiva, que quedará redactado co seguinte contido:

«3 bis. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España promover unha Lei de igualdade salarial entre homes e mulleres que garanta de forma real e efectiva tanto a distribución social dos traballos domésticos, como a retribución para o desempeño dun traballo de igual valor, removendo todos os obstáculos (acceso, formación, promoción, conciliación...) que o dificultan.»

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas, presidente. Bo día.

O primeiro que cabe dicir, como é a primeira intervención, é reiterar o apoio desta Cámara ao noso compañeiro Raúl, neste trance tan duro que está a pasar.

En Marea trouxemos a este Parlamento hoxe, coa vontade explícita de visibilizar, un conxunto de iniciativas relacionadas todas coa igualdade, tratando de facer este pleno case monográfico, porque para nós a perspectiva de xénero é transversal, e éo así porque, se transversal é o machismo, transversal debe ser a nosa actuación política dende este punto de vista de xénero.

Entendemos, pois, que as violencias machistas, estas que golpearon duramente o noso país a semana pasada, son a manifestación máis cruenta da nosa sociedade patriarcal. Mais entendemos que, dende o noso punto de vista, a brecha salarial de xénero, da que trouxemos unha interpelación o pasado pleno da Cámara, é tamén unha forma de violencia. É un xeito de violencia dende o punto de vista que a desigualdade salarial mantén a desvalorización dos traballos femininos e a imaxe da muller dependente do home. Provoca, entón, que moitas mulleres precarias queden atrapadas por cuestións económicas en relacións machistas que as anulan, que as degradan, que chegan a asasinalas.

Trasladamos, pois, a este pleno unha proposta para que definamos como sociedade galega unha estratexia de cara a 2020 para rematar coa brecha salarial de xénero en Galiza, sabendo que mesmo a aprobación desta non é suficiente, dado que esta cuestión é de complexo estudo e é complexo abordala, e tamén porque a mellora das condicións das mulleres traballadoras depende fundamentalmente da súa loita.

Queríamos aproveitar e facer aquí referencia —e isto vale para todas as iniciativas que traemos En Marea a esta Cámara hoxe— á loita social do feminismo, porque, se hoxe estamos falando aquí mulleres, e hoxe somos mulleres representantes do pobo galego, non é por graza das forzas políticas, senón pola loita social dende o nacemento do feminismo. É pois nese contexto onde enmarcamos todas as nosas iniciativas deste pleno.

A nosa proposta sobre a brecha salarial concrétese en tres puntos. En primeiro lugar, abrir unha mesa de negociación coas centrais sindicais e representación patronal para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e loitar contra a precariedade laboral da mocidade. ¿Por que? Xa o dixemos no debate da interpelación. O mercado laboral galego é dos máis precarizados a nivel estatal. Estes salarios máis baixos supoñen tamén xubilacións máis precarias, baixas laborais máis precarias, prestacións por desemprego menores, pensións por invalidez máis baixas, e repercute en todos os eidos da vida presente e da futura, máis nas mulleres.

Tamén pedimos especificamente unha estratexia para loitar contra a precariedade laboral na mocidade, porque un país sen oportunidades de futuro para a súa mocidade é un país sen futuro no seu conxunto. Non hai plan de natalidade que valga, non hai plan que sexa efectivo, se non hai condicións de vida dignas para garantir a calidade de vida aos fillos e fillas.

Lembremos tamén que esa maioría de familias chamadas monoparentais están sustentadas fundamentalmente por mulleres, e sofren —como xa temos dito nesta Cámara— altos niveis de pobreza e precariedade.

Queremos mencionar aquí tamén a figura do traballador pobre, da traballadora pobre, que é, en conxunto, algo que sucede en todo o Estado, mais en Galicia —como xa sinalamos— o 50 % da clase obreira ten condicións laborais de precariedade.

Ante esta realidade, entendemos que é fundamental que a Xunta impulse a negociación sindical, para recuperar os salarios galegos ata a media estatal e para ocuparse especificamente das condicións de traballo das persoas mozas, cuxos salarios — lembremos — permaneceron conxelados dende niveis previos á crise.

A segunda das propostas que traemos é convocar, por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, as patronais e sindicatos máis representativos no seu ámbito territorial e sectorial para promover unha negociación colectiva de ámbito galego, unificando os convenios sectoriais provinciais e negociando convenios galegos sectoriais naqueles sectores nos que os teñan de ámbito estatal.

¿Por que? En primeiro lugar, porque a negociación colectiva é unha ferramenta que patronal e clase traballadora teñen para pactar condicións laborais e salariais que os vinculen. É un dos camiños —non é o único— para mellorar as condicións de vida da clase traballadora.

¿Que sucedeu en Galiza? Debido ás súas características políticas e sociais, os procesos de crise e recuperación económica non se deron ao mesmo tempo que no resto do Estado. Así, cando no Estado se pacta contención salarial por causa da crise, as empresas galegas aplicárona cando elas aínda non estaban a padecer os efectos da crise. Cando se inicia a recuperación posteriormente, no resto do Estado, Galiza aínda padece esa crise, polo que o inicio da recuperación dos salarios non se aplica aquí. É dicir, pedimos esta negociación colectiva ligada á nosa realidade porque tamén a temos que ligar a uns tempos distintos.

Por outra parte, moitos convenios de ámbito estatal son convenios de mínimos, que pouco ou nada superan os dereitos establecidos polo Estatuto dos Traballadores e o salario mínimo interprofesional nas categorías profesionais de máis baixa cualificación.

Ademais, a distancia física de onde se negocia dificulta a participación activa das traballadoras e traballadores galegos na toma de decisións. Esta cuestión convértese en intolerable en moitos sectores, en sectores feminizados como o da conserva, no que Galiza é a comunidade autónoma con máis empresas e persoas empregadas, pero o convenio non se negocia aquí.

Existe tamén, ademais, unha nova realidade. Novos sectores relacionados co I+D que carecen do convenio colectivo de referencia, polo que as súas condicións laborais se reducen á precariedade de dereitos.

Todo isto enmarcámolo nun marco laboral regresivo que dende o 2010 quitou poder á clase traballadora. É por iso que vai ese noso segundo punto da nosa proposta.

E, en terceiro lugar, especificamente sobre a brecha salarial, enmarcado nesta negociación colectiva de ámbito galego, pedimos que convoque especificamente o Consello Galego de

Relacións Laborais a patronais e sindicatos máis representativos, para promover —na negociación colectiva de ámbito galego á que nos referimos— que se considere un obxectivo a acadar en 2020 a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres.

¿Por que? Xa o explicamos noutro pleno. A realidade precaria dos salarios galegos é moito peor para as mulleres galegas. Non imos reiterar todas as condicións: que traballan nos sectores máis precarizados; que a brecha salarial é un 23,4 % menos de media o que cobran as mulleres, o segundo salario feminino máis baixo do Estado.

En fin, a cuestión é que todo o mundo, todo este pleno agora, non podemos dicir que non somos feministas. Ninguén hoxe ousa dicirse non feminista, entendo eu, mais despois ninguén —bueno, pode ser, desgrazadamente pode ser— se preocupa de que toda a política teña este rasgo de xénero. Entón, o salario —repetimos— non é simplemente algo que permita levar peor ou mellor calidade de vida: o salario dignifica. Un bo salario corresponde a un traballo mellor considerado socialmente. Por iso a mensaxe que estamos trasladando, se non actuamos especificamente contra a brecha salarial, é que as mulleres gañamos menos, que a sociedade lles di ás novas xeracións que as mulleres temos traballos menos exixentes, que os homes están mellor pagados, que fan os traballos importantes, esa imaxe que se asenta e que fai un pouso de machismo que logo provoca as violencias machistas das que todas e todos nos lamentamos.

Esta desvalorización —non só económica— do traballo das mulleres é aplicable tamén en casos da mesma categoría profesional. Un peón, por exemplo, cobra máis que unha limpa-dora porque el limpa cristais, por exemplo. Calquera razón vale para que o traballo do home sexa máis importante que o traballo da muller no mundo laboral.

Repetimos: a desigualdade arrástrase toda a vida con menores salarios. Temos tamén as mulleres galegas anciás máis pobres do Estado; é algo sobre o que temos que actuar. Aquí pedimos especificamente a convocatoria do Consello Galego de Relacións Laborais no debate da interpelación, e o señor Conde —non está agora aquí— sinalou que si, que consideran importante este Consello Galego de Relacións Laborais, que debe ser potenciado; mais nos orzamentos este consello reduce a súa dotación.

Ademais, queremos lembrar aquí que houbo un intento de fusionar o Consello Económico e Social co Consello Galego de Relacións Laborais. Nós o que defendemos é que son dous organismos importantísimos para atallar os gravísimos problemas sociais galegos, e, por iso, á parte de defender o seu papel, defendemos máis orzamentos para eles. E, para as políticas de emprego, é fundamental o Consello Galego de Relacións Laborais.

Así, pedimos especificamente que se convoque, para que se defina unha estratexia de cara ao 2020 para atallar a brecha salarial, a Comisión Consultiva autonómica, que depende deste Consello Galego de Relacións Laborais, e que se trate este tema con máis fondura, máis alá da promocións de plans de igualdade nas empresas, porque o que buscamos son medidas efectivas para romper a brecha salarial. Porque —xa o dixeran—, cando falamos de violencia machista, sempre pensamos na súa manifestación máis brutal, pero non pensamos tamén

na violencia económica que se produce, cando temos as pensións máis baixas, a maior incidencia da precariedade nas mulleres, as precarias condicións de traballo doméstico e o papel dos coidados, levado na maior parte das veces polas mulleres. Outro debate é se temos que facer unha estratexia de socialización dos coidados, pero se hai estes coidados, se lles dese valor económico no sentido clásico, a brecha salarial sería moitísimo maior.

Así, non engadamos unha violencia máis, que sería a violencia institucional, no caso de que as institucións non loitasen con todos os seus mecanismos contra esta brecha salarial, porque tanto que se manteñan as situacións ilegais de desigualdade salarial como que persista a brecha salarial a diferenza media de salarios entre homes e mulleres non fai máis que afondar nesa orixe do conflito das violencias machistas.

Propoñemos, pois, sabendo que é insuficiente, definir dende o Consello Galego de Relacións Laborais, nun marco galego de negociación colectiva, unha estratexia específica de cara ao 2020 para rematar coa brecha salarial de xénero no noso país.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señores e señoras deputadas.

Hoxe, dende logo, é un día triste para o Grupo Socialista, e, como comprenderán as súas señorías, a nosa cabeza e o corazón do grupo non están hoxe neste hemiciclo, están co noso compañeiro Raúl, en Verín.

Mais a actividade parlamentaria debe continuar, señora Vázquez Verao, e nós amosámonos tamén profundamente preocupados pola situación que se está a vivir respecto dos salarios nesta comunidade autónoma. Hai que recordar que somos a terceira comunidade cos salarios máis baixos de toda España. Unha situación especialmente complicada na mocidade. En Galicia temos agora mesmo a taxa de emancipación máis baixa de toda España, algo que se relaciona directamente, ademais de coa emigración, por suposto tamén con eses salarios baixos, que permiten que, en caso de ter que emanciparse, os salarios sexan o 53 % do gasto en vivenda que terían que aportar.

Unha EPA, uns datos, que coñecemos hai unhas semanas, que nos indican que hoxe hai neste terceiro trimestre do 2016 a metade de ocupados entre os menores de 35 anos que hai nove anos. Unha situación dramática. Dende logo, coincidimos no espírito da iniciativa, e é necesario mudar de maneira urxente e de maneira necesaria.

En canto ao punto 2 da iniciativa, nós coincidimos en que, dende logo, se dinamitou a negociación colectiva, e algo que foi clave para iso foi esa reforma laboral posta en vigor polo

Goberno do Partido Popular. Repetímolo sempre aquí, mesmo no anterior pleno, o Grupo Socialista trouxo a esta Cámara unha iniciativa que apoiaron todos os grupos da oposición excepto o Partido Popular, o partido que sustenta o Goberno.

Nós, sen embargo, non compartimos unha parte dese punto 2, por iso presentamos unha emenda de supresión respecto da negociación dos convenios sectoriais, posto que pensamos que mesmo pode ser negativo que se traslade esa negociación directamente aquí a Galicia. Pensamos que a presión e a capacidade de negociación son moito maiores a nivel estatal que as que poderíamos ter nesta comunidade autónoma.

Con respecto ao punto 3 desta iniciativa, onde se trata a igualdade salarial, no anterior pleno un dos puntos desa moción, señorías, que presentou o Grupo Socialista, era, precisamente, a posta en marcha dunha lei de igualdade salarial. De novo, todos os grupos da oposición apoiámos ese punto, excepto o Grupo Popular, que votou en contra.

Queda moitísimo por facer. A Lei 3/2007, a Lei de igualdade, deunos ás mulleres maiores cotas, maiores cotas de igualdade, que seguen lonxe dos parámetros da igualdade real e efectiva no mercado laboral do noso país en todas as relacións laborais.

Os datos dinnos que os maiores salarios en Galicia son nas cidades da Coruña e de Vigo, e aí é tamén onde existe maior fenda salarial, máis do 20 % coas mulleres. Un país onde as mulleres gañan de media 7,1 euros a hora e os homes, 8,7. E mesmo a diferenza salarial existe nos contratos a tempo parcial: os homes, 9,1 euros a hora, e as mulleres non chegan aos 6 euros a hora. Efectivamente, esas diferenzas sociais no mercado laboral tamén son os ali-cerces do machismo, e son e sentan as bases de todas aquelas condutas que levan ás mulleres a sufrir a violencia, como vimos estas últimas semanas.

Segue habendo, señorías —e permítanme dicilo—, un certo negacionismo ao respecto. Se saímos á rúa e preguntamos se as mulleres e os homes cobran o mesmo, veremos que hai máis dun 60 % da poboación que opina que si. Temos, polo tanto, dende as institucións e tamén dende o Parlamento de Galicia, a responsabilidade de enviar hoxe unha mensaxe clara a toda a poboación e a todas as persoas que están fóra deste hemiciclo para dicir alto e claro que iso non é así e que imos facer todo o posible para corrixilo.

A señora Vázquez Verao dicía antes que todos e todas nesta Cámara somos feministas. Gústame a súa ilusión, gústame esa esperanza que reflicte vostede, mais veremos se realmente, ao pulsar ese botón, señora Vázquez Verao, somos ou non, todos e todas, feministas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e a todas.

En nome do BNG, tamén queremos sumar as nosas condolencias ao compañeiro Raúl, e desexarlles tamén moito ánimo a todos os compañeiros do Grupo Socialista, que sabemos que estarán ao seu carón no día de hoxe.

Comezando por esta última cuestión que introducía o Partido Socialista a debate, quero indicar que o grupo parlamentario que represento apoiará esta moción sempre e cando non se acepte a proposta do primeiro punto de supresión que presenta o Partido Socialista, pois nós entendemos —e así o temos defendido nesta Cámara en reiteradas ocasións— que a negociación colectiva é absolutamente imprescindible para que traballadores e traballadoras melloren as condicións laborais das súas contornas de traballo, e que as reformas laborais, en plural, aplicadas polos diferentes gobernos no Estado, dinamitaron non só esas negociacións, senón que empeoraron os convenios estatais, privatizaron empresas e deixaron a clase traballadora máis desprotexida.

Nós entendemos, desde o nacionalismo, que afastar os centros de decisión dificulta a negociación e fai que os sindicatos maioritarios que sentaron a pactar algunha desas reformas laborais teñan maior peso e sexa así máis difícil introducir propostas que si teñen forza desde o marco galego e que teñen contribuído a introducir avances significativos, avances de clase e avances tamén en chave de defensa nacional.

Os datos, ademais, avalan que en Galiza os mellores convenios son, precisamente, os de ámbito provincial ou nacional —no seu defecto, galego—, onde hai maior capacidade pola clase traballadora, fronte aos de empresa ou estatais, que acaban sendo negociados por cúpulas sindicais afastadas dos centros de decisión máis inmediatos. É máis, neste escenario que nos deixan estas dúas reformas laborais, entendemos que esa negociación no marco galego sería a chave máis poderosa que teríamos os traballadores e as traballadoras para condicionar de forma efectiva avances para os nosos dereitos, e temos sobrados exemplos en diferentes ámbitos de traballo.

Entrando xa na cuestión da fenda salarial, que para nós é prioritaria e é moi relevante, eu viña conducindo cara a aquí e viña reflexionando precisamente en que eu, como muller, se este Parlamento fose unha empresa privada, levaría traballando gratis entre 50 e 60 días, segundo os cálculos que teñen botado axentes sociais e sindicais; se eu tivera iniciado o meu contrato con esa empresa a día 1 de xaneiro de 2015. Eu levaría traballando eses 50 días gratis; Paula, tamén; Noela, tamén; Ana, que falou antes, tamén; e iso é unha realidade, é unha realidade obxectivable, con datos como os que deron as compañeiras e con outros que poderíamos traer aquí.

Eu hoxe decidín poñerme —sen que valla de precedente— un pouco europeísta, e xa que ao Partido Popular non lle gusta moitas veces que saquemos os datos da EPA, como fixo Noela, ou os do INE, como fixo o outro día Paula, ou os do propio IGE, pois recorrín a dous datos de dúas axencias europeas, que non son nada sospeitosas de ser o brazo armado de ningún sindicato, como se nos acusa algunhas veces ás organizacións políticas. Entón, por exemplo, Eurostat, unha axencia estatística de Bruxelas, determina que o Estado español —é unha mágoa que, loxicamente, non estean desagregados os datos para Galiza— é o sexto país con maior fenda salarial entre todos os que conforman a Unión Europea, tendo descendido neste

posto, e que por hora traballada, por exemplo no 2014, de media había case un 20 % en relación coa retribución que recibían os homes. Ou o Foro Económico Mundial —que pensamos que tampouco é nada sospeitoso de esquerdista nin de sindicalista—, que publicou en outubro deste mesmo ano unha nova edición do seu informe sobre igualdade de xénero en todo o mundo, e que, por exemplo, analiza campos como o traballo ou a representación política, e indicaba que en termos xerais non se acadaría a igualdade ata dentro de case douscentos anos. Entón, se iso non nos motiva a tomar medidas lexislativas que reduzan eses douscentos anos, non sei que nos podería motivar.

Tamén neste estudo —por poñer un pouco as cousas no seu sitio— o Estado español non saía nada ben parado. Ademais —témolo analizado reiteradas veces—, a crise non fixo máis que agravar xa a precaria situación laboral das mulleres, que somos, ademais, as máis afectadas —xa se dixo aquí— por contratos temporais de escasa duración e demais.

Ou abonda, por exemplo, se ollamos o 2015, ver cantas mulleres desempregadas había no noso país e cantas traballadoras cobraban menos do salario mínimo interprofesional. Estas últimas eran máis de 162.000, e máis de 120.000 no desemprego.

Isto é violencia económica e isto tamén é unha violencia pola cal as mulleres vemos merados os nosos dereitos.

Esgótase o tempo, entón, remato xa a miña intervención indicando que apoiaremos esta proposta de En Marea, porque, por riba dos matices que puideramos achegar, hai dúas cuestións sobre a mesa que para nós son fundamentais: unha é a salvagarda da negociación colectiva como ferramenta para a clase traballadora e a aposta pola negociación no marco galego, que desde o nacionalismo entendemos absolutamente fundamental, e outra, eses esforzos encamiñados a igualar o salario entre homes e mulleres, poñendo un mecanismo e poñendo unha data horizonte que nos parece importante.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Romero.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Si, moitas grazas, señor presidente, e moi bos días a todos, señorías.

Queremos tamén sumarnos ás condolencias expresadas polo presidente ao noso compañeiro Raúl. É inimaxinable a dor que está a pasar.

Como ben anunciou o presidente do Parlamento, atopámonos ante unha moción, consecuencia dunha interpelación moi concreta sobre que vai facer o Goberno para acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres; unha cuestión suficientemente transcendente e vital para as mulleres do noso país como para que quede diluída tanto nas súas intervencións como na parte resolutiva da propia negociación. Unha das discriminacións

máis inxustas que sufrimos as mulleres ben merece unha moción congruente coa propia interpelación.

Para substanciar a interpelación, fixo vostede, señora Vázquez, unha intervención máis propia dunha comparecencia sobre as liñas de actuacións da consellería, tanto en política de emprego como en política industrial. E agora tamén nos trae unha moción con tres puntos na que só o último fai mención á igualdade efectiva salarial entre homes e mulleres, o que amosa o pouco relevante que consideran esta cuestión. Iso si, logo abandéiranse como os únicos que defenden a igualdade entre homes e mulleres, pero non é certo, e non é certo porque podemos dicir que nas comunidades autónomas gobernadas por socialistas, nacionalistas e incluso pola nova política de Podemos teñen unha brecha salarial cinco puntos superior á galega, e isto está a pasar en Andalucía, en Cataluña e en Aragón, por exemplo. E mesmo no 2008, na época de máximo esplendor de Galicia, a desviación salarial era dous puntos superior á de hoxe. Señorías, todos estamos a favor de acabar con esta diferenza que tanto prexudica as mulleres e a sociedade; todos, nós tamén.

Estamos ante un proxecto estrutural —como ben se refería vostede, señora Vázquez—, ante unha realidade complexa que nin sequera as medidas que trae En Marea son suficientes para atallar este problema —repito as súas verbas—. E non son suficientes, sobre todo, se se está en contra de todo o proxecto industrial que se pon en marcha no noso país. Porque é precisamente a industria o sector onde as persoas asalariadas cobran máis; o sector da industria é onde máis medran os salarios.

Estamos de acordo en que a máxima preocupación do Goberno sexa seguir impulsando a calidade do emprego dun xeito igualitario. O que xa non sei se estaremos de acordo é con que se faga dentro dun contexto claro de aposta pola empresa e pola industria, porque é dentro deste contexto onde está a traballar o Goberno para promover o emprego feminino e a igualdade de xénero. Mantendo a discriminación positiva nas políticas activas de emprego, pero o vindeiro ano terá máis intensidade para as mulleres. Potenciando os plans de igualdade nas empresas, cun orzamento superior un 28 % ao do ano anterior para que as microempresas e pemes galegas apliquen medidas que favorezan a igualdade e a corresponsabilidade laboral. Traballando coa Inspección de Traballo, con actuacións concretas dirixidas a perseguir a discriminación das mulleres e atendendo todas as denuncias que chegan. E instando o Consello Galego de Relacións Laborais —si, como xa fixo o Goberno hai un ano— a acadar un marco interprofesional de ámbito autonómico sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Un acordo no que tanto a patronal e os sindicatos participantes están a traballar; un acordo indispensable para este Goberno. Pero tamén se continúa traballando no fomento do emprendemento feminino a través do Programa Imega, cun orzamento de 1.300.000 euros para o 2017. Unha medida que apoia favorecer o éxito da iniciativa emprendedora das mulleres.

Galicia polo tanto, señorías, continuará avanzando cara a unha igualdade efectiva entre homes e mulleres grazas a unha planificación axeitada. Xa temos unha estratexia, e para o próximo ano esta estratexia contará cunha nova ferramenta: un novo Plan de emprego feminino para que as mulleres ocupemos o lugar que nos corresponde no mercado laboral; para que academos a participación en todos os sectores e en todas as categorías profesionais; e para eliminar por todos os medios posibles esta brecha salarial que tanto nos prexudica.

Remato xa, señor presidente, reiterando a aposta deste Goberno para atallar esta discriminación que estamos a sufrir. Pero lamento moitísimo que utilicen esta discriminación como escusa para plantexar outras cuestións xenéricas nas que o Goberno xa está a traballar, e nas que non vou entrar porque nin teño tempo nin foron obxecto da interpelación e porque a nós si nos parece suficientemente importante todo aquilo que haxa que facer para acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres.

Por iso imos votar a favor deste punto, o máis importante, o que foi obxecto da interpelación e o último que puxeron vostedes na moción. Espero que acepten a votación por puntos, doutro xeito amosarían o pouco relevante que consideran unha das discriminacións máis inxustas que sufrimos as mulleres.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

Grupo autor da moción, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas a todos os grupos.

Señora Romero, non se preocupe que non queda diluída, nós enmarcámola en todo este contexto porque a realidade salarial das mulleres cremos que se enmarca no contexto do mercado laboral galego.

Dito isto, si aceptamos a votación por puntos. Agradecemos o apoio dos dous grupos da oposición. O que si rexeitamos é a emenda de supresión, mais aceptamos a emenda de adición sobre a Lei de igualdade salarial.

Sobre a cuestión da industria, din que non podemos meter aquí o debate da industria porque queda diluído, precisamente, coa estratexia industrial. É certo que a industria é un dos sectores onde máis medraron os salarios, si, pero tamén é un dos sectores máis masculinizados. Que medren os salarios na industria e, sen embargo, baixen no sector servizos, fai que aumente esa fenda salarial. Hai que actuar especificamente sobre a industria e sobre o emprego feminino.

Agrádame que apoiem este terceiro punto porque pedimos unha estratexia concreta para o 2020 para rematar coa brecha salarial. ¿Por que o fixemos? Porque na Axenda de emprego 2020 da consellería non se menciona esta cuestión da brecha salarial nin como unha ameaza nin como unha debilidade do mercado laboral galego. Penso que despois deste debate quedou ben evidenciado que é unha das cuestións que máis nos deben preocupar, por iso formulamos esta estratexia específica, e tamén porque defendemos o Consello Galego de Relacións Laborais. Hai que defendelo, si, o PP tamén o defende, mais isto tense que traducir en orzamentos, porque o seu programa, o Programa 324A, de mellora da organización e administración das relacións laborais e da economía social, caeu nos orzamentos respecto do 2016, e tamén a cuestión específica do Consello Galego de Relacións Laborais.

Gustáronnos especialmente dúas referencias. Unha foi a do Grupo Socialista, sobre o negacionismo que hai aínda sobre esta cuestión. Agrádanos que se aprobe por este Parlamento —se é así, votando por puntos— a Estratexia para o 2020 para rematar coa fenda salarial, porque é tremendo o negacionismo que se está a producir sobre moitos dos debates que deu o feminismo e que agora se intentan cuestionar e diluír.

Tamén a referencia que fixo o Grupo do BNG a que as reformas laborais precarizaron enormemente os convenios de ámbito estatal. Quería lembrar aquí —e por iso defendemos tamén un marco galego de relacións laborais— que Galicia é un dos países que máis combatividade social tivo, e estamos orgullosas desa loita; agardemos que tamén se produza no eido da brecha salarial. Parécenos que un respaldo deste Parlamento a facer unha estratexia específica de cara ao 2020 pode ir no camiño de recuperar os salarios das mulleres. Primeiro, de recuperar os salarios galegos no seu conxunto a respecto do Estado, e, especificamente, a loitar contra esa brecha salarial de xénero. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Popular, do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da Moción polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Presentar un plan de accións pedagóxicas integrais, que combatan a tolerancia social sobre o consumo de alcohol e que teñan incidencia tanto no eido familiar como educativo. Para esta labor, contárase co asesoramento de expertos do eido profesional e académico, e coa participación de outras administracións (nomeadamente a FEGAMP e a Consellería de Educación), e distintas asociacións relacionadas coa materia.

2.- Realizar un informe anual da evolución i eficacia das medidas postas en marcha, e presentalo no Pleno do Parlamento de Galicia para a súa valoración.

3.- Reformular a Lei 11/2010 de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, nos termos que se requiran, tal e como xa anunciou a Consellería de Sanidade.»)

(O G. P. de En Marea, a través da súa deputada Eva Solla Fernández e ao abeiro do artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto do punto 2 polo seguinte:

<<2.- Acordar coa Federación Galega de Municipios e Provincias unha colaboración no ámbito local coa cesión dos recursos necesarios, así como as cláusulas mínimas que deben conter todas as ordenanzas municipais en relación ao consumo de alcohol por menores.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Proponse substituír o texto do punto 2 polo seguinte:

<<2.- Negociar coa Federación Galega de Municipios e Provincias as medidas oportunas para abordar os problemas de convivencia que xenera o botellón e as actuacións precisas para reducir o consumo de alcohol en menores.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Bo día. Grazas, presidente.

Traemos un debate que xa tivemos —de maneira interesante, consideramos nós— hai dúas semanas. Por facer un breve resumo da nosa posición que expuxemos aquí, nós consideramos que sobre esta situación do consumo de alcohol en menores existen varias causas do problema que están sendo pouco afrontadas, pouco atacadas, e que consideramos que explican claramente cal é a nosa situación.

Existe unha moi baixa conciencia sobre o problema do consumo, ou, o que é o mesmo, existe unha moi alta tolerancia social sobre o consumo de alcohol. Non así sobre outras substancias, grazas tamén, en certa maneira, a moitas accións que se desenvolveron noutros tempos —algúns máis lonxanos, algúns máis cercanos—; pero si que co alcohol existe unha certa tolerancia social, e permitiríame dicir que incluso en Galicia especialmente.

É certo que non implica isto que debamos de suprimir, debamos de coaccionar o consumo de maneira plena, si no caso dos menores, pero non no conxunto da sociedade. Pero si debemos de facer un uso e un consumo máis responsable, tanto no que supón o consumo individual das persoas como o que supón o exemplo que dan. Por tanto, neste paso da tolerancia social cremos é necesario incidir máis.

Existe unha causa de inicio temprano. Afrontamos moitas veces os problemas cando dan os primeiros síntomas, ou incluso cando estamos vendo as consecuencias, e hai que ir antes desas situacións. A prevención ten que ser prioritaria, antes do problema.

Ademais, sinalamos que existían falsos debates. Existe un falso debate sobre o que é o consumo e o que é coñecido como botellón. Hai un problema, si, de orde pública asociado ao botellón, e a propia lei, incluso, no preámbulo, na súa primeira páxina, xa fala dos problemas de convivencia. É certo que existe un problema —que se pode xerar—, de convivencia cidadá entre consumidores e non consumidores e veciños polo feito do botellón. Existe e é necesario afrontalo. Pero estamos falando de consumo, non estamos falando especificamente e unicamente de botellón, aínda que tamén. Pero o problema do consumo non o asociemos de maneira integral, cen por cento, ao problema do botellón, porque se non cometeríamos o erro de que, afastando o botellón da vista e afastando o botellón do problema, estaríamos resolvendo o do consumo, e non sería así. O problema do consumo é máis sutil, pero é máis necesario tamén afrontalo.

Existe un falso debate, ademais, entre menores e maiores. Os menores son ás veces moi culpables do que fan, pero ás veces non tanto. Moitos de nós somos exemplo para os menores, que se ven que nós non penalizamos o consumo, se ven que as grandes festas de Galicia se celebran con barras libres, se celebran con moito jaleo, con moito barullo, con consumicións baratísimas, e que se exalta o consumo do alcohol entre os maiores —e os nenos veno—, o que van entender é que é aceptable, e iso é a tolerancia social. Polo tanto, se cadra, non deberíamos de criminalizar unha xeración, senón que deberíamos de asumir que é un problema conxunto.

En función diso, nós consideramos que existían certos déficits, e aí vai a nosa proposta de reformulación, o que é a nosa iniciativa de hoxe. En primeiro lugar, aínda que existe unha lei, existe unha intervención regulamentaria ineficiente recollida nesa lei. A propia lei indica —menciónao literalmente— que as sancións son vistas como o último remedio —dío especificamente a lei e ten razón—. A cuestión é que —como moitas cousas que ocorren con esta lei— o preámbulo ten unha boa fundamentación —pode ser discutible algún punto—, pero despois a lei non se desenvolve conforme o preámbulo, porque esencialmente a lei é punitiva, é pouco educativa. Por algunha cuestión profesional, coñezo perfectamente que os maiores modificamos a conduta moito máis influenciados pola obriga que polo convencemento. Pero os menores modifican a conduta moito máis polo convencemento que pola obriga. As condutas modificadas pola obriga, mantéñense mentres existe a coacción ou a autoridade que a impón. Cando desaparece a autoridade, desaparece a conduta e vólvese á orixinal. Polo tanto, se baseamos toda a nosa acción na coacción —enténdase a palabra—, na punición, estaremos sobrepassando o problema por enriba e resolvéndoo mentres exista esa obriga ou esa punición. Pero cando desapareza —que ao final ten que desaparecer sempre— non teremos conseguido nada. Polo tanto, cremos que é moi necesario que a lei sexa menos punitiva e máis educativa.

En todo caso, a parte punitiva —necesariamente existente porque ao final a recomendación hai que cumprila, e, de non cumprila, ten que haber algunha sanción— está traspasada aos concellos basicamente. Hai unha regulamentación que lles di aos concellos o que teñen que facer. Nese campo, nós propoñemos o punto 2 da nosa iniciativa, que é o que fala de negociar coa Fegamp a cesión das competencias, a aclaración das competencias. É necesario aclarar que competencias ten o ámbito autonómico e que competencias ten o ámbito local, para que non se poida exixir dende o ámbito autonómico ao ámbito local que cumpra unha lei que o

ámbito autonómico fixo, porque entón é inxusto. E ademais de aclarar esas competencias —que por unha cuestión de proximidade poden ser, si, necesariamente desenvolvidas polo ámbito local—, hai que poñer os recursos enriba da mesa, porque desenvolver unha normativa sen recursos é falar en papel, pero se se fala en papel, despois non se desenvolve na realidade. Polo tanto, nese punto 2 nós facemos esa aportación, que é negociar coa representación clara dos municipios e provincias para que desenvolvan as súas competencias, pero o fagan tamén coa dotación necesaria.

Ademais do que supón a intervención regulamentaria, é imprescindible desenvolver as accións educativas, que, como dicimos, nós consideramos que son o fundamento desta lei, ou deberan de selo. Están —insisto— no preámbulo ben desenvolvidas, ben fundamentadas; con algunha apreciación que puidera ser, pero razoablemente ben fundamentadas. O que ocorre é que non están desenvolvidas. A lei despois é vaga, é case baleira. Non inciden, ademais, sobre as causas, senón como moito sobre as consecuencias. Polo tanto, estamos no problema orixinal: non estamos afrontando a tolerancia social e non estamos afrontando os inicios tempranos e o porqué do consumo. Non se poden poñer portas ao campo cando xa estamos no campo. É posible poñer portas nunha casa para que non se saia. Aínda así, sempre é difícil. Polo tanto, debemos de iniciar accións educativas afrontando correctamente as causas, de maneira correcta e concreta, pois están pouco definidas. E ademais están moi especificadas en idade —insisto—, como se o problema fora só dos menores que se inician.

A propia ministra de Sanidade hoxe, nunha entrevista que publica un medio nacional —que non tiveron oportunidade de ler extendidamente, pero si na parte que corresponde—, fala xa dos pais. Eu non falaría unicamente dos pais —que tamén—, senón do contexto social no que hai que afrontar o problema, porque precisamente vén de aí, vén das imaxes que damos. E hai imaxes —aquí mencionárono algúns no último debate— que non se trasladan correctamente.

Polo tanto, nós traballamos o que supón o punto 1 da nosa iniciativa, que é desenvolver un plan de accións pedagóxicas integrais. Integral no sentido de que se desenvolva de cara aos menores, tamén de cara aos maiores, e en todo o contexto que os rodea: educativo, familiar e social. Os ámbitos de socialización dos menores son eses tres —a súa familia, os seus amigos e a escola—, nos tres puntos debemos de afrontalo; e debemos de afrontalo de maneira convencida e correcta, concreta, con especialistas que o coñezan —por iso o incluimos—, co mundo do asociacionismo que o coñece e que está en contacto permanente. Por iso a nosa fundamentación do punto 1.

Ademais, consideramos que existe un terceiro déficit: non existe a avaliación, non existe a autoavaliación, temos unha lei que se desenvolve e chegan uns datos, normalmente chegan a ano e medio vista ou a un ano vista, e a avaliación non se fai correctamente. O que non se mide non se pode mellorar. Polo tanto, o que nós plantexamos, que o plantexamos no punto 3, é medir ou avaliar isto, que o Goberno autoavalíe a eficacia das súas fundamentacións, dos seus proxectos e dos seus plans, e que ademais o traia ao Parlamento para que todos poidamos contribuír a esa avaliación.

Eses son os fundamentos da nosa iniciativa. O que nós plantexamos é que sexamos eficientes, sexamos conscientes de que esta é unha problemática que nos afecta a todos e de que,

aínda existindo algunhas boas intencións, non existiu a concreción necesaria e o desenvolvemento necesario para levala a cabo. Neste sentido, plantexamos aos grupos a posibilidade de que aprobemos esta iniciativa, que consideramos nós que sería moi interesante que fose aprobada entre todos, porque cremos —e díxeno o outro día e dígoos con convencemento— que todos os que estamos aquí e moita xente de fóra está convencida de que este problema é posible afrontalo e que non hai ningún punto a priori que nos poida diferenciar, máis alá dalgún matiz necesario, que seguro que poderemos falar con motivo das emendas.

Pero eu convido a que poidamos aprobar esta iniciativa, porque sería un bo paso para despois poder afrontar algúns outros problemas, que xa o propio conselleiro anunciou aquí, que cremos que tamén poden ser de interese no eido das adicións e dos comportamentos adictivos. Polo tanto, invitámoslos a aprobar esta iniciativa que traemos os socialistas hoxe aquí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día a todas.

O primeiro, o botellón non o inventou a nosa xeración. Eu creo que moitas veces pensamos que máis alá de inventar ou de poñerlle nome ao que alí se facía, eu convídoos a que revisen un pouquiño a tradición popular do noso país, e se poden falen con alguén que acudise algunha vez, por exemplo, a unha estalotada.

Máis alá desa pequena brincadeira, se mo permiten, sendo un tema absolutamente serio, nós concordamos coa iniciativa que se presenta hoxe aquí, pero tamén compartimos esa idea de que hai que ir ao fondo da cuestión, en troques de dirixir a acción política á persecución, á vixilancia e á punición, e incluso nalgúns casos —como se escoitou nas últimas semanas tamén, a través da proposta formulada por algúns colectivos— á criminización da propia mocidade polo consumo de alcohol na rúa, que debería levarnos a pensar tamén cales son as motivacións que levan, sobre todo ás xeracións máis novas, a consumir alcohol na rúa.

Eu creo que escoitamos pouco tamén a nosa mocidade, que moitas veces plantexamos as alternativas pensando que temos o coñecemento absoluto sobre as súas condutas ou as decisións que tomamos a xente máis moza, e que nos levan, por exemplo, a obviar o feito do prezo que ten o alcohol nos bares, que é o que motiva moitas veces a que se consuma ese alcohol —e comparto a idea de que de maneira exaxerada en moitas ocasións— nas rúas.

Neste sentido, compartimos esa idea que lanzaba o representante do Partido Socialista, que o que existe no noso país, en boa medida, é a normalización —por dicilo dalgún xeito— do consumo de alcohol, incluso en porcentaxes absolutamente elevadas. Até o punto moitas veces de que consideramos que a única forma de pasalo ben, a única forma de divertirnos é precisamente consumindo alcohol, sobre todo se falamos do lecer ou do ocio de noite; ademais, en consumo exaxerado dese alcohol. Pero iso é certo —xa o apuntaba tamén o portavoz

do Partido Socialista— de que non é algo atribuíbel de maneira exclusiva á mocidade, senón que poderíamos falar practicamente de todas as faixas de idade.

Neste sentido, compartimos a idea de fondo que ten a iniciativa, que é de traballar desde a educación, desde unha perspectiva social, sensibilizando o conxunto da sociedade nas consecuencias que ten o consumo exaxerado de alcohol, como xa se ten feito tamén a respecto doutras substancias adictivas. E para iso cómpre adoptar medidas de prevención, medidas educativas e, sobre todo, promover alternativas de ocio xuvenil, porque moitísimas veces non damos nin sequera unha alternativa, unha vía de escape para desenvolver o lecer ou o ocio, sobre todo nas noites.

Así e todo, hai un matiz que nós facemos a esta iniciativa, e por esa banda vai a emenda que presentamos. Entendemos que é necesario substituír ese punto segundo, que o que pretende é transferir todas as competencias en exclusiva ao ámbito local. E nós entendemos que debe ser deseñada a planificación e calquera acción política que se adopte para reducir o consumo de alcohol entre a mocidade a nivel nacional, debe ser asumida pola competencia que xa ten hoxe en materia sanitaria e en materia de educación a Xunta de Galiza. E non debe producirse un transvase de competencias á Administración local, que deixe dalgunha maneira á vontade de cada municipio as accións que deben adoptarse. E ademais os concellos xa teñen hoxe, en boa medida, competencias en materia que se fala de orde pública; bueno, a min non me gusta ese concepto, pero si no ámbito da convivencia nocturna.

O que nós defendemos é que teñen que adoptarse medidas con carácter integral, como se propón na propia iniciativa, pero que non debe ser transferida a competencia aos concellos, que o que debe é planificarse a través da Fegamp unha estratexia conxunta, e que si, en todo caso, deberán ser as corporacións locais as que executen esas medidas, que tamén insisto —e xa o fixo tamén o portavoz do Partido Socialista— en que deben estar dotadas de orzamentos, de recursos e de materiais e, sobre todo, de cartos, porque non servirá de nada que nos poñamos a planificar aquí se despois non hai con que levalas a cabo.

Apoiaremos a iniciativa, pero pedimos que se poida incluír esa modificación que nós solicitamos no punto 2, para que sexa a Fegamp, para que sexa unha estratexia a nivel nacional, e non á vontade municipal de cada goberno, en función tamén moitas veces da súa cor política, a que adopte as accións a desenvolver.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois do que levamos debatido hoxe, do que se debateu no pasado pleno e do que xa se leva falado durante e sobre todo este último ano, a teor dos casos que saltaron aos medios de comunicación, resulta evidente que as cousas non se están a facer ben neste asunto, sobre todo

con ese dato que tiñamos xa sobre a mesa, que xa se trasladou no pasado pleno, de que ata o 31 de outubro eran máis de catrocentos os casos de intoxicación etílica en menores de idade no noso país.

Xa non estamos a falar dos problemas do alcohol nos maiores de idade, senón que estamos a falar dos menores de idade. E con estes datos sobre a mesa podemos facernos unha idea de como é de extensible o problema ao global da poboación galega, tal e como se vén de trasladar aquí. Que nenos e nenas de 12, 13 ou 14 anos consuman alcohol, a pesar da prohibición, e ademais ata eses límites, e a pesar desa Lei, aprobada polo Goberno galego, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores, dá a medida de que as cousas non se están a facer ben no conxunto.

E é certo que parte desa prevención, parte desa educación pertence tamén ao ámbito familiar e ao ámbito propio dos propios menores, pero é tamén certo que existen unhas responsabilidades —tamén contidas nesta lei— por parte da propia Administración que non se están a asumir ou que non se están a pór en marcha nalgúns aspectos.

Eu creo que é un tema suficientemente grave e importante, polas consecuencias que ten, non só agora mesmo, senón a medio e a longo prazo, e non se debe facer demagogia co tema.

Nós estamos de acordo co contido da proposta, imos apoiala. Pero é certo que presentamos unha emenda relativa a ese punto 2, porque tamén consideramos que non se poden traspasar esas competencias en materia de prevención, en materia de promoción da saúde ao que ten que ver coa rede de municipios en Galicia. Polo tanto, propomos que onde di: «Negociar coa Federación Galega de Municipios e Provincias a cesión das competencias autonómicas», se substitúa por: «Acordar coa Federación Galega de Municipios e Provincias unha colaboración no ámbito local, coa cesión de recursos necesarios, así como as cláusulas mínimas que deben contar todas as ordenanzas municipais en relación co consumo de alcohol por menores».

Entendemos que é non só positivo senón necesario que as determinadas particularidades das vilas e das cidades galegas sexan tidas en conta por parte da Xunta de Galicia. É imprescindible que a Xunta se sente cos concellos. Pero entendemos tamén que a Xunta non pode escapar ao que son as súas obrigas e responsabilidades, porque ata o de agora non se está a facer de xeito correcto. Queríamos saber cales son as medidas educativas que se implantaron, cales son os contidos curriculares relativos á prevención de alcohol. Cremos que a lei non se está a desenvolver nestes aspectos, e é un aspecto moi grave. E entendemos que non se pode «pasar» —entre comiñas— a pelota da responsabilidade aos gobernos municipais.

Vimos agora dun debate orzamentario, no que a subvención das drogas e do alcoholismo manteñen durante as últimas lexislaturas uns recortes que nin sequera están a ser recuperados agora que o Goberno defende que hai un incremento orzamentario. O Programa de prevención de drogodependencias, un específico no programa 413, sufriu un 76 % de recorte. O convenio da Fegamp de atención ás drogodependencias mantén dende o 2011 unha minora- ción de máis do 56 %. E hai un recorte que é moi importante e que xa o trasladamos na Comisión 3ª, onde compareceu o conselleiro de Sanidade. De verdade, e non por facer demagogia, é que nos parece relevante que dende o 2014 é un recorte máis pequeno, é certo un

3 %, pero é o Programa de prevención das drogas dedicado ás corporacións locais. É precisamente o programa que se dedica á prevención do botellón e do consumo de alcohol en menores, a esa colaboración cos concellos a nivel local.

Polo tanto, hai que reflexionar se 700.000 euros son necesarios, non pola contía en si, senón polo que se fai con eses cartos, e a ausencia de medidas reais en materia de prevención e promoción da saúde nese sentido e a ausencia de medidas educativas que se introduzan dende antes de que os nenos e nenas inicien ese consumo de alcohol, que en Galicia está máis ou menos datado nos 14 anos. Porque a prevención hai que facela antes, e hai que comezar a traballar con eles cando son pequenos.

Entendemos, polo tanto, que derivar as responsabilidades nos concellos non é aceptable, e o resto parécenos ben. Cremos, ademais, que ten que facerse —dado que é un problema serio— sen demagogia e tendo en conta os profesionais que poden aportar nesta materia, pero tamén precisamente os colectivos de mozos e mozas —tamén polo que dicía a voceira do BNG—, que en moitas ocasións non se está a escoitar realmente cales son as opinións sobre este tema dos maiores afectados e afectadas.

Polo tanto, nese sentido plantexamos a emenda, pero imos apoiar igualmente a proposición non de lei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Quero empezar, señor Torrado, dicindo que inevitablemente neste asunto temos que coincidir en moitas cousas. Evidentemente, o problema do consumo de alcohol na poboación é un grave problema social, problema de saúde que lles preocupa tremendamente aos profesionais sanitarios, en especial aos médicos de atención primaria. Eu podíalle contar moitas tristes realidades, pois eu vin morrer unha rapaza de 28 anos, que era nai, por unha cirrose por alcohol, e iso é moi duro.

Entón, está claro que o abuso do alcohol non é un problema exclusivo dos menores, nin de mozos ou mozas, pero si ten consecuencias para o seu desenvolvemento futuro moi superiores ás dos adultos —e vostede sábeo ben— a nivel de saúde, de estudos, de comportamentos, con consecuencias visibles e negativas para a súa saúde física, psíquica e social.

E como tal problema específico, a min ou outro día no pleno anterior preocupoume que vos tede se dedicara máis ao alcohol en adultos que ao alcohol en menores. Ese consumo de menores debe de ter unha importancia propia, cando neste mesmo mes, en Madrid, se debateu

unha moción do Grupo do PNV, na que se pedía que se presentara un proxecto de lei co obxectivo –e dígo textualmente– «de paliar o preocupante aumento do consumo de alcohol en menores». Deste proxecto de lei foi aprobada a súa tramitación por unanimidade, a excepción do grupo catalán, máis preocupado das súas competencias que de realmente do problema do alcohol. O consumo de menores, entón, ten unha entidade suficiente e propia para que mereza unha lei e para que mereza unhas medidas diferenciadas.

A diferenza do consumo de alcohol con outras substancias é clara, e a tolerancia social é clara: o alcohol a doses normais ou moderadas é un produto que non é tóxico, cuestión que non teñen o tabaco ou outras drogas. E, desde logo, temos un problema: é que o botellón se percibe entre a mocidade como inocuo para a súa saúde. E iso é falso. Eu, desde logo, como médico e como pai sempre opinei que hai que implementar medidas para erradicar esa práctica. E da mesma opinión son distintas sociedades profesionais e asociacións científicas. Hai unha semana pronunciouse a Sociedade Española de Medicina Familiar e Comunitaria, cuxo voceiro dicía textualmente: «Diante da ineficacia das medidas adoptadas ata o de agora, é imperativo implantar as medidas propostas polos ministros europeos, que foron apoiadas pola Comisión Europea, e o Plan nacional sobre drogas, que implicaría a prohibición do consumo de alcohol nas rúas, limitar a publicidade de calquera bebida alcohólica, realizar un control sobre os puntos de acceso e os horarios de venda e subir os impostos». Subir os impostos implica aumentar o prezo, e aumentar o prezo implica baixar o consumo.

Iso non é, desde logo, criminalizar a mocidade, nin moito menos, en todo caso, é pelexar contra modos de comportamento moi prexudiciais para a súa saúde, a convivencia e as futuras actitudes cara ao alcohol dos nosos mozos e mozas. É grave e mediaticamente importante que morra unha nena, como a de Madrid, por unha intoxicación etílica aguda, pero tamén son moi graves as consecuencias demostradas cientificamente que ten no futuro o abuso do alcohol en días illados. Iso está demostrado cientificamente. Un menor que consume ten moitas máis posibilidades de ser un adulto que consome, como todos sabemos que un neno cuxos pais fumen é máis fácil que fume.

Por eses factores, señor Torrado, o consumo de alcohol en menores eu creo que é un problema específico, distinto incluso do problema dos adultos —que é moi grave tamén— e é un problema moi importante. Os ámbitos de actuación, todos, son importantes, o familiar, o educativo, o sanitario, o comunitario, o publicitario, o das administracións públicas, pero eu quero incidir no familiar. Se os pais consenten, os pais provocan e os pais axudan, non temos nada que facer. Entón, o que dixó onte a señora ministra foi que había que implementar multas para os pais —que esa parte non a escoitei— dos menores que acoden a un botellón ou que chegan a un hospital nesas condicións.

Desde logo, a prevención, as medidas e os ámbitos figuran exactamente igual na lei galega que no borrador de lei extremeña —gobierno do Partido Socialista— ou que na lei vasca, de adiccións.

A prohibición do botellón nalgunhas cidades e as sancións económicas —ás veces substituídas tamén por cursos de sensibilización ou por traballo social— foron suficientes nalgún caso para erradicar o botellón. Pasou aquí en Santiago. En Santiago, entre o ano 2011 e o ano

2015, cumpríronse as ordenanzas que estaban aprobadas polo Goberno anterior e desapareceu o botellón.

Presentamos unha emenda que vostede coñece, cun texto alternativo, que modifica e complementa nalgún punto o seu texto. Aceptamos na súa integridade o punto 3 e rexeitamos o punto 2, da negociación coa Fegamp, porque sabe vostede que hai unha proposta de elaborar unha nova lei e pensamos que esas modificacións deben ir na lei. Desde logo, as competencias municipais na lei estremeña e na lei vasca son similares por completo ás galegas.

No punto primeiro, retiramos o prazo que vostede pon do primeiro semestre pola mesma razón: se se vai aprobar unha lei, cremos que a lei galega debería ir acompañada coa futura lei tamén que se queira aprobar a nivel de Congreso, para todo o Estado.

E, de calquera maneira, pensamos que non habería inconveniente no compromiso de crear un grupo de traballo coas institucións e expertos sinalados no texto, do que eliminamos «sociais e xuvenís» porque pensamos que é pouco concreto e que ademais reduce a posibilidade de incluír outros grupos.

E, con respecto ao último punto, eliminamos a derradeira frase para evitar tamén o reduccionismo da mesma.

Desde logo, a modificación e actualización desta lei foi no programa do Partido Popular, e o Grupo Popular vai instar o Goberno para que se modifique esa lei. Creemos nós que esa modificación debe incluír a regulación do consumo na vía pública, a restrición efectiva do acceso de menores de idade a bebidas alcohólicas e...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...a desnormalización da tolerancia ao consumo, como explicou o conselleiro en resposta á súa interpelación.

Esperamos que acepten o texto da nosa emenda para avanzar todos xuntos nas medidas que nos leven a corrixir este importante problema de saúde na nosa poboación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo Parlamentario autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas, señor presidente.

De verdade, sinceramente, hoxe non esperaba que fose un debate de competencias doutras autonomías —faltoulle mencionar a Andalucía, que é un hábito— e, dende logo, non esperaba que me reprocharan que eu non lle dou importancia ao consumo de alcohol en menores. Se é a segunda vez que debatemos aquí é porque a iniciativa a trouxen eu, por dicilo así un

pouco... Claro que lle dou importancia e claro que é un problema cunha importancia específica, evidentemente. Pero hai que afrontala dunha maneira integral, iso é o que eu digo. O que nós defendemos é que é un problema específico en menores máis relevante que no caso dos maiores, pero é que o caso de consumo de menores vén moi influenciado polo consumo dos maiores. Polo tanto, é importante falar diso. Novamente, imos ás causas, non ás consecuencias.

En Santiago non desapareceu o botellón —que, por certo, insisto, é unha consecuencia—; en Santiago non desapareceu o botellón, pódese trasladar de lugar, e pódese seguir facendo en vivendas, porque nas vivendas de universitarios tamén entran menores de idade. Non desapareceu. Polo tanto, o problema está aí. Ademais, se desaparecera —e os datos din que seguen consumindo os menores—, é que teríamos resolto un problema de orde pública —perdón pola expresión, a min tampouco me gusta—, pero non desapareceu o problema do consumo, así que, entón, o que temos é un problema de consumo. Claro que é importante; outras drogas, por certo, si teñen un consumo prolongado, durante máis tempo. Señor Núñez, é médico, sábeo perfectamente, e ademais sei que ten conciencia diso.

E, ademais, gustoume a cita que mencionou sobre os acordos europeos ao respecto. Collín a primeira parte: «Diante da ineficacia das medidas adoptadas ata o de agora...» Pois estamos de acordo, as medidas adoptadas ata o de agora eran ineficaces. Sempre encontramos puntos de acordo.

En todo caso, e por ser sucinto, o que propoñen as emendas do Partido Popular —porque eu creo que a emenda de En Marea e a do BNG son perfectamente asumibles— son tres cousas: primeira, retirada dos compromisos de prazos. Un compromiso sen prazo non é compromiso. Si, imos reformar a lei, bueno, pois refórmena, pero polos menos imos facer un compromiso. A realidade, ademais, non permite demoras, e o que nós nos propoñemos é un plan de acción en seis meses, que dá tempo, e é posible facelo. Polo tanto, o da retirada dos compromisos de prazos é difícil de asumir.

Segundo: retirada dos compromisos de recursos. ¡Ah!, chegamos á cuestión. Claro, se nós queremos negociar, acordar e debater coa Fegamp sobre as competencias que teñen os concellos, hai que darlles recursos. Por certo, máis dos que teñen, porque non se lles pode pasar unha obriga e non darlles recursos.

Terceiro —que o poñen ao final e non o dicían—: aplaudir a consellería e dicir: «...segundo está facendo a Consellería de Sanidade». Esta non é unha iniciativa campanario. Eu non son —ata onde eu sei— deputado do Partido Popular, non traio aquí iniciativas para aplaudir o que fan as consellerías. Eu respecto o que poidan traer para adiantar, facer... Vostedes xa teñen o altavoz mediático necesario, vostedes xa teñen a potencia mediática necesaria, non nos pidan a nós que fagamos unha iniciativa que acabe dicindo: «...tal e como está a facer a consellería», porque, claro, ata onde eu sabía, eu son deputado do Partido Socialista e estamos debatendo isto porque o trouxemos nós. Non nos pidan que aprobemos unha iniciativa que diga: «...tal e como está facendo a consellería». Non vimos aquí aplaudir, vimos construír. Se estamos de acordo na esencia da lei, aprobémola, porque o que están propoñendo coas emendas é: sen compromisos de prazos e sen compromisos de recursos; é dicir, que o

que está facendo o Goberno está ben. Se eu aprobara iso, o que tería que preguntarme despois é: entón, ¿para que trouxen esta iniciativa aquí?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa pobreza enerxética

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto:

«O Parlamento de Galiza solicita do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, efectivamente, o Grupo Socialista trae aquí unha moción froito da interpelación que fixemos hai quince días ao Goberno.

Alguén que lea a intervención do señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria, dáse conta de que a estratexia é unha estratexia extremadamente digamos que pouco ambiciosa, por dicilo dalgunha maneira, en relación cun tema moi grave, cun tema que está na axenda política a nivel galego, a nivel municipal e a nivel do Goberno de España, e ao que, desde logo, nós entendemos que é necesario darlle un impulso político relevante. E iso é o que reflicte en maior ou menor medida ou con máis ou menos éxito a moción que presentamos.

Eu recomendaríalle —seguro que o conselleiro o leu e seguro que o voceiro responsable tamén— ao conxunto dos deputados que lle botaran un ollo ao estudo sobre salarios que publicou o Instituto Galego de Estatística o día 22 de decembro, o día da lotería, porque eu creo que é unha perfecta radiografía do que estamos falando aquí ou, polo menos, da metade do que estamos falando aquí, que é da pobreza.

Eu sigo traendo páxinas de periódicos de actualidade. Son as tres do día de hoxe, non son editor de ningún dos tres periódicos que cito, e leo un deles: «Galicia é unha das rexións españolas con menos peso en protección social, concretamente case un 20 % menos que a media do Estado». Logo: «Máis do 50 % dos pensionistas españois viven con menos do salario mínimo». Se temos en conta, ademais, que os pensionistas galegos teñen a segunda pensión máis baixa de España e temos en conta, ademais, que temos a segunda comunidade máis envellecida e, polo tanto, cun maior número de pensionistas, eu creo que a regra de tres ou de catro é bastante fácil, en relación coa pobreza.

E logo hai outro que me resulta especialmente relevante, porque este —e recoñezo que teño certa predilección polas afirmacións categóricas do presidente da Xunta en sede parlamentaria— ten que ver coa perda de potencia laboral na poboación nova: «No ano 2007 tiñan emprego 498.800 menores de 35 anos» —a verdade é que é cuestión de ir ao IGE; agradezo moito a síntese do periodista pertinente, pero todos poderíamos levar o traballo de velo—, «hoxe, só 257.000; é dicir, a metade». Bueno, pois, entón, ou non aumenta o emprego ou, se aumenta o emprego, emigran, ou ben na política sociolaboral galega hai unha cuarta dimensión que a este deputado, desde logo, lle escapa. E, como non creo nas cuartas dimensións, que son bastante cartesiano, dáme a sensación de que cando aquí se di que emigraba máis xente no ano 2007 —máis xente nova— que no ano 2013, 2014, 2015 e 2016, pura e simplemente estase faltando á verdade.

E aquí este tipo de compoñentes cuantitativas e cualitativas son as que conforman unha realidade socioeconómica desta comunidade autónoma que os socialistas, o Grupo Socialista, vén denunciando como dramática, como difícil.

Efectivamente, a pobreza enerxética non é nada máis que unha faciana máis dunha pobreza global. Por suposto, eu non discuto en absoluto nin intento minusvalorar o esforzo que o Goberno galego está facendo, o que digo é que no caso concreto da pobreza enerxética se actuou tarde, dunha forma pouco coordinada, e, en opinión do Grupo Socialista, actuou un axente político, que é a Consellería de Economía, Industria e Emprego, que non debería de ser o que tería que actuar, porque nós entendemos que a pobreza enerxética forma parte da pobreza, forma parte das necesidades físicas e materiais dun volume, lamentablemente, moi alto de cidadáns, e podemos entender esa estratexia en función das medallas pertinentes para cada conselleiro, pero, desde logo, non en función dos intereses colectivos do conxunto dos cidadáns. E todo isto, ademais, nese contexto de absoluta loita macroeconómica fronte ao déficit; unha loita, na nosa opinión, concentrada cronoloxicamente dunha maneira irresponsable nun contexto de crise económica, mesmo non só de crise, senón de recesión, con taxas de paro verdadeiramente insoportables, por non entrar nos datos salariais, que iso sería a puntilla, por dicilo dalgunha maneira. É dicir, non só hai moita xente que non traballa, senón que mesmo os que traballan teñen dificultades importantes no nivel de ingresos. E isto, evidentemente, o que acaba supoñendo é, sen ningunha dúbida, esa desigualdade, acaba supoñendo a existencia dunha realidade social que os cidadáns galegos perciben pero que os políticos galegos non acaban de percibir.

Cando o señor conselleiro di aquí que se concederon 4.000 axudas no ticket eléctrico, está moi ben. Está ben que se concedan 4.000 axudas, pero eu quero recordar que hai 37.000 fo-

gares sen ningún ingreso; insisto, sen ningún ingreso. Non con ingresos por debaixo dunha determinada media do salario mínimo, da renda media, non, non estamos falando dos niveis de pobreza que habitualmente, en termos estatísticos, tanto o Estado español como a Unión Europea aceptan, senón que estamos falando de fogares sen ningún ingreso. Señoras e señores deputados, 37.000 fogares é aproximadamente a poboación do concello de Ourense; é dicir, máis de 100.000 persoas. Entón, falar de 4.000 e levar tres anos falando de 4.000, pois eu creo que é o recoñecemento dun fracaso.

Eu, hai quince días, daba outro dato que é absolutamente arrepiante en relación con ese esforzo do Goberno galego, que é a poboación que vive en infravivendas, que practicamente son 10.000 infravivendas. É dicir, que estamos falando que nin sequera o esforzo dunha Comunidade Autónoma que se loa de cumprir o déficit público, máis que cumprilo, eu quero recordar que no ano 2015, fronte a un 0,7 que tiña de déficit, quedamos nun 0,53, e acabamos de aprobar un teito de gasto cun escenario dun 0,5, cando o propio Goberno de España autoriza un 0,6. Isto significa que as axudas para a pobreza enerxética non cobren nin a metade das infravivendas que existen nesta comunidade autónoma. Insisto: eu creo que convén que reflexionemos sobre o que significan as medallas da boa xestión macroeconómica e o que significa a realidade social, económica e laboral do país no que vivimos, e, desde logo, para o Goberno galego, do país que governe.

Eu quero agradecer, por certo, a presenza do conselleiro de Política Social, porque son dos que creo, máis alá de non entrar en loitas-guerras civilistas intragoberno galego, que forma parte dese paquete de medidas contra a pobreza enerxética.

E neste tema, efectivamente, o Partido Popular, durante moito tempo a nivel de Galicia, actuou tarde, actuou con receos, votou en contra de moitas iniciativas dos socialistas e doutros grupos da oposición na anterior lexislatura, e tardou en implementar esta medida do ticket eléctrico. Non imos entrar na cuestión electrónica.

Por certo, aínda o outro día, outra vez, nunha nota de prensa do Goberno galego posterior a un Consello da Xunta, na que se puñan as medallas do ticket eléctrico, falaban como un elemento moi positivo da tramitación telemática. De verdade, eu non sei en que país viven os deputados do Partido Popular, en que país vive o Goberno. De verdade, ¿cren que unha muller viúva, semianalfabeta, que vive soa nunha aldea illada do concello de San Xoán de Río —e sei de que falo—, ten a máis mínima probabilidade de tramitar por vía telemática algo? Non, porque nesa aldea —na que eu teño unha casiña— non hai cobertura de móbil, non a hai; é así de simple. Nin boa, nin mala, nin medio pensionista; non a hai. Entón, por favor, non nos falen da tramitación telemática.

Está moi ben o peso político de Amtega, move un orzamento brutal, pero a realidade deste país é outra, é algo máis que a Industria 4.0. Creo que deberíamos de integralo no circuito neuronal. Non é moi difícil, é cuestión de coller o coche e, en fin, facer algúns quilómetros fóra da AP-9. Eu creo que é así de sinxelo.

Bueno, pois este tema, que Galicia arrastraba con dificultades, apareceu na axenda política estatal. Por certo, apareceu, e vouno dicir —sei que vai levantar un clamor de admiración

nas bancadas populares pero teño que dicilo —, despois da entrevista do actual ministro de Enerxía —que é verdade que, polo menos aparentemente, parece que hai un cambio cualitativo fronte ao anterior; vese que vai menos ao Caribe e ten máis tempo para isto da enerxía— co presidente da Federación Española de Municipios e Provincias. E, efectivamente, hai un acordo no Goberno de España, que a nós nos parece que está ben en relación coa Lei de ordenación eléctrica do sistema eléctrico español. Pero nós queremos ir máis alá, porque estamos falando de solucionar nas competencias autonómicas e, por certo, nas municipais, e os socialistas levarémolo aos concellos que haxa que levalo, para que os concellos tamén, na medida en que teñen competencias e teñen financiamento, actúen. E temos un acordo, efectivamente, a nivel do Goberno de España e a min gustaríame que nese acordo estiveran todos os grupos políticos do Parlamento español...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...pero estamos no Parlamento galego. E quero sinalar a aposta e o esforzo do Partido Socialista para que este tema, por fin, entre en algo tan sinxelo como é unha dinámica racional de que a enerxía é un elemento central do que é o concepto de subministracións básicas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...como poden ser —remato, señor presidente— a educación, a sanidade ou a alimentación.

Isto que nos parece a todos tan evidente —e estou seguro de que aos setenta e cinco deputados—, lamentablemente cando se vota durante moitos anos ou durante bastantes anos, a unha parte deste Parlamento non llo pareceu. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día.

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por riba de todos os matices que temos, e que xa teñen constatado nesta Cámara, co Partido Socialista a respecto desta cuestión, consideramos que, en xeral, a moción merece unha valoración positiva en canto que promove medidas de carácter social que teñen como destinatarias as persoas máis prexudicadas, precisamente polas consecuencias da crise económica e do incremento do empobrecemento, e porque entendemos, e xa temos defendido nesta Cámara propostas similares, que para nós a pobreza enerxética é un problema non só real senón que é crecente e que é cada vez máis na nosa sociedade, pois cada vez hai máis persoas, familias e fogares enteiros que non son quen de pagar as facturas de subministracións básicas, como a eléctrica, a de gas ou a de auga, nomeadamente nos meses de inverno, onde o seu consumo é absolutamente imprescindible dadas as nosas condicións climatolóxicas.

Abonda ver os datos —o señor Losada deu algúns— e se, por exemplo, volvemos ao IGE e comparamos segundo a enquisa estrutural fogares —que tamén estes datos hai que collelos con pinzas, por como son as declaracións que tenden a ser menores do que agocha despois a realidade—, as persoas que non poden permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada aumentaron entre o 2011 e o 2014, só neses anos, en 100.000 persoas, e chegan a máis de 564.000 persoas no noso país que non teñen capacidade para manter o seu fogar nos meses de inverno a unha temperatura axeitada. Isto é absolutamente dramático e demostra que todas as medidas que se puxeron son simples parches que non mudaron a realidade, porque esa realidade foi a máis. Esta é unha situación que desde o BNG xulgamos grave e que require unha resposta política clara: asumir que o feito ata agora non foi suficiente e ser valentes en probar outras cuestións.

Dicía antes que a proposta concorda nalgúns cuestións con algo que xa temos defendido desde o BNG nesta mesma Cámara, como aquelas propostas encamiñadas a que sexan as administracións as que asuman dalgún xeito a débeda coa empresa subministradora. Desde o BNG temos proposto, tamén nesta Cámara, obrigas as empresas subministradoras a non cortar a enerxía por impago diante da situación de pobreza enerxética nos meses de inverno ou a que se habiliten mecanismos máis ambiciosos de compensación e de cubrir desde a Administración autonómica aquelas necesidades que poidan ter estas familias.

Nós entendemos que os parlamentos temos a obriga de legislar para o ben dos veciños e veciñas e entendemos importante que este debate estea na palestra pública sen pretender nós asumir o patrimonio del. Cremos que iso non é o relevante senón que se chegue a solucións concretas. Non confiamos demasiado en que grandes resolucións se poidan acordar a nivel estatal, por iso nós apostamos por unha estratexia galega que sexa valente, que sexa concisa, que sexa definitoria e que vaia permitindo que vaíamos avanzando, como avanzaron noutras latitudes. Cabe recordar, por exemplo, o caso dos Países Cataláns, cunha vangardista Lei catalá de emerxencia social, que despois o Tribunal Constitucional decidiu tombar por unha puxa de competencias, lastrando unha situación que agardamos que non pase co noso país e demostrando que o marco constitucional supón un corsé abondo limitado, que mesmo impide pola vía dos feitos impulsar medidas sociais e políticas sociais avanzadas como nos gustaría ao Grupo do BNG. Ademais, agardamos que nos próximos meses teñamos a obriga de desenvolver e de concretar o texto legal que dea saída a esa ILP que se aprobou a respecto da pobreza enerxética e da emerxencia social, e nós agardamos que sexa verdadeiramente ambiciosa, que non sexan simples tapóns e que fagan parte desa estratexia galega propia.

Vou rematando a miña intervención dicindo que para nós este debate non pode darse illado doutros dous: un é todas esas condicións materiais, de vida, sociais e económicas que temos no noso país, das que falamos na primeira moción que debatemos e das que o señor Losada aduciu algunhas cuestións; e outra pata, que nós entendemos fundamental no debate da pobreza enerxética —e que desde Galiza non se pode esquecer—, é que non podemos desvincular o debate da pobreza enerxética no noso país dunha necesaria denuncia do sistema eléctrico español, tanto por tratarse dun oligopolio e dun funcionamento nada transparente como por ser, desde o punto de vista territorial, algo deseñado absolutamente ás costas de Galiza e que impide, por exemplo, que poidamos defender e elaborar algo que xa temos plantexado desde o Grupo do BNG como unha tarifa eléctrica galega propia. Non se pode entender

que nun país que é absolutamente excedentario en canto á produción, iso non teña ningún tipo de retorno para a poboación galega e non sexa un elemento de garantía e de protección social para que neste país non haxa xente que non poida ter luz na súa casa ou que non poida estar protexida das baixas temperaturas nos meses de inverno. É absolutamente incomprendible.

Por iso, lamentamos e supoñemos que o Partido Socialista, novamente, non aceptará a nosa emenda. Con todo, nós votaremos a favor desta moción porque entendemos que de aprobarse é un pequeno paso adiante e que nesta cuestión debemos apostar por ir traballando nestes consensos, aínda que nos gustaría no futuro que precisamente o Partido Socialista —que falaba antes de valentía— se incorporase tamén a esta proposta.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Dende En Marea, por suposto, imos apoiar esta iniciativa porque entendemos que se deben implementar xa, con urxencia, medidas efectivas contra os cortes de subministracións básicas e entendemos que esta iniciativa, pese aoa matices que poidamos ter, vai nese sentido. Actuar xa implica tamén dotar orzamentariamente programas específicos e, sobre todo, nós entendiamos que implicaría tamén aceptar a nosa emenda orzamentaria, que propón aumentar o teito de gasto para implementar en Galicia un verdadeiro salario social que evitaría precisamente ter estas carencias materiais que impiden pagar a enerxía.

Defendemos tamén un marco lexislativo sobre a pobreza enerxética que non se limite ao Estado senón que sexa aquí a Comunidade Autónoma —na medida en que temos as competencias de política social— quen desenvolva regulamentariamente un marco para evitar estes cortes de subministracións básicas.

É de rigor lembrar aquí —xa o fixo o Grupo do BNG— que o Tribunal Constitucional anulou o decreto-lei catalán que prohibía estes cortes de luz por impago, consideraba unha cuestión formal que invadía competencias. E aí vemos como o Estado actúa ben rápido cando se legisla a favor da sociedade máis vulnerable, cando se fai en contra das grandes empresas eléctricas, que —lembremos— nos últimos dez anos aumentaron os prezos un 76 %. É dicir, aí o Estado actúa rápido. Iso si, esta anulación non se fixo por unanimidade, porque nos votos particulares se defendeu que as comunidades autónomas si tiñan competencias na materia por tratarse de medidas con trasfondo social e resaltaron que «a existencia desta pobreza enerxética é incompatible» —cito textualmente— «cun ordenamento xurídico que se define como social e democrático».

Queremos aquí resaltar que o acceso á enerxía é un dereito cidadán; este debate debe estar enriba da mesa. Así, neste desenvolvemento que dicimos, normativo a nivel galego, sobre a pobreza enerxética, nós defendemos tamén o necesario investimento na modernización dos

sistemas enerxéticos das vivendas e a necesaria implicación das eléctricas na renovación destas instalacións obsoletas. Lembremos que en Galiza esta situación provoca mortes. Todos os invernos vemos situacións de vivendas ou infravivendas queimadas —xa o sinalou tamén o grupo promotor desta iniciativa— e que mesmo este ano provocou unha vítima mortal en Ourense. É urxente, pois, actuar nesta modernización das instalacións e acordar coas empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade a revisión e reparación gratuíta das instalacións de vivendas pertencentes a persoas en situación de pobreza enerxética.

Sinalar aquí que é certo que non lle fixemos ningunha emenda máis, porque entendemos que este é un debate de máis fondo calado que seguiremos dando nese desenvolvemento normativo tamén desa ILP da CIG, que tamén foi aquí mencionada, que non se axilizou a súa tramitación, pois non chegou no Parlamento a tomarse en consideración ata o 26 de xaneiro de 2016. Foi tomada en consideración por unanimidade e agardamos que esa unanimidade se traduza nun desenvolvemento normativo a nivel galego que —repetimos— nós entendemos que debe incluír esta modernización dos sistemas enerxéticos. Porque, ademais, isto está amparado por directivas europeas e establecen que «os estados membros poderán impor ás empresas eléctricas, en aras do interese económico xeral, obrigas de servizo público que poderán referirse á seguridade, incluída a seguridade da subministración, a regularidade, a calidade e o prezo das subministracións, así como a protección do medio ambiente, incluída a eficiencia enerxética e a protección do clima». Entendemos que isto está perfectamente amparado.

Tamén queremos facer referencia a que na pobreza enerxética o primeiro que nos vén á cabeza é pasar frío no inverno —é ben duro iso—, mais tamén a pobreza enerxética non pode afastarse desa situación de non ter auga para poder asearse convenientemente e nin sequera de ter unha enerxía eléctrica que permita quentar a comida de xeito efectivo.

Estanse a dar casos, en comedores sociais, nos que a xente pide que non se lles dea unha comida que requira un gran gasto enerxético porque non ten con que pagar para quentar esa comida. Hai que relacionar aquí tamén pobreza enerxética e saúde. Unhas cifras: estímase que en 2014, no Estado, se produciron unhas sete mil mortes prematuras relacionadas coa pobreza enerxética. É un tema, polo tanto, que abrangue a industria, a política social, a sanidade...

Nós votaremos a favor desta iniciativa e —repetimos— a nosa posición é si a estas medidas para actuar xa.

Concordamos co fondo social para atender estas necesidades pero —repetimos— nós nun desenvolvemento normativo defenderíamos que foran tamén as eléctricas as que asumiran impagos —tamén está amparado por directivas europeas—, e tamén concordamos especialmente con esa iniciativa de eliminar burocracia neste tipo de axudas. Penso que xa o dixo o señor Losada, pois é un obstáculo, moitas veces, a burocracia e a necesidade de acceder telematicamente a cuestións para poder resolver esta situación.

Polo tanto, voto a favor, con eses matices, mais voto a favor desta proposta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos.

A verdade, señor Losada, é que sorprende que, dentro do seu relato, vostede non falase do sistema eléctrico español. Supoño que non quixo falar porque vostede sabe que a herdanza que deixou o seu Goberno, o socialista, foi un déficit de tarifa de 24.000 millóns de euros —negado pero aí está—, e que, ¡home!, durante o último mandato do socialismo en España o recibo da luz subiu entre o 2007 e o 2011 un 63 % de custo. Igual por iso as familias son un 63 % máis pobres e máis vulnerables fronte á cuestión eléctrica, ¿non lle parece?

É verdade que vostedes esa preocupación que amosan agora non a amosaban antes. Porque, ¿sabe vostede, mentres pasaba todo isto, que facían? Facían campañas como a de Miguel Sebastián na que che mandaban un papeliño destes á casa para que foras a Correos recoller unha bombilla; gastaron vostedes 62 millóns de euros en regalarlle unha bombilla a cada domicilio español. Esa é a gran preocupación pola vulnerabilidade eléctrica e pola pobreza eléctrica do seu partido.

Fala vostede de *guerracivilismo*, eu teño que dicirle que iso, efectivamente, existía nos gobernos do Bipartito. Aquí ninguén pelexa por facer as cousas; o Goberno traballa conxuntamente porque hai un Goberno único e un Goberno unido.

Como saben, a proposición que vimos hoxe debater aquí está superada pola realidade. É unha iniciativa que chega resesa. Señor Losada, vostede sábeo, sábeo todo o Grupo Socialista, e, a pesar de todo, tiveron ocasión de retirala da orde do día e non o fixeron, pero é unha iniciativa superada.

A pasada semana un grande acordo parlamentario permitiu a reforma da Lei do sector eléctrico para impedir que se produzan cortes de subministración ás familias que se encontren en situación de vulnerabilidade. Vostede tróuxonos tres periódicos, eu tráiolle o BOE; o BOE deste sábado 24, porque isto aprobouno o Goberno no Consello de Ministros do venres 23 despois dun acordo co seu propio partido. Aquí está: un real decreto que permite todo isto. Se non me fai caso a min, fágalle caso a outro Abel, a Abel Caballero. Mire, «O alcalde de Vigo e presidente da FEMP, Abel Caballero, celebrou a postura e o talante negociador do ministro Álvaro Nadal», co que entendemos que o señor Losada non se atreverá a criticar este acordo que xa recolle boa parte das súas peticións. Aquí está, este señor é Abel Caballero —outro Abel— que di que «*La FEMP se felicita por el entendimiento con Nadal para evitar la pobreza energética*». ¿Vostedes onde están?, ¿onde estaban?, ¿onde están? Co Partido Socialista non, vese que vostedes deben ser unha illa dentro do socialismo galaico e vostedes están noutras cousas.

Segundo o asinado, «non poderá suspenderse a subministración eléctrica aos consumidores que se atopen na citada situación ou que estean sendo atendidos polos servizos sociais das

administracións públicas competentes». A vostedes iso dálles igual. Mire, o sistema establece que cando unha comercializadora eléctrica recibe un impago, esta debe avisar ao usuario do impago e ofrecer catro meses de espera —antes eran dous, agora son catro— dende que se lles notifica antes de plantexarse o corte da subministración. Durante este tempo, a comercializadora está obrigada a poñerse en contacto cos servizos sociais da Comunidade Autónoma para que diagnostiquen a situación de vulnerabilidade do consumidor. E, se é así, o bono social cofinanciará a atención ás necesidades destas persoas. Deste xeito, unha parte —como ata o de agora— pagarana as propias comunidades, os concellos, pero tamén as comercializadoras. Polo tanto, o que se dicía dende as mareas de Podemos, eu teño que dicir que non é verdade.

Este real decreto asinado vai encamiñado nunha dobre dirección: na primeira, a establecer un sistema ben definido de loita contra a pobreza enerxética e, na segunda, a mellorar as prácticas das comercializadoras. Esta é a realidade. Pero é que, ademais, señor Losada, o Goberno galego aprobou neste último Consello, o xoves —vese que eses periódicos non tivo ocasión de lelos—, unha batería de medidas que afondan neste mesmo espírito, como leva facendo nos últimos anos, coa implantación do ticket eléctrico: cinco mil axudas concedidas —agora esténdese tamén ao gas— e, polo tanto, aí están tamén esas axudas de emerxencia das que se beneficiaron un milleiro de familias.

Polo tanto, eu creo que non leu a prensa; o PSdG é algo distinto do Partido Socialista que asinou este acordo co Goberno de España. Vostede volve traer unha iniciativa que está superada polos feitos. E aos señores das mareas, o que teño que dicirlles é que cando nos sentamos a negociar Partido Socialista e Partido Popular, vostedes mandaron cero propostas para mellorar o ticket eléctrico; cero propostas. É verdade que estaban moi ocupados en Madrid en facer ese escrache en Twitter ao señor Errejón e que aquí estaban pelexando a ver se apoiaban a Villares e se non estaban do lado de Xulio Ferreiro —estaban nesas cousas—, coa xente do común, cos despachos, cos choferes, coas secretarías...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...pero coas familias vulnerables, diso nada.

Mire, ¿sabe a que se dedican vostedes? Non foron capaces de adxudicar un comedor escolar en Santiago; prometeron unha renda básica universal na Coruña, que nin é renda básica nin é universal: un único beneficiario. Nós levamos poñendo en marcha unha renda de integración social de Galicia dende os primeiros anos noventa, Goberno Fraga, ¿sabe? No ano 2009 —aínda gobernaban vostedes—, 22 millóns de euros dedicados á renda de integración social de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Ano 2017, 57 millóns de euros.

Mire, este Parlamento divídese en dúas partes: os que fan e os que falan, e o Partido Socialista nin fai nin fala...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...porque nin sequera sabe o que defende en Madrid.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

(*Un señor deputado: ¡Bravo! ¡Bravo!*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señor Tellado, a verdade é que está ben. Si, a nota de prensa do último Consello da Xunta xa lle digo que a lin. É máis: lina, imprimina e tomeime a molestia de resaltar algunhas cuestións moi relevantes. Por exemplo, que nos últimos tres anos se concederon de ticket eléctrico social un total de 4.955 axudas. Insisto: ou mentiu vostede, señor conselleiro, —perdón— ou faltou á verdade, ou os periodistas tiveron un erro. E, iso si, as axudas para evitar custos de subministración de luz superaron as mil familias beneficiarias.

Señor Tellado, o Goberno de España, efectivamente, despois desa entrevista —da que eu falei xa, creo— entre o presidente da Federación Española de Municipios e Provincias e alcalde de Vigo, o señor Abel Caballero, que a verdade é que me sorprende a súa variabilidade emocional, está moi ben, é un indicador que non ten nada que ver cunha cuestión...

O señor PRESIDENTE: Non, non, siga, siga.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...ben, ben, é que como é tan sensible con eses temas...

O señor PRESIDENTE: Non, pero non, iso non me preocupa.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vale, vale, ben. Despois desa entrevista, efectivamente, abriuse unha vía de acordo que afecta exclusivamente o Goberno de España, e estamos no Parlamento de Galicia. E nesta moción solicítase á Xunta que faga determinadas cousas e solicítaselle ao Goberno de España que faga algo que nestes catorce días, efectivamente, xa fixo. Eu non teño ningún problema en retirar o punto último da moción e cambialo polo que se pactou entre o Partido Popular e o Partido Socialista en Madrid, ¡só faltaría! Eu entendo que estea preocupado polos temas culinarios e o reseso das mocións; en todo caso, é a que firmou o Grupo Socialista e defendémola.

Vostedes aquí, desde o ano 2009 en que chegaron ao Goberno —que, por suposto, estaba sumido nunha crise dantesca que Emilio Pérez Touriño e José Luis Rodríguez Zapatero non percibían pero o Partido Popular si—, tardaron exactamente cinco anos en trasladar esa crise

aos orzamentos en relación coa pobreza enerxética. ¡Cinco anos, señor Tellado! E agora voulle dicir como o trasladaron en termos orzamentarios. Mire, trasladárono, primeiro, cun nivel de execución que deixou sen gastar entre o 2009 e o 2015, no programa correspondente, 45 millóns de euros. Se ten datos mellores vostede, pois eu... Señor conselleiro, son os datos de execución orzamentaria que proporciona a Xunta de Galicia; se están mal, por favor, dígalle ao señor conselleiro de Facenda que os revise. Eu son os que teño e creo que son obrigacións de créditos. Bueno, sei que vostede sempre o cuestiona, non sei se aquí tamén hai plurianualidades como no Igape, pero, en todo caso, se están mal, ao señor conselleiro de Facenda.

E, mire, o que si temos son os orzamentos de 2016, nos que había en total para familias e empresas 2.600.000 euros e a poboación diana eran 7.000 axudas —insisto en que non estou inventando nada—. Eu comprendo que aquí o señor Tellado nunca ensina un papel —bueno, hoxe ensinou a foto de Abel Caballero, co cal, efectivamente, eu tiveron un auténtico subidón—... (*Murmurios.*) Pero, en principio, insisto: 2.600.000...

O señor PRESIDENTE: Remate xa. E sobre a emenda do Bloque.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...7.000 fogares de poboación diana. Para o ano 2017, en total: 1,2 millóns de euros. Eu non atopei máis, se vostede... O Goberno de España, si, está moi ben, está estupendo... Estou falando do Goberno galego porque estamos no Parlamento de Galicia, señor Tellado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Estamos no Parlamento de Galicia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada. Remate xa.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Eu non teño que ler o *BOE*. Estoulle dicindo que sei exactamente o que pon no *BOE*.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato agora mesmo.

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda. Fáleme da emenda do Bloque Nacionalista Galego.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato agora mesmo.

Este 1.200.000 euros para 13.000 persoas de poboación diana, é o que pon no informe do...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Sobre a emenda.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Logo o nivel de presión é significativo.

O señor PRESIDENTE: Non, non, é que mire o reloxo, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Teño a sensación de que...

O señor PRESIDENTE: O nivel de presión márcallo o reloxo, un minuto dezaeito pasado de tempo, señor Losada. Esa é a presión, non a miña, a do reloxo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: É o que ten o tempo...

O señor PRESIDENTE: Pois dígame sobre a emenda.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...que é implacable...

O señor PRESIDENTE: Iso é certo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non imos aceptar a emenda do BNG.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Hai unha iniciativa lexislativa popular...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...tramitándose neste Parlamento...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...e, polo tanto, parécenos que esta emenda...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...non afecta directamente, de maneira directa, o tema da pobreza enerxética. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Rematado este punto de mocións procedemos, polo tanto, ás votacións.

Comezamos votando a Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade salarial.

Xa manifestou a señora Vázquez Verao que acepta a emenda como engádega do Grupo Parlamentario Socialista e que acepta tamén a votación por puntos que é proposta polo Grupo Parlamentario Popular.

(A señora Vázquez Verao pronuncia palabras que non se perciben.) ¿Si?

Déanlle voz ao escano da señora Vázquez Verao, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, hai unha transacción para votar o punto 3. Aceptamos a votación por puntos. E no punto 3 quedaría unha transacción engadindo a emenda do Grupo Socialista e léoa na súa totalidade, sería: «Convocar por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais a patronal e os sindicatos máis representativos no seu ámbito territorial e sectorial, para promover que na negociación colectiva de ámbito galego se considere obxectivo acadar en 2020 a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres.»

Engadindo a seguir: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España unha lei de igualdade retributiva entre homes e mulleres que garanta, de forma real e efectiva, a retribución para o desempeño dun traballo de igual valor, removendo todos os obstáculos de acceso, formación, promoción e conciliación que o dificultan.»

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Entón podemos votar este punto e o resto dos puntos despois, se lle parece.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si.

O señor PRESIDENTE: Vale, perfecto.

Votamos, en primeiro lugar, polo tanto, o punto terceiro co texto que nos acaba de ler a señora Vázquez Verao.

Votación do texto transaccionado do punto 3 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade salarial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71; votos en contra, ningún; abstencións, ningunha.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 3 desta moción.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos o resto dos puntos da moción, en concreto os puntos número 1 e número 2.

Votamos.

¿Perdón?

A señora VÁZQUEZ VERAO: Solicitamos a votación dos puntos por separado.

O señor PRESIDENTE: Entón, votamos estes puntos por separado.

Votamos o punto 1.

Votación do punto 1 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade salarial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda polo tanto rexeitado este punto da moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto 2 da moción.

Votamos.

Votación do punto 2 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade salarial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 40; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda polo tanto rexeitado este punto da moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

Manifestou que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea, non así a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora, por último, a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez. Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa pobreza enerxética

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Procedemos agora a debater o punto terceiro da orde do día, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e doce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para a modernización da liña ferroviaria entre Lugo e Ourense, a través de Monforte de Lemos, e a conexión en alta velocidade de Lugo coa Meseta

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 788).

Emenda de adición:

No punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine o seguinte texto:

“..., retomando de inmediato as obras nos tramos de alta velocidade na provincia de Lugo paralizadas pola decisión do Ministerio, así como retomando tamén a redacción dos proxectos pendentes para completar a liña de alta velocidade a Lugo.”

Emenda de adición:

No punto 3 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte texto:

“..., recuperando a maiores os fondos non executados en exercicios anteriores.”

Emenda de adición:

Débese engadir un novo punto 3 bis, que terá o seguinte contido:

“3 bis. Anular a paralización do proxecto da estación intermodal de Lugo, e garantir que no ano 2018 estean construídas as necesarias estacións intermodais de Lugo e Ourense.”

(O G. P. de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, número 788 (10/PNP 000064).

Débense engadir tres puntos co seguinte texto:

“4.- A esixir ao Ministerio de Fomento o remate das obras da liña de Alta Velocidade de conexión coa meseta incluíndo o tramo da variante Taboadela-Ourense coas condicións de alta velocidade comprometidas no proxecto orixinal incluíndo ancho de vía, condicións de seguridade e trazado.

5.- A esixir ao Ministerio de Fomento a inclusión nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 de partidas orzamentarias suficientes para avanzar na redacción dos proxectos construtivos que deben de contar para esta anualidade os proxectos das variantes de Rubián (Bóveda), a dos Peares a de Monforte de Lemos e o remate definitivo da variante da Pobra de San Xiao no ano 2017.

6.- A esixir ao Ministerio de Fomento o compromiso do remate das obras das variantes de Rubián (Bóveda), dos Peares e de Monforte de Lemos para o ano 2020.”

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Na mañá do 1 de setembro de 1883 entraba na estación de Monforte o primeiro tren que completaba o percorrido entre Madrid e A Coruña. O rei Alfonso XII, que viaxaba no convoi, participaría na vila no acto inaugural da liña ferroviaria que definitivamente uniría Galicia con Madrid. No seu discurso referiuse á dotación de vías férreas á rexión galega, que entrañarían novos viveiros de riqueza ao comercio, á agricultura e á industria nacional. O acto poñía fin a un periplo de máis de vinte e cinco anos dende que o Congreso aprobara a construción do ferrocarril a Galicia despois dun proceso longo e cargado de insuperables dificultades.

Dende aquela estación de partida para o ferrocarril galego ata hoxe o tren ten sido portador de cambios importantes nas nosas vilas, un elemento de desenrolo imprescindible para Galicia, un dinamizador da nosa economía, do noso desenvolvemento, un medio que permite acurtar distancias e tempos, que enlaza culturas e aporta crecemento e modernidade.

Pero este percorrido, como a nosa orografía, ten tido altos e baixos, avances e melloras importantes, tamén agravios con outros territorios que dende hai anos disfrutan de mellores servizos que Galicia. Esta situación está a mudar nos últimos anos, a pesar das dificultades económicas dos tempos que atravesamos, e estase a producir un profundo proceso de renovación e modernización de liñas e servizos que se está a levar a cabo na nosa comunidade, mellorando a mobilidade e os servizos que se prestan aos miles de galegos que cada día optan por este medio de transporte.

Un bo exemplo é o eixo atlántico de alta velocidade. Pero será a finalización, señorías, da conexión de Galicia coa Meseta en alta velocidade o que verdadeiramente marcará un antes e un despois na nosa mobilidade, un fito á altura daquela conexión inicial de 1883.

Máis de cen anos despois estamos aquí, como os galegos doutrora, expectantes, ante unha conexión que en pouco máis de dúas horas nos permitirá chegar dende Ourense a Madrid, e confiados nas enormes posibilidades que a alta velocidade nos ofrecerá.

A pesar de que a decisión do actual Goberno de seguir adiante mesmo en tempos de crise como os que atravesamos nos últimos anos non contou coa consideración da oposición, na actualidade todo o traxecto de Madrid-Ourense, agás o acceso á cidade, está en obras ou en servizo e o Ministerio de Fomento ten manifestado o seu compromiso e a súa vontade de axilizar as obras.

É por iso, señorías, que hoxe traemos a esta sesión plenaria unha proposta que ten que ver co ferrocarril, ten que ver coa renovación e a modernización das liñas e dos servizos ferroviarios e ten que ver con Lugo.

É sabido que nos últimos anos se teñen producido melloras nos servizos ferroviarios da provincia, melloras que se teñen producido a instancias do Goberno do Partido Popular, como a ampliación das frecuencias do traxecto de Lugo-Madrid, que pasaron dun único tren nocturno a catro diarios e que ten producido un incremento de pasaxeiros do 21 % entre abril e setembro deste ano. Esas melloras tamén teñen producido un incremento de viaxeiros na media distancia no corredor da Coruña-Monforte ata o punto de ter que remontarnos ata o ano 2000 para atopar un número de viaxeiros anual superior aos 60.000, como acontece nos anos 2014 e 2015. A variante da Pobra de San Xiao, a piques de ser rematada, representará sen dúbida unha importante mellora ferroviaria que permitirá reducir tempos e ofrecer un mellor servizo aos usuarios.

Pero todo isto, señorías, non é suficiente para levarnos á vangarda das comunicacións ferroviarias, sobre todo cando a apertura ao tráfico do eixo atlántico ferroviario evidencia unha diferenza comparativa de servizos entre Lugo e o resto das capitais das provincias galegas que non se compensa coas melloras acometidas. Cinco anos despois da entrada en servizo do primeiro tren que uniu Ourense con Santiago e A Coruña a través do tendido de alta velocidade as cifras de usuarios non deixan de crecer ano a ano. Recentemente, Renfe daba conta de que os trens Avant que cobren esta liña rexistraron no último ano o maior incremento deste servizo en toda España.

Estes datos, por tanto, antesala do que representará a conexión en alta velocidade coa Meseta, fan prioritario impulsar e garantir unhas comunicacións ferroviarias de calidade para Lugo que garantan o equilibrio territorial entre a costa e o interior de Galicia, pero tamén de Lugo en relación co resto das capitais de provincia.

Señorías, a conexión de Galicia con Madrid en alta velocidade está ás portas. Cando, como aquel 1 de setembro de 1883, o primeiro tren en alta velocidade conecte Madrid con Ourense, Vigo, Santiago e A Coruña, Lugo non pode quedar illada e á marxe das vantaxes e os efectos loxísticos e económicos que a alta velocidade produce alí onde chega.

Esta proposta reivindica a modernización da liña Lugo-Monforte-Ourense para dotar os cidadáns de Lugo de mellores prestacións e servizos ferroviarios, de maneira que, conectados cos servizos de alta velocidade, os tempos de viaxe entre Lugo e Madrid se sitúen ao redor das tres horas.

Non hai que explicar a importancia que esta comunicación, que esta conexión terá para Lugo, para o conxunto da provincia. Os veciños de Lugo, do sur particularmente, sabemos ben o que o ferrocarril aporta, o que o ferrocarril leva. O nó ferroviario de Monforte trouxo prosperidade e desenrolo durante máis de cincuenta anos e, por tanto, nós sabemos ben a importancia de contar cunhas comunicacións por ferrocarril de vangarda.

Esta proposta, señorías, non é unha mera declaración de intencións. Dende que no Plan de infraestruturas 2000-2007 se plantexara a modernización da liña Lugo-Monforte-Ourense, cunha filosofía similar á da transformación do eixo ferroviario, foron moitos os avatares deste proxecto. Agora a proximidade da conexión en alta velocidade coa Meseta obriga a dar resposta e solución a unha provincia que noutro caso quedaría á marxe das vantaxes que a alta velocidade lle proporcionaría ao resto dos galegos.

Señorías, o Partido Popular é o principal impulsor da mellora das infraestruturas ferroviarias a Lugo e lidera a reivindicación ante o Ministerio de Fomento dunha liña do século XXI Lugo-Monforte-Ourense.

Son moitas as ocasións nas que o presidente da Xunta ten amosado o seu compromiso coa modernización desta liña que permita a conexión cos servizos da alta velocidade. O informe elaborado polo profesor don Miguel Rodríguez Bugarín, que entendemos que é unha autoridade en materia ferroviaria na nosa comunidade, a instancia do eixo atlántico, avala esta proposta.

Unha mellora da infraestrutura que eleve a velocidade de circulación nos tramos máis lentos mediante variantes ou rectificacións do trazado que non só permita que Lugo se sitúe con respecto a Madrid en tempos semellantes a Vigo ou á Coruña, senón que permita tamén a prestación de servizos de media distancia competitivos, mellorando a calidade do servizo para todos os usuarios. Unha actuación que se amosa asumible economicamente e que, ao basearse en variantes de trazado, pode planificarse en fases sucesivas, acomodándose ás dispoñibilidades orzamentarias.

Señorías, a Deputación Provincial de Lugo e as corporacións dos concellos de Lugo e de Monforte teñen aprobado de forma unánime iniciativas baseadas no informe mencionado.

Estas consideracións feitas sobre a importancia desta proposta, non por obvias, resultan innecesarias, señorías. O empeño do actual Goberno para a execución do AVE a Galicia non atopou o favor dos grupos da oposición. O BNG tense amosado contrario á alta velocidade e mesmo ten reclamado que a Xunta abandone —e repito as súas verbas— a súa complicidade con estes deseños. En Marea non só non o levaba no seu programa, senón que mesmo teñen proposto a paralización das obras do tren de alta velocidade, sumándose a aquilo que chamaban “a marca branca” do Partido Popular, senón que, ademais, teñen manifestado que

isto sería un tren para ricos. Tampouco ao Partido Socialista lle sobra esta reflexión, considerando o agravio comparativo da execución das liñas de alta velocidade noutras comunidades autónomas en relación coas tramitacións da alta velocidade e dos proxectos que afectaban a Galicia.

É por isto, señorías, que agora que os seus plantexamentos se acreditan errados espero contar co seu apoio a esta iniciativa que plantexa modernizar a liña ferroviaria entre Lugo e Ourense a través de Monforte, a posta en servizo da variante da Pobra de San Xiao, que con ese fin se prioricen os investimentos necesarios que faciliten a conexión de Lugo cos servizos da alta velocidade, que garantan un tempo de viaxe ao redor das tres horas e que solicita a planificación estratéxica por fases, establecendo anualidades en prazos economicamente viables, e que se recollan nos orzamentos do 2017 as partidas para avanzar nos proxectos construtivos.

Señorías, cando como naquel 1 de setembro de 1883 o primeiro tren que conecte por alta velocidade Madrid coa Coruña, Lugo non pode nin quere ser un mero espectador que vexa pasar o tren, e, por tanto, como dicía Curros, con motivo da chegada da primeira locomotora a Ourense, que detrás dela viña a fartura, a luz e o progreso, espero darlle a benvida a este proxecto. En Lugo queremos ser partícipes desa luz, progreso e fartura que as locomotoras de alta velocidade traerán a Galicia e, por tanto, espero que sexan quen de apoiar esta proposta.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Presidente.

Señorías, bos días a todas e a todos.

O tren xa non ten o papel que xogaba na segunda revolución industrial, onde era literal e realmente a locomotora socioeconómica que tiraba dos países emerxentes, dos países desenvolto. Ninguén mellor ca el concitaba xentes, materias primas, tecnoloxía e capitais.

Aínda con estas diferenzas de contexto histórico-xeográfico, non debemos deixar caer na deixadez de permitir un servizo ferroviario terciromundista para Lugo, que a deixe descolgada, que a deixe mergullada nun pozo onde non dá saído.

O grande atraso na transformación ferroviaria necesita invertirse co apoio de todos e a aposta decidida para superar os atrancos que impoñen criterios económicos e que dificultan priorizar a ampliación da alta velocidade na provincia de Lugo. A mellora inmediata da liña Lugo-Ourense por Monforte é un paso na boa dirección, un paso na boa dirección que non debe excluír futuras implementacións. Elevar a velocidade para reducir significativamente os tempos de viaxe, tal como se di nalgún estudo xa aquí aludido, dos cen minutos a sesenta

minutos é unha boa noticia, e vai permitir equiparar os tempos de viaxe que teñen ou que van ter desde A Coruña e desde Vigo. Entón, volvemos repetir que é un bo paso, probablemente o posible, o que se pode dar hoxe en día. Pero, para levar adiante este pequeno avance, fai falta ter moita máis determinación e ter unión.

Presentan hoxe unha proposición non de lei na boa dirección, pero nós entendemos que falta de determinación, á que lle falta a decisión da aposta clara. Unha proposición onde non se marcan prazos nin orzamentos non é unha proposición seria, ou polo menos a nós non nolo parece, e todo aquilo que non leve prazos ou orzamentos non deixa de ser unha mera declaración de boas intencións.

Pero tamén hai eivas fundamentais nesta proposta, como é a falta da intermodal de Lugo e recuperar a de Ourense, que non se sabe por onde anda perdida.

Miren, señorías, non se pode pasar de prometer facer o AVE de Lugo a Ourense co orzamento da Xunta, como se fixo o 11.1.2009, e traer ao Parlamento unha proposta onde se pide, solicita, demanda, insiste, se prega, que está moi ben todo isto, pero máis ben parece dun administrado que dunha administración. Porque o que hai que facer é reclamar e exixir, que é o propio da Administración. E proba do que estamos dicindo é que ao remate da parte resolutive se fai con «os orzamentos xa deben recoller as partidas»; largo o fiamos se utilizamos ese tipo de expresións, en vez dun contundente «teñen que reflectir xa», «teñen que reflectir», «teñen que estar explicitados nos orzamento».

Por todo isto, imos propoñer emendas, propuxemos xa emendas, que reforcen e alicercen esta proposición non de lei, co ánimo, co espírito de melloralá, e entendemos que se debe incluír como mínimo nesta proposta que hoxe se nos trae aquí, para que Lugo non quede descolgada dos avances ferroviarios da alta velocidade, unha serie de medidas como as que van nas nosas emendas: iniciar xa a redacción dos proxectos pendentes, poñer xa en marcha as obras paralizadas —porque as hai paralizadas—, anular xa a paralización da intermodal de Lugo e recuperar a da Ourense, e desde logo unha disposición orzamentaria coas partidas necesarias para cumprir cos prazos que están escritos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Quería empezar por dicirlle á voceira do Partido Popular que quen quería facer rebaixas na alta velocidade galega era o ministro do Partido Popular, señor De la Serna, non En Marea, que exiximos que se remate a liña de alta velocidade nas condicións do proxecto orixinal, nin máis nin menos. Para que lle quede claro, era o señor De la Serna quen quería unha vez máis facer rebaixas en Galicia. Como dicía o señor Tejado, sobre o PSOE, que había un PSOE aquí e outro en España, pois o Partido Popular en infraestruturas tamén parece evidente:

AP-9, AVE... Parece que non é que o Partido Popular de Galicia pida autonomía, é que o Partido Popular en España pide autonomía o Partido Popular de Galicia e fanlles pouco caso.

Parece cada vez máis o señor Feijóo como aqueles militares españois que eran especialistas en grandes frases despois de perder batallas, que, por certo, é o que leva facendo o Exército español durante catrocentos anos, que só gaña contra o seu pobo. «*No mandé mis barcos a luchar contra los elementos*», como dixo Felipe II. Pois o señor Feijóo, tamén: AP-9, Pemex, alta velocidade, promesas incumpridas que serviron para a campaña pero que non son máis que papel mollado ao día seguinte.

Claro, sempre a culpa é dos demais, do prezo do petróleo, dun ano cun goberno en funcións, pero nunca do señor Feijóo, que é moi dado a facer grandes promesas electorais, como recordaba aquí o portavoz socialista, que en 2009 dixo que ía facer a alta velocidade, o AVE Lugo-Ourense, cos cartos da Xunta de Galicia e que despois lle ían pasar a factura ao Goberno do Estado. ¡Manda truco! E era un AVE, pero vostedes pedían AVE para Lugo-Ourense, que non é isto o que veñen pedir hoxe, nas eleccións xerais e nas últimas eleccións autonómicas. En setembro vostedes aínda reclamaban o AVE entre Lugo e Ourense e tres meses despois veñen cunha proposta, que logo analizaremos, pero que non é AVE evidentemente.

Hoxe traio unha proposta que nós cremos que vai polo bo camiño, pero supón unha emenda á totalidade do que vostedes levan apoiando nos últimos vinte anos; é precisamente o que nós dicíamos reiteradamente: recursos públicos; o diñeiro é finito e, polo tanto, hai que ver como é máis útil socialmente. Sempre dicíamos que había modelos máis sostibles economicamente, ambientalmente e socialmente e que ademais definían un modelo territorial para este país diferente que o que definía a alta velocidade e a obsesión da alta velocidade e a conexión coa Meseta.

Nós si que criamos que era un desatino gastar miles de millóns de euros nun AVE, na conexión coa Meseta, cando coexistían esas carísimas obras, que eran un negocio para as grandes construtoras sobre todo —canto máis caro, mellor; as solucións máis caras, mellor; sempre se escollían as solucións máis caras—, con vías que, evidentemente, señora voceira do Partido Popular, levan cen anos sen modernizarse, sen actualizarse, como hai liñas neste país como é a de Ferrol-A Coruña ou como é a do FEVE, que está nunhas condicións lamentables.

Nós cremos que esta solución —que, por certo, á que soben vostedes, soben vostedes ao carro dun informe elaborado polo señor Bugarín a instancias do eixo atlántico, improvisando unha vez máis— permite unha solución máis barata pero que ademais artella e vertebra mellor o territorio por onde pasa, porque sendo unha velocidade competitiva unha hora entre Lugo-Ourense —parece unha velocidade competitiva— tamén permite artellar mellor e conectar e seguir mantendo os apeadeiros das vilas intermedias.

Parécenos ben, parécenos ben. O que non nos parece tan ben é que vostedes actúen a golpe de improvisación, que non teñan un plan integral para este país, que debería de empezar xa por pedir as competencias en políticas ferroviarias integrais para Galicia e deseñar un modelo integral de transporte tendo en conta tamén a intermodalidade. Vostedes, non; vostedes fan política de infraestruturas a golpe de improvisación e a golpe de promesas electorais.

Polo tanto, nós dicimos: botamos en falta unha planificación axeitada, cremos que este si que é un modelo axeitado para este país. Non fai falta máis que ver o que custa esta alternativa que permite o tráfico de mercancías e de viaxeiros, que custa menos da metade que a solución AVE, que a solución de velocidade alta, menos da metade. Imaxinemos o que se podería facer neste país con outro enfoque nos últimos vinte anos.

Pero tamén botamos en falta na súa proposta a concreción. Non hai ningunha concreción, como aquí xa se dixo, e nós cremos que cando menos, e por iso facemos a nosa emenda, se deben de concretar prazos e se debe concretar unha cousa que ten moita relación; é dicir, isto non se pode poñer en marcha, este servizo, esta vía non se pode poñer en marcha se non se define previamente e non está solucionado previamente, precisamente, como vai ser a entrada do AVE en Ourense.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Remato xa.

Nós exiximos na nosa emenda que a variante Taboadela-Ourense se faga coas condicións de alta velocidade comprometidas no proxecto orixinal, incluíndo ancho de vía, condicións de seguridade e trazado. E, ademais, pedimos concreción para que se empecen a facer os proxectos construtivos das variantes de Rubián, dos Peares, de Monforte de Lemos e o remate definitivo da Pobra de San Xiao, que non sabemos cal é o misterio para estar paralizado durante estes anos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Pode seguramente contestarnos —xa estou rematando— ...,

O señor PRESIDENTE: Non, grazas, mire o reloxo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...pode aclararnos despois cando interveña o porqué desta parálise.

E, por último, o compromiso —e remato— destas variantes antes do ano 2020. Creo que son compromisos asumibles e... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Dous minutos; xa, é que todo é así, dous minutos. Pódese ser xeneroso, pero, claro, chega un momento en que ao mellor nos pasamos un pouco.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Ben, graciñas.

O primeiro: está ben que a portavoz do Partido Popular nos lembre a data na que chegou o tren a Monforte, porque a vía segue sendo a mesma; entón, está ben que nos poñamos en situación do estado no que temos as infraestruturas no noso país. E apuntaba dalgunha maneira ou culpabilizábanos ou buscaba responsabilidades nas bancadas da oposición para xustificar a demora, os atrasos ou a falta de acordo político respecto do tren de alta velocidade, do AVE, na súa chegada a Galiza, e eu buscaba, preparando esta intervención, remexía na hemeroteca, e é que o tren de alta velocidade ía chegar a este país no ano 2007. Anunciábao daquela o Goberno en mans do Partido Popular e dese binomio Fraga-Cuíña. Decía na altura Cuíña que ía estar en funcionamento ese tren de alta velocidade, que ía chegar ademais ás sete cidades deste país e que —garantía— ía chegar a estar en funcionamento no ano 2007, porque dicía que viña financiado con fondos europeos e que iso exixía dun cumprimento nos prazos.

A todas luces que esa promesa xa foi incumprida. Con posterioridade, foise alongando ese prazo de chegada. Logo ía vir no ano 2009, logo no 2012, logo no 2015, finalmente no 2018 e este ano, 2016, remata sen saberse finalmente se haberá un compromiso claro por parte do Goberno español para que esa alta velocidade chegue nas condicións en que foi prometida alá polos anos 2000 a Galiza.

No ano 2007, que ía chegar aquel tren de alta velocidade a Galiza, comezaron as obras de construción, como xa se apuntaba aquí, da variante da Pobra de San Xiao, que agora piden celeridade na súa posta en funcionamento. Levamos dez anos, dez anos nada máis e nada menos, agardando a que esa variante da Pobra de San Xiao se poña a a funcionar.

Pero o máis paradigmático desa revisión da hemeroteca era precisamente aquela campaña electoral do ano 2009 e un mitin, bastante congregado e cunha grande parroquia, do señor Alberto Núñez Feijóo, na altura candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, no auditorio Gustavo Freire, de Lugo, e alí o señor Feijóo garantía —xa se dixo aquí—, comprometéase a que sería con cartos de Xunta como chegaría o tren de alta velocidade de Lugo a Ourense, e que posteriormente —xa se lembraba por parte das outras forzas políticas nas súas intervencións— pasaría a factura ao Ministerio de Fomento e ao Goberno español, toda vez que o Goberno español naquela altura estaba en mans do socialista Rodríguez Zapatero. Chegaron á Xunta de Galiza no ano 2009 e posteriormente recuncaron na súa maioría absoluta e seguimos agardando por eses cartos prometidos por parte de Alberto Núñez Feijóo naquel mitin no Gustavo Freire, en Lugo.

Pero a min, se hai algo que me sorprendeu enormemente, que me gustou de verdade, foi a primeira liña da exposición de motivos da iniciativa do Partido Popular, que é toda pois un bombo e prato ao sistema de modernización do noso mapa ferroviario. Din que é, ademais, evidente —e entendo eu que é innegábel— que o mapa ferroviario galego está a ser obxecto dun profundo proceso de renovación e de modernización de liñas e servizos, e van vostedes e escollen a cidade máis illada do noso país por camiño de ferro. Optan vostedes pola cidade de Lugo, e falan e instan fervorosamente o Ministerio español a que nos conecte nun período de tempo non superior ás tres horas coa capital española. Estamos falando dunha cidade na que é imposíbel vir en tren a Santiago de Compostela. Un día coma hoxe, por exemplo, por non ir máis lonxe, se eu quixera vir en tren desde Lugo a Santiago de Compostela, para asistir

a este pleno, non podería, porque a única liña que sae é ás catro da tarde, e ten unha duración de 2.35 minutos; iso sen contar os transbordos que van ter que facer —agora lles digo cal é o traxecto—, e un custo de 22 euros. Hai que saír puntuais ás catro da tarde da cidade de Lugo, e van vostedes: Sarria, Monforte, Ourense, aí cambian de tren e collen o famoso Avant, do que falaba a deputada do Partido Popular, fan o tempo de espera que lles corresponda, e si que chegan despois desde Ourense a Santiago de Compostela.

¿Vostedes cren de verdade que nós podemos aceptar que se cree un tren de alta velocidade se iso non pasa inescusabelmente por que teñamos unhas conexións de cercanías e de proximidades adecuadas ás necesidades da nosa poboación?

Collín a capital do país, coa que o lóxico debería ser que estivesen conectadas todas as cidades do noso territorio e da nosa xeografía. Pero é que non podemos ir a Vigo. Decía a portavoz do Partido Popular: «Chegar a Madrid no mesmo tempo que chegamos a Vigo». É imposible ir de Lugo a Vigo en tren, ¡imposíbel! Colla vostede os horarios de Renfe. ¡É imposible! Pero busquemos algo máis próximo para Lugo: A Mariña. É imposible ir de Lugo á Mariña.

É dicir, o que vostedes nos plantexan aquí é que subamos todos ao seu carro e que aplaudamos coas orellas a chegada dun tren de alta velocidade que non só foi prometido até a sociedade, senón que foi incumprido, demorado e, o máis grave de todo, navallado. Sei que a vostedes non lles gusta que eu use esa palabra, pero si que foi navallado xa en varias ocasións, porque o que nos promete ou pretende comprometer o Goberno español a día de hoxe non se corresponde cos compromisos adquiridos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...durante moitos anos do Partido Popular no Goberno, tanto da Xunta como do Estado español.

Nós non seremos quen poña pedras no camiño para que o tren de alta velocidade chegue ao noso país, pero o que lles pedimos tamén é un pouco de seriedade cando traian aquí medidas e iniciativas que escollan cidades como Lugo, que son absolutamente unha illa neste país respecto do tren.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Vou empezar pola portavoz do Bloque Nacionalista Galego, xa que foi a última.

Mire, talvez, se lera ben a proposta e o informe do señor Bugarín, entendería que con esta proposta van verse melloradas de forma importante as conexións de cercanías e, polo tanto, iso vai repercutir en todas as comunicacións de Lugo cara a Ourense.

Pero eu quero preguntarlle unha cousa. Mire, vén aquí dicirnos —e darnos clases— que o Partido Popular incumpre. Mire, ¿onde estaban vostedes cando o señor Rodríguez Zapatero gobernaba este país? ¿Onde estaban vostedes cando apoiaban os orzamentos do Goberno? ¿Onde estaban vostedes...? (*Murmurios.*)

Mire, voulle dicir, cando o Goberno do señor Zapatero e o Bipartito de Touriño prometían que o AVE chegaría a Galicia no 2012, ¿o BNG sabe que facía? Manifestábase en Lubián para pedir que se axilizaran as obras. E, ao mesmo tempo, ¿sabe que facían? Permitían, ou impedían, mellor, a reprobación da ministra Magdalena Álvarez. Naquel momento dáballes igual; é dicir, naquel momento non tiñan... (*Murmurios.*) A ver, vostedes viron e permitiron como durante anos o Partido Socialista castigou este proxecto da alta velocidade, e agora veñen aquí darnos leccións.

Mire, vostedes si que non cren neste proxecto, vostedes, efectivamente, o que cargan é contra el. Veño de dicirlle que a alta velocidade vai repercutir favorablemente nas comunicacións de Galicia coa Meseta, pero tamén nas comunicacións entre as cidades de Galicia. Pero vostedes é un proxecto que non comparten, evidentemente. E, polo tanto, se de vostedes dependera, o AVE non chegaría nin no 2009, nin no 2012, nin no 2015, non chegaría nunca; é que non chegaría, claro. (*Murmurios.*)

Por tanto, voume referir á emenda que ten feita o Partido Socialista. Miren, véñennos de reclamar determinación. Determinación pódese reclamar. Como declaración de intencións está moi ben, pero vostedes, cando se plantexa por primeira vez a conexión por AVE a Galicia no Plan de infraestruturas do 2000-2007, no Goberno de Aznar, nese momento plantéxase a modernización da liña Lugo-Monforte-Ourense, e resulta que o estudo informativo se aproba no ano 2001. Non é ata o ano 2008 que seleccionaron unha alternativa, e, no impacto ambiental, resulta que elixen unha alternativa que recollía que en 67 quilómetros non era posible superar os 160 quilómetros por hora. ¿Que modelo de AVE era aquel?

Bueno, pois eu quero explicar que modelo é este. É un modelo que permite que nos trazados e nos tramos que permiten menos velocidade se faga unha mellora ou rectificación do trazado, ou unha mellora do trazado, para, precisamente, permitir incrementar de forma apreciable a velocidade.

Xa sei que a vostedes non lles gusta isto, non lles parece ben. Acepto que A Marea se suba a esta opción, a esta proposta, e acepto que ao Partido Socialista tamén lle pareza ben. Nós o que queremos é que Lugo estea máis pronto que tarde conectada coa alta velocidade de Ourense.

E quérolle corrixir cando dicía vostede que o presidente da Xunta xa prometera a alta velocidade. Eu estiven preocupada de ler as súas manifestacións, e mesmo participei nalgún acto no que falaba da velocidade alta; efectivamente, a velocidade alta que vai permitir que de Lugo se chegue a Madrid...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...no mesmo tempo que se pode chegar dende Vigo ou dende A Coruña.

Non imos aceptar as súas emendas, entre outras razóns porque nos poñen prazos, nos poñen deberes... *(Risos.) (Murmurios.)* Oia, o que está claro é que a nosa proposta o que plantexa é que sexa o propio Goberno o que, analizando cada un dos trazados, determine cal vai ser a mellor maneira, cal vai a ser o mellor mecanismo para levalos a cabo. E, ademais, pedimos que se doten as partidas orzamentarias.

Non imos aceptar as súas emendas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a mesma carga lectiva en galego que en castelán nos distintos cursos da ESO

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Hai uns temas clásicos, que son o tren en Lugo e a normalización lingüística neste país; pois imos dar paso ao seguinte, neste caso.

A iniciativa que defende o meu grupo, que defendemos desde o Bloque Nacionalista Galego hoxe aquí, o que insta ou o que exige, demanda ou reclama ao Goberno galego é que cumpra a lei. É así de sinxelo, que cumpra a lei en materia de normalización lingüística, tanto aquelas normas, aquel marco xurídico do que nos temos dotado no noso país, como tamén aquelas outras normas que emanan do dereito comunitario, como pode ser a Carta europea de linguas minoritarias e minorizadas. O que queremos é que se cumpra esa lexislación, despois da enésima evidencia de que a lingua propia deste país, de que a lingua galega, continúa a ser expulsada das aulas.

Pero alén da situación na que nos deixou a aprobación do Decreto 79/2010, o coñecido popularmente como «o decretazo», a partir do cal non se poden impartir as materias científico-tecnolóxicas en lingua galega, a entrada en vigor da LOMCE e a conseguinte reformulación dos currículos académicos volven relegar a lingua galega xa non á segunda división, senón á terceira, ou mesmo á cuarta.

A través da CIG-Ensino e mais da Mesa pola Normalización Lingüística, soubemos, tanto as forzas políticas que compoñen esta Cámara como o propio Goberno galego —porque así se dirixiron directamente á consellería—, que as horas lectivas impartidas en galego e en castelán ao alumnado de secundaria, logo da combinación explosiva, case coma se se tratase

dun cóctel molotov, entre o «decretazo» e a LOMCE, deixa nunha situación de marxinalidade a lingua galega.

Unha estudante de secundaria a día de hoxe no noso país recibe menos do 15 % das materias en lingua galega, incumprindo a legalidade vixente, como dicía, e, entre esa legalidade, o propio «decretazo» 79/2010, aquel que situaba a impartición de horas lectivas en galego, en inglés e mais en español no 33 %, equiparando tres linguas que a todas luces non están nin por asomo na mesma situación no noso país. Incúmprese ese propio Decreto 79/2010, porque non chegan ao 33 % as horas lectivas en lingua galega, toda vez que nese «decretazo» se asignaban 24 horas lectivas en lingua galega na ESO.

Non é que nós defendamos —nin é a miña intención, nin a da nosa forza política— o «decretazo» 79/2010. Reclamamos nesta propia iniciativa a súa derogación, como fixemos historicamente desde a súa aprobación, como tamén reclamaron os axentes sociais, non só as organizacións sindicais no ensino, senón tamén a Mesa pola Normalización Lingüística e a Real Academia Galega, entre outras institucións, senón que o que queremos pór en evidencia e enriba da mesa é que nin sequera o Goberno galego cumpre aquelas leis que aproba.

Se vostedes fan unha sinxela operación, combinando ese currículo escolar coas horas lectivas que se imparten en cada unha das linguas correspondentes con cada unha das materias, esa combinación entre o «decretazo» e a LOMCE, verán que a discriminación lingüística do galego nas aulas se endurece precisamente con esa combinación. En secundaria temos 31 horas en español e apenas 18 horas en galego nas ensinanzas aplicadas, que apenas ascenden a 21 horas se falamos de ensinanzas académicas. Pero, lonxe de que non se estea a cumprir só o «decretazo» 79/2010, tampouco se está a cumprir a Lei de normalización lingüística nin o Plan xeral de normalización lingüística, aprobados xa hai ben anos, con ese consenso ao que vostedes apelan e do que tanto pregoan, pero que pouco practican, desde o noso punto de vista.

Diante desta realidade sociolingüística que vivimos no noso país e que pon en evidencia datos feitos públicos recentemente na pasada lexislatura, para ser máis exactas polo Instituto Galego de Estatística, situando os niveis de uso habitual do galego, sobre todo entre a mocidade, nos seus mínimos históricos, o que estamos é a lanzarlle unha mensaxe moi clara, desde o noso punto de vista, á nosa mocidade. Sendo a escola un dos principais axentes de socialización, se apenas se usa a lingua galega como lingua vehicular no ensino, se ademais, na nosa contorna de amizades e familiar, non se usa tampouco de maneira habitual a lingua galega e, como poden comprobar vostedes acudindo aos quioscos, hoxe mesmo nos medios de comunicación é practicamente residual, a mensaxe que nós mandamos á nosa mocidade é: ¿para que me serve se podo facer a miña vida con moitísima maior facilidade en lingua española?

Nós entendemos que se queren de verdade normalizar a lingua galega, como é un dos compromisos por parte da consellería e por parte do propio Goberno, se de verdade queren normalizar a lingua galega neste país, o que nós consideramos é que debe deixar de tratarse a lingua galega como unha lingua estranxeira no seu propio país, sobre todo cando nos referimos á xente máis nova. Se o que queremos, pola contra, é poñer en valor que podemos

facer unha vida normal, gozosa e vizosa usando o noso propio idioma, o que debemos é comezar por usala naqueles espazos onde a Administración ten unha importante capacidade de decisión, como é a escola.

Neste sentido —e xa remato, porque creo que o máis interesante pode ser o debate a partir das súas intervencións—, o que nós reclamamos con esta iniciativa é a derogación dese «decreto», do 79/2010, porque a todas luces nin sequera se está cumprindo a súa normativa nesa combinación explosiva coa LOMCE; garantir, entre tanto non se derroga e se aplica un novo decreto en materia de normalización lingüística no ensino, cando menos a mesma carga lectiva en galego e en castelán; e, por suposto, aplicar de maneira efectiva e real e con compromiso e decisión política a Lei de normalización lingüística do ano 1983 e o desenvolvemento do Plan xeral de normalización lingüística do ano 2004, que, como vostedes saben —igual que puiden lelo eu—, o que consideran é que deben adoptarse as medidas políticas necesarias para garantir unha situación de equidade da nosa lingua dentro dos espazos públicos.

Pola miña banda, máis nada, e agardo contar neste caso co apoio das forzas políticas da Cámara para sacar adiante esta iniciativa. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Dende logo, nós imos apoiar esta proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego. Creo que xa manifestamos en moitísimas ocasións a nosa opinión sobre o Decreto chamado do plurilingüismo, neste pleno, en comisións, na rúa, en todos os foros onde puidemos. Porque, dende logo, nós estamos absolutamente en contra deste chamado Decreto do plurilingüismo, porque consideramos que foi unha clara regresión nas políticas de normalización lingüística que levou a cabo este goberno do presidente Feijóo, e que, ademais, tivo unha consecuencia tamén moi grave, que foi a ruptura dun consenso que se mantiña ao redor de todos os grupos dende os gobernos do presidente Fraga. Froito dese consenso foi a Lei de normalización lingüística e logo o Plan xeral de normalización lingüística, rachado con este Decreto de plurilingüismo.

Un decreto que non soamente nós rexeitamos, senón que vou volver repetilo, señor conselleiro —que agradezo que estea aquí neste debate—, porque eu sigo moi asombrada de que, tendo todo o que teñen vostedes en contra deste decreto, sigan mantendo a súa vixencia. Porque, en contra do Decreto do plurilingüismo non soamente estamos os grupos da oposición, está en contra a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, o Consello Escolar de Galicia, a Mesa Sectorial de Educación, o Consello Consultivo, a Confapa, a Asociación de Xuristas, as tres universidades, o movemento de renovación pedagóxica, todos os sindicatos. ¿Quen está a favor? O Partido Popular, única e exclusivamente; e o Partido Popular porque nun momento dado no ano 2009 quixo coller un puñado de votos, unicamente.

Pero non soamente todas estas institucións e partidos políticos están en contra e manifestan os problemas que ten a aplicación do Decreto do plurilingüismo. O Consello de Europa, a través dos informes do comité de expertos sobre a aplicación da Carta das linguas rexionais e minoritarias —como saben todos vostedes— no IV Informe censura claramente a actuación do Goberno galego en torno ao uso do galego na educación. Di textualmente —porque é textual o que vou ler— este informe: «O Decreto de plurilingüismo reduce a un terzo o uso da lingua propia mentres se prohíbe o uso do galego no ensino das materias como as matemáticas, a física ou a química». E manifesta a súa absoluta preocupación polo uso do galego na nosa educación e di que se están incumprindo os compromisos do Goberno español e tamén os compromisos do Goberno galego no uso do idioma na educación. Todo iso que se manifestaba en todos os informes do Consello de Europa, no IV Informe é aínda máis claro.

As propias —como se falou aquí xa— enquisas que temos, sobre todo a Enquisa sobre o coñecemento e o uso do galego, poñen de manifesto claramente que dende que se implantou o Decreto do plurilingüismo nos colexios un 51 % dos alumnos e alumnas reciben as clases maioritariamente en castelán, 9 puntos máis que en 2008. Por suposto, as consecuencias de todo isto non se fixeron esperar.

Como tamén aquí se repetiu en varias ocasións, e como sabemos claramente —aínda que o Goberno ou a Consellería de Cultura non o queira afirmar e recoñecer—, soamente se utiliza nun 5 % das escolas infantís e nas cidades de máis de 50.000 habitantes o galego como lingua única, nun 40 % das escolas infantís non se utiliza en absoluto. ¿Que ten isto como consecuencia? Que os nenos e as nenas non teñen ningunha noción de galego cando chegan a primaria, unha boa parte dos nenos e as nenas non saben nada de galego cando chegan a primaria.

Por suposto que tamén quero recordar que todas as enquisas marcan que nos últimos cinco anos o grao de uso do galego, sobre todo nos mozos e nas mozas pero tamén nos nenos e na poboación en xeral, descendeu de forma moi alarmante.

Con todo isto, tiñan que estar soando todas as alarmas na Consellería de Educación, e sobre todo avaliar xa —que é a súa obriga, señor conselleiro—, unha vez que as universidades ofreceron a súa axuda para facelo, cientificamente as consecuencias do Decreto do plurilingüismo. Porque, señor conselleiro, aquí non hai un bilingüismo harmónico, como vostedes querían, aquí hai un monolingüismo en castelán.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Bo día.

Señorías, estamos a piques de pechar un ano no que conmemoramos un século das Irmandades da Fala, cen anos de que mulleres e homes valentes, comprometidos co que era noso, fixeran súa a bandeira da defensa do idioma do noso país, elas e eles si militantes de Galicia.

Quixera aproveitar para recordar que o esquecemento é unha forma máis de violencia machista. Por iso no día de hoxe non quería deixar de lembrar que tamén foron mulleres as que fixeron súa esta bandeira. Falamos de María Miramontes, Amparo López, Micaela Chao, Elvira Bao, Pura Lorenza, Coroa González, entre outras.

Lamentablemente a conmemoración deste ano non pode ir acompañada dunha celebración da boa saúde do noso idioma, como xa se dixo aquí; todo o contrario; nos últimos anos non vemos máis que retroceder o número de falantes. Ademais, o Goberno do Partido Popular, que ten a obriga legal de defender a lingua galega, foi o principal culpable do retroceso do noso idioma. Non só non cumpriu os compromisos previos, como o Plan xeral de normalización da lingua, senón que levou a cabo unha serie de actuacións que van claramente en contra do idioma do país.

Claro exemplo foi o que nos trae hoxe aquí, o Decreto do plurilingüismo, famoso decretazo contra o galego que foi aprobado de costas a toda a comunidade educativa e co unánime rexeitamento de toda ela; rexeitamento que ten sido reiteradamente denunciado por órganos como a Academia Galega e o Consello da Cultura e mesmo por comités internacionais como o do Consello de Europa para a Carta europea das linguas, que veu alertando dunha norma que poñía en serio risco o papel do galego na escola.

Un decretazo que está sendo acompañado da desaparición das aulas de educación infantil en lingua galega, o veto ao seu uso en materias da área científico-técnica ou o obxectivo de redución a un terzo da súa presenza no ensino, o que supón non só a degradación cuantitativa da lingua senón a degradación cualitativa. ¿Que mensaxe cren que lles estamos dando aos futuros falantes cando dende as escolas lles din que as matemáticas ou a física non se poden estudar en galego? Pois que hai idiomas de primeira e de segunda e que o galego é do segundo, que o galego é inútil, que non serve para nada, porque as cousas serias hai que aprendelas en castelán ou en inglés. Deste xeito desaprovéitase a oportunidade de revalorización do idioma, que se debería ofrecer nas aulas, e o ensino galego equipárase ao ensino dun idioma estranxeiro.

Todo isto acompañado dunha redución constante no orzamento en materia lingüística; aquí recortaron dende que chegaron ao Goberno nada máis e nada menos que o 78 %, sendo a función dos orzamentos con maior caída de todas; unha partida que, tendo en conta o IPC estimado para o próximo ano, non só non vai aumentar, senón que se reducirá nun 0,29 %, de xeito que insisten no maltrato e abandono da lingua do país.

A situación, lonxe de mellorar, vese agravada pola entrada en vigor da súa españolizadora Lei de educación e a conseguinte modificación dos currículos da ESO, que, como se comentou aquí, está reducindo a docencia en galego, que vai ter trece horas menos que a docencia en castelán na ESO para as ensinanzas aplicadas e menos de dez nas ensinanzas académicas. Deste xeito, coa LOMCE estase empeorando a situación de discriminación e marxinación que xa provocara o citado decretazo. Así, a escola en lugar de ser un espazo preferente de socialización lingüística, de ancoraxe no idioma que debería ser, convértese nun lugar claramente desgaleguizador.

Afogamento orzamentario e actuacións políticas hostís que deixan un efecto claro sobre o número de falantes. As persoas que falan en galego habitualmente son cada vez menos e

máis vellas. E —o que é máis grave— as políticas antilingüísticas deste goberno están impedindo o dereito dunha gran parte da cidadanía de Galicia a vivir plenamente na nosa lingua. É a súa responsabilidade. Non é unha situación irreversible, senón todo o contrario. Hai sobradas experiencias en distintos lugares do mundo sobre como o compromiso político dos gobernos promoveu a revitalización dos idiomas. Por iso cómpre darlle a volta á política errada que se está levando a cabo. Xa o dixeron antes: non é que o digan os partidos da oposición, é que toda a cidadanía se ten manifestado nesta dirección, comezando pola escola.

Non estamos pedindo nada novo. Como dicíamos antes, vostedes mesmos asinaron o Pacto pola normalización lingüística, agora só falta que o cumpran. Que cumpran algunha das leis que aproban. Que non siga pasando coas leis o que cos principios de Ano Novo, que quedan relegados a papel mollado ou meros brindes ao sol.

Por iso votaremos «si» á proposición non de lei do BNG e agardamos que vostedes tamén o fagan. Sería unha magnífica ocasión de demostrar que de verdade son militantes de Galicia e unha magnífica noticia para pechar o centenario das Irmandades da Fala.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

O que sería, dende logo, unha boa nova para pechar o centenario das Irmandades da Fala sería que a oposición deixase de traer un elemento que nos constitúe como pobo e que nos dota de identidade cultural como pobo como é a lingua e convertelo permanentemente nun elemento de confrontación política, como fan unha e outra vez coas súas reiteradas iniciativas nesta Cámara. Iso, dende logo, si que sería unha moi boa noticia.

Porque a verdade é que non ten demasiado sentido estar a falar de que se quere defender a lingua e que se quere defender o noso patrimonio e a nosa identidade cultural cando, precisamente, o que se está facendo día tras día é utilizalo como ferramenta para fracturar a sociedade. Nese sentido, pois, a sociedade, que tamén é moi sabia, sabe responder e segue respondendo na mesma liña e referendando a política que se está a levar a cabo por parte do Goberno galego.

Eu quero sinalar que, ante todo o que se leva dito aquí neste debate, nesta proposición non de lei, hai unha cuestión que é falsa, é radicalmente falsa. Fálase de que non se cumpre a lei, e hai que sinalar que se está a cumprir escrupulosamente coa Lei de normalización lingüística, que no seu artigo 12 sinala que o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén a lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos, e que a Xunta de Galicia regulamentará a normalización do uso das linguas oficiais no ensino. O artigo 13, por exemplo, sinala e garante que os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna e adxúdase ás autoridades educativas da Comunidade Autónoma a misión de arbitrar as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino.

Pero é que, ademais, temos tamén un marco lexislativo de ámbito nacional e que evidentemente ten que ser aplicado tamén na Comunidade Autónoma, que é o marco lexislativo derivado da LOMCE. Na súa disposición adicional trixésimo oitava sinalase que para a lingua castelá, linguas cooficiais e linguas que gocen de protección legal as administracións educativas garantirán o dereito dos alumnos e alumnas a recibir as ensinanzas en castelán, lingua oficial do Estado, e nas demais linguas cooficiais nos seus respectivos territorios. O castelán é lingua vehicular do ensino en todo o Estado e as linguas cooficiais sono tamén nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos e coa súa normativa aplicable.

Ademais, hai que sinalar que a etapa de ensino secundario obrigatorio consta de cento vinte e oito horas, das que só teñen o seu idioma determinado por decreto aproximadamente un 60 %. Queda, polo tanto, un 40 % para que cada centro decida sobre a lingua do resto das materias para garantir o equilibrio na etapa educativa, tal e como establece precisamente o Decreto de plurilingüismo, que vostedes queren derrogar.

No caso, ademais, de que o centro sexa plurilingüe ou que se incorporen ensinanzas noutra lingua, será o propio centro o que garantirá igualmente o equilibrio galego/castelán. Polo tanto, continúa vixente a regra xeral de equilibrio que se sinala nos artigos 4.2 e 7.4 do Decreto 79/2010. Polo tanto, cada centro ten que garantir que este equilibrio se cumpra.

A política lingüística da Xunta foi ademais o resultado dun proceso de escoitar a sociedade e decidir, non como se fai dende outros grupos políticos, en que precisamente se fai absolutamente o contrario. E froito deste período de escoitas a Xunta presentou un decreto cuxas claves fundamentais son: en primeiro lugar, máximo equilibrio entre as linguas oficiais, o galego e o castelán, en todas as etapas educativas; aposta por un plurilingüismo efectivo, coa posibilidade de que os centros poidan chegar ata un terzo do seu horario lectivo semanal impartido en lingua estranxeira; e, ademais, compromiso co fomento do galego. O decreto cumpre co establecido na Lei de normalización lingüística e conta cun novo artigo co título de potenciación da lingua galega nos centros, que establece, ademais, un marco xeral de promoción do galego mediante actividades de fomento da lingua.

Ademais —que parece que iso é algo que queremos olvidar—, esta política lingüística aparecía reflectida no programa electoral do Partido Popular de Galicia no ano 2009, no ano 2012, no ano 2016, do mesmo xeito que a política lingüística dos outros grupos tamén aparecía recollida nestes programas electorais, polo que foron os galegos e as galegas os que precisamente elixiron esta forma de actuar con respecto ao uso das dúas linguas oficiais no sistema educativo. Equilibrio e non confrontación, liberdade e sentido común, esa foi a fórmula elixida polos galegos e as galegas.

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que en ningún caso a lingua debe ser motivo de confrontación, de imposición ou de separación, senón todo o contrario; o que ten que ser é unha ferramenta e un elemento de unión e de traballo conxunto. É absurdo, ademais, seguir intentando convencer de que o noso grupo político é o inimigo principal da nosa lingua, xa que ninguén entendería que o partido maioritario de Galicia, nacido en Galicia e onde a súa gran maioría de votantes son precisamente galegofalantes, vaia ir en contra da súa propia natureza.

En ningún caso imos permitir a apropiación política dun elemento de identidade propio como é a nosa lingua por parte de ningún grupo político. E, polo tanto, demonizarnos desa maneira é unha batalla perdida, e á vista está despois do pasado 25 de setembro. É o momento xa de traballar en serio por esa Galicia e esa lingua que todos queremos de maneira responsable. E, polo tanto, debo dicirlles que este decreto está en vigor respaldado pola maioría da sociedade galega en varias ocasións e, polo tanto, neste momento non ten sentido cuestionalo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Antes de nada, agradecer o apoio do Partido Socialista e mais de En Marea a esta iniciativa. E respecto da intervención do deputado do Partido Popular, mire, nós non demonizamos nin creamos confrontación política ningunha coa lingua. Nós o que defendemos son os nosos dereitos lingüísticos, recollidos —xa llelo dixen— nesos instrumentos dos que nos fomos dotando progresivamente desde a chegada da democracia supostamente ao noso país e desde a aprobación do Estatuto de autonomía, que recoñece a oficialidade, o carácter oficial da lingua galega no noso país. E que por primeira vez naquel ano 2010, precisamente por primeira vez desde a aprobación do Estatuto de autonomía, viña limitar e restrinxir a presenza da lingua galega aínda cando existía unha realidade sociolingüística de diglosia, de conflito lingüístico e de substitución profunda, substitución lingüística sobre todo entre as franxas de idade máis novas. Era a primeira vez que se regulaba e se ía en detrimento das horas lectivas en galego no noso país desde a aprobación —xa digo— da Lei de normalización lingüística, do ano 1983.

Vostede fala de equilibrio e de liberdade, pero os datos din o contrario. E nós non estamos demonizando a ninguén, nós o que estamos é poñendo enriba da mesa unha realidade constatada a través dunha enquisa feita polo Instituto Galego de Estatística. Non é que a fixese a Mesa, a CIG, o Bloque ou —non sei— calquera grupo, ou o Bipartito —para poñer ese monstro de sete cabezas outra vez diante do debate—. E o que di esa enquisa é que os menores de 15 anos que usan sempre ou principalmente a lingua galega son menos do 25 %; é dicir, un 75 % das persoas menores de 15 anos asegura que non usa o galego na súa vida diaria. Teremos que preguntarnos cales son as razóns polas cales a nosa poboación non fala o seu idioma e poñer as medidas necesarias para normalizar a lingua galega como unha lingua útil e unha lingua de uso para a nosa vida diaria.

Pero é que esa enquisa do Instituto Galego de Estatística situaba no 22 % a porcentaxe desas crianzas e adolescentes, é dicir, menores de 15 anos, que recoñecían que sabían falar pouco ou nada o seu idioma. Algo estará pasando dentro da escola se hai un 22 % —un 22,7 %, concretamente— de poboación menor de 15 anos no noso país que di saber falar pouco ou nada o noso idioma propio. Algo está pasando, porque as cifras e as porcentaxes de coñecemento e de grao de uso do inglés, por exemplo, si que están aumentando. Pero iso non pode ir en detrimento en ningún caso da presenza e do coñecemento e do uso de maneira normalizada do idioma propio deste país.

Nós non confrontamos, o que intentamos é traer un debate —intentámolo de verdade— máis ou menos sosegado a esta Cámara e que vostedes recoñezan que a realidade que impera nas escolas e nos centros de ensino de secundaria deste país, na combinación do decretazo coa reforma dos currículos escolares despois da aprobación da LOMCE, relega, pero moitísimo, as horas lectivas e a carga lectiva en lingua galega no noso país. E, diante diso, ¿que pretenden que fagamos?, ¿que nos crucemos de brazos?, ¿que aplaudamos coas orellas e digamos o ben que vai? Non, teremos que vir aquí e traer propostas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...para mellorar a situación lingüística que vivimos no noso país e sobre todo respecto da normalización de usos do galego.

Por iso reclamamos a derogación dese decretazo, que os levou aos tribunais, e apelando a aquela liberdade famosa, e tumbou precisamente esas enquisas que pretendían dar a chave ás familias da lingua na que ían ser escolarizadas e educadas as súas crianzas.

O que nós propoñemos e defendemos é restituír ese consenso, ese consenso tantas veces pregado nesta Cámara.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Volvan atrás, derroguen o decretazo e recuperemos a presenza da nosa lingua propia nas aulas de secundaria, de infantil, de primaria e, por suposto, tamén da universidade.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da lexislación vixente en materia de igualdade no eido do ensino

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

A violencia machista ten as súas raíces na desigualdade, é unha forma extrema de violencia, o machismo mata. A súa erradicación exige promover a igualdade legal e real como elemento clave da prevención. ¿Por que matan os homes ás mulleres? Hai moitísimas razóns. O 90 %

dos homes tamén son asasinados por homes; o 95 % das mulleres, tamén. De cada tres mulleres no mundo unha sofre ou sufriu violencia por parte do home. Os feminicidios son consecuencia da desigualdade na que vivimos.

Os homes matan en todo o mundo, e matan por distintas razóns; enumeramos algunhas: porque foron educados para resolver conflitos con violencia; porque se senten donos das súas compañeiras, fillos e fillas; porque foron educados para ser reis, ou déspotas, nas súas casas; porque nas televisións, nos xogos, tamén en certas películas as mulleres aparecen representadas como obxectos, obxectos de posesión; porque a maioría dos homes non saben xestionar ben as súas emocións; porque son machistas; porque a nosa cultura afectiva é patriarcal; porque moitos homes non soportan as derrotas; porque moitos heroes masculinos matan e están cheos de gloria; porque outros homes matan tamén; porque, antes de matar, os homes que o fan convértense en terroristas nas súas propias casas; porque ás veces non teñen impunidad; porque as noticias sobre os feminicidios aparecen nas páxinas de sucesos, aínda que sexan feitos que acontecen todos os días; porque non queren curarse, porque ninguén vai curarse de ser dominador, maltratador, violento; porque non aprenden a amar de igual a igual.

Dende En Marea, e tendo en conta que sabemos todos e todas que o ensino pode garantir a equidade se se fai a coeducación transversal e a prevención necesaria, cremos que o principio de igualdade se traduce no eido educativo como coeducación. Coeducar é educar as persoas dende a liberdade, dende a igualdade de valores, dende a igualdade de dereitos, dende a igualdade de oportunidades con respecto ás liberdades, con respecto aos dereitos. E En Marea cremos que, polo tanto, a coeducación debe ser transversal e en todos os niveis do ensino, en todas as materias.

Cremos, ademais, que se debe recoñecer o papel das mulleres na historia, no ensino, na economía, na cultura, na arte, en todos os campos; que se debe prestar especial atención á formación en igualdade, non só do alumnado, senón tamén do profesorado; facer e vertebrar axudas e coordinacións externas con outros centros, como os centros de saúde, como os centros de seguridade social; e que os propios centros de ensino son tamén detectores de violencia.

Nós cremos na coeducación en todos os ámbitos: na formación docente, nas propostas curriculares e nos recursos educativos. Hai que incorporar con urxencia o trato das relacións afectivas e sexuais, a xestión das emocións, a igualdade, a equidade dos roles; implementar programas con contundencia social, reprobando o machismo día a día. Non abonda con crear unha materia de libre configuración, optativa, en 1º e en 2º da ESO, ¿iso que é? A formación ten que ser, ademais, impartida por persoal especializado. Creemos, polo tanto, na prevención.

Cremos tamén na pacífica resolución de conflitos en todos os ámbitos da vida: persoal, familiar, social, e dos valores que a sustentan. Creemos na prevención da violencia de xénero e como ferramenta indiscutible e necesaria en todos os niveis de ensino. E para isto necesitanse recursos. Os recortes, estimados no 64,2 % dende 2009 a 2017, prexudican gravemente todas as accións —non só no ensino, senón en todos os niveis— dirixidas á protección, á promoción, ao apoio ás mulleres. Sobre todo prexudican na banda da detección, e xa fixemos referencia a centros de saúde, servizos sociais e centros de ensino.

Por outra banda, prexudican as medidas de protección axeitadas. É moi distinto que o risco o avalíe con toda a súa boa vontade un policía ou unha garda civil a que o risco estea avaliado por equipos médicos, equipos de psicólogos, equipos de educadores sociais, equipos de persoal especializado.

Tamén prexudica o recorte á atención psicolóxica, tamén prexudica o recorte ao acompañamento e ao tratamento. Os recursos para dotar a rede de atención integral ás mulleres en situación de violencia son imprescindibles. Necesitamos priorizar e necesitamos ás veces converter as casas de acollemento temporal posiblemente no CRI, centro de recuperación integral. Hai un e con pouca dotación; debera haber moitos e ben dotados; entón, as cousas comezarían a cambiar. E esta lacra social, na que eu creo que todas e todos estamos moi sensibilizadas e sensibilizados, frearíase substancialmente; esta é unha certeza.

¿Por que nós rexeitamos o ensino concertado que segrega por sexos? Obviamente no título I, capítulo I, da Lei galega de igualdade dise: «Non se admitirán no centro docente as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada, e papeis discriminatorios entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre outro en calquera dos ámbitos da vida».

Pois moi ben. Na anterior lexislatura, en marzo de 2013, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza fixo valer o precepto da lei vixente daquela —que era a LOE— para invalidar o financiamento público de prazas en varios centros de ensino concertado. En concreto, en cinco deles promovidos pola empresa Fomento de Centros de Enseñanza, vencellados ao Opus Dei; e os restantes, a Aloia, pertencente á conservadora Asociación Fontenova. Ambas as entidades, vencelladas a unha crenza relixiosa católica conservadora, decidiron interpoñer un recurso de casación ante o Tribunal Supremo.

Cinco meses despois, á Consellería —que tiña, por certo, outro conselleiro de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria— esta resposta serviulle para que este goberno xustificase e non lle retirase os fondos públicos, e publicou unha orde para seguir inxectando recursos a estes centros, estes centros que claramente van en contra da coeducación, absolutamente en contra. Adxudicáronselles tres millóns de euros, ao tempo que se recortaban profesores, ao tempo que se lles facía pagar aos alumnos libros, ao tempo que tiñan que pagar os comedores escolares.

Moi ben. Aínda sendo contrarios ao espírito da coeducación, naturalmente a lei mudou, naturalmente a lei Wert, si, a LOMCE, si permite apoiar centros que segreguen por sexos. E a miña pregunta é, aínda así e todo, aínda que se poida, non sempre o que se pode é o xusto, é o conveniente, é o mellor, e nós cremos que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia garantiu a liberdade de educación, de elección de centro e de creación. Quen queira levar os seus fillos a un centro que segregue por sexos que o faga, pero, por favor, non co diñeiro público, porque vai en contra dos principios da igualdade.

E, por outra banda, nós tamén queríamos denunciar un documento que incita ao odio e que ten que ver coa igualdade, que é un documento que está rulando por 16.500 centros de todo

o Estado e está chegando tamén a Galicia. É un documento absolutamente que xera odio, sobre todo contra os dereitos das lesbianas, da LGTBI, e é un atentado que nós queremos denunciar dende aquí, e xa proporemos máis medidas.

Non serve de nada que os nosos nenos aproben todo, non serve de nada que os nosos nenos aprendan historia ou aprendan literatura, non serve de nada. Mellor sería que aprendesen ciencias tamén en galego. Pero non serve de nada se despois as súas actitudes son de desprezo, son de ignorancia, son de agresión e son de acoso á xente que é diferente.

E, polo tanto, dicir que estes son males sociais, e os males sociais, as enfermidades sociais teñen cura, e que a cura está en que afortunadamente temos leis igualitarias neste país, en Galicia temos leis. Por iso nós pedimos dúas cousas, dúas cousas moi importantes, cremos que moi importantes. Primeiro, agora que se van renovar os concertos a partir do ano 2017, xa que se renovan cada catro anos, por favor, quen queira que leve os seus fillos aos centros que queira, pero non con cartos públicos cando se segrega por sexo. E, segundo, polo tanto, que non se renove con diñeiro público ningún centro que segregue así, por esta razón.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: E, en segundo lugar, que realmente temos leis e as leis poden mellorarse, pero as leis hai que cumprilas e as leis hai que desenvolves, e entón, por favor, pedimos que se desenvolvan estas leis, que se fagan cumprir na nosa comunidade autónoma en materia de igualdade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Sinto ser tan pesada hoxe, que parece un monólogo pola miña banda.

Fóra da brincadeira, por parte do Bloque Nacionalista Galego anunciamos o noso apoio á iniciativa presentada por En Marea, tanto pola petición de que se retiren os fondos públicos, como xa temos reclamado tradicionalmente nesta Cámara por parte da nosa formación política, que se deixe de inxectar diñeiro público en centros de ensino que segregan o alumnado por razón de sexo, en base a non sei que crenza de que necesitamos as mulleres e os homes unha educación adaptada ao noso xénero, algo que agride absolutamente o principio da coeducación, que tamén aparece recollido na propia lexislación educativa desenvolvida polo Partido Popular. Non entendemos como se pode loitar ou reivindicar a coeducación ou traballar pola igualdade nos centros do ensino e nas aulas e ao mesmo tempo financiar con cartos públicos centros vinculados directamente co Opus Dei e ademais que segregan o alumnado por razón de xénero.

Pero dicía a compañeira de En Marea que existe lexislación vixente, instan a facer cumprir esa lexislación. Hai algo que tamén se ten aprobado recentemente, eu creo que se fixo público en rolda de prensa en setembro de 2016, que é un plan de igualdade ou para a igualdade no ensino aquí na Galiza; é un plan elaborado pola Consellería de Educación, da man da Secretaría Xeral de Igualdade; é un plan moi completo, elaborado por persoal técnico —non me cabe a menor dúbida—, que define pois unha serie de estratexias arredor dunha serie de eixos e un conxunto de medidas a implementar. A verdade é que é para quitar o sombreiro. Miren: non digan que confrontamos; estamos recoñecéndolles que hai un instrumento a verdade que moi completo, moi interesante, se se chega a poñer en práctica.

¿Cal é o problema de todo o que se ten aprobado nos últimos anos, o mesmo que os plans de prevención da discriminación da LGTBI nas escolas ou os acordos asinados con outras entidades sociais para promover a liberdade das persoas transexuais dentro das escolas? ¿Cal é o problema? Que faltan recursos, que faltan materiais e sobre todo —e o máis importante— que falta orzamento. O que non pode ser é que aprobemos e aprobemos medidas pero non dotemos de recursos económicos esas medidas, e o peor de todo, desde o noso punto de vista, é que intentemos cargar sobre o profesorado a responsabilidade no marco das súas horas de aula de ter que estar ou ter que ser eles os que individualmente se formen e os que de maneira voluntaria ou case altruísta en moitos casos eduquen o noso alumnado, os estudantes do noso país, en materia de igualdade sen a formación necesaria e sobre todo sen currículos académicos adaptados á incorporación da perspectiva de xénero ou da liberdade e non discriminación para as persoas LGTBI no noso país.

O que nós entendemos é que, alén de aprobar plans como o de igualdade, que —xa digo— foi anunciado e feito público en setembro de 2016, alén de aprobalos, hai que intentar comezar a implementalos, e para iso é necesario inescusabelmente que replantexemos o modelo educativo que temos no noso país, e é necesario incorporarmos a perspectiva de xénero, porque é o que nos trae hoxe aquí —a perspectiva de xénero—, a todas as ramas académicas, a todas as áreas de coñecemento e convertelo nunha idea transversal que empape todos os niveis educativos, desde as idades máis temperás, porque moitas veces pois enviamos circulares aos centros de ensino para que a partir de agora se incorpore esa perspectiva de xénero pero non dotamos ou non fornecemos o profesorado do material necesario para levar a cabo eses traballos, para comezar a traballar con perspectiva de xénero nas idades máis temperás, entre os 3 e 4 anos, entre os 5 e 6, nos niveis de ensino primario, e sobre todo ir incorporando eses materiais didácticos tamén nos niveis de secundaria, e, por suposto, non deixar de traballar con esa perspectiva de xénero nas universidades.

Simplemente, xa para rematar, porque material hai e moito, ademais divulgado e distribuído en lingua galega, porque se teñen traducido no noso idioma aqueles que non foron directamente editados en lingua galega, tense traducido por parte das editoriais moito material sobre todo para traballar coas crianzas.

Pero, xa para rematar, non quería esquecerme do que falaba antes: o ensino, a escola, é un axente de socialización importante, pero tamén o é en boa medida os medios de comunicación. Non podemos traballar con perspectiva de xénero nas aulas e despois os produtos da industria cultural que se consomen nos medios de comunicación, as series, os programas

de televisión ou incluso programas magacín que non teñen como público obxectivo a nosa mocidade ou a nosa adolescencia, pero que si son altamente consumidos por elas, non traballan desde os mesmos parámetros.

Necesitamos comezar a traballar cos medios de comunicación para difundir unha imaxe completa e radicalmente distinta á que actualmente se está difundindo das mulleres, porque están de novo remarcando roles tradicionais e patriarcais, que o único que nos levan é a naturalizar e normalizar comportamentos de violencia machista.

Apoiaremos esta iniciativa tal cal foi presentada pola Marea, pero —xa digo— necesitamos introducir un debate máis profundo e máis amplo non só da necesidade de introducirmos a perspectiva de xénero na escola, senón comezarmos a ver en conxunto os axentes de socialización que traballan na nosa sociedade.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, eu quero amosar a miña satisfacción pola perpetua iluminación e alfabetización do señor Fernández Gil cada vez que sae falar aquí dalgún asunto educativo, porque resulta que eu non sabía que nas eleccións do 25 de setembro se votaran medidas tan específicas como se os concertos «si», se a Lei de normalización lingüística «non», se o decreto... (*Aplausos.*) Non, non, é o que di permanentemente; entón, eu agradézollo moito, pensei que se votaba algunha cousa distinta. Pero, en todo caso —insisto—, a min sempre me gustou aprender e agradezo moito as súas ensinanzas, que valorarei no seu momento.

Con respecto á iniciativa, proposición non de lei que plantexa o Grupo Parlamentario en Marea, de entrada, evidentemente imos apoiala; imos apoiala porque é razoable e é xusta. Non vou facer particular fincapé, porque xa se fixo extensamente polas dúas persoas que me precederon nas súas intervencións, sobre o relativo ao cumprimento da Lei de igualdade entre homes e mulleres, tan necesitada de medidas reais que implementen ese desiderátum que soe acompañar toda a normativa e particularmente no campo do ensino. Aínda así, tamén teño que dicir, porque é xusto dicilo, que por parte da Consellería de Educación tamén se puxeron nos últimos cursos medidas en marcha tendentes a corrixir actuacións e detectar na medida do posible de forma prematura determinadas condutas que son absolutamente intolerables.

Polo tanto, sobre este aspecto —insisto—, como xa se dixo con contundencia e con acerto, non vou facer maior fincapé. Si que o vou facer no tema relativo aos concertos educativos, non tanto no sentido dunha vinculación entre a falta de coeducación e outro tipo de hábitos senón na súa ancoraxe legal, dentro da normativa que, como se soe dicir, todos nos temos dado.

Todos os que estamos aquí —ou, se non, polo menos aqueles que traballamos máis directamente no campo da educación— sabemos que hai un decreto que regula a admisión do alumando na Comunidade Autónoma de Galicia en centros sostidos con fondos públicos. Evidentemente, como ben dixo a deputada de En Marea, aquel que queira pagar un modelo educativo distinto, que tamén poderíamos cuestionar se ten encaixe dentro dun marco —digamos— de concepción moderna do que se debe ensinar nos centros educativos, pero aínda así, se o queren pagar, enviar os seus fillos e fillas a ese tipo de centros, poderán facelo, pero, señor conselleiro, vostede sabe tan ben coma min que non se sostén conforme o noso ordenamento que estes centros que segregan alumnos por sexos teñan concertos educativos. E non se sostén por unha razón tan sinxela como que o propio decreto de admisión establece con absoluta claridade, xa ao principio, no seu artigo 2, é dicir, ao inicio, que na admisión de alumnos en centros sostidos con fondos públicos en ningún caso haberá discriminación na admisión por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal.

Polo tanto, estes centros evidentemente discriminan por sexo. E, consecuencia dunha aplicación lóxica, elemental, do sentido común, non poderían estar sostidos con fondos públicos, porque ese sometemento obriga a que teñan que cumprir esa normativa. Ese financiamento con fondos públicos implica iso.

Pero é que, ademais, vostedes son plenamente conscientes de que isto era algo, cando menos, inseguro. Entón, a continuación introduciron un parrafiño que vén dicir que os centros sostidos con fondos públicos que desenvolvan o principio de coeducación en todas as etapas educativas terán financiamento preferente. ¿Como que desenvolvan o principio de coeducación, se é inherente ao sistema educativo? ¿Como vou premiar un centro que lles ensina matemáticas aos alumnos e facelo preferente á hora de recibir financiamento público? É que o ten que facer, e a coeducación tamén. Non podemos meter nun decreto dunha comunidade autónoma un parrafiño como este, que, ademais, vai curiosamente engadido a outro que di a continuación que atenden poboacións escolares en condicións económicas desfavorables, que parece —ese si— razoable. Aí imos concertar se non damos cuberto con prazas públicas.

Pero, ¡home!, dicir que os que desenvolvan principios de coeducación van ser centros preferentes de concerto, cando menos, señor conselleiro, señores e señoras deputados, chirría. E chirría porque saben vostedes que non ten ningunha coherencia, porque, ademais, hai sentenzas firmes, varias, do Tribunal Supremo en recursos de casación dándolles a razón a determinadas comunidades autónomas —que non vou citar aquí, máis que nada por non alporizar a ala dereita xeográfica e biolóxica do hemiciclo— que veñen de anular sentenzas de tribunais superiores de comunidades autónomas que á súa vez anulaban ordes que lles quitaban os conceptos, é dicir, vén dar a razón. Os conceptos están ben quitados cando os alumnos se segregan por sexo.

Nada máis, grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Señor Álvarez, vostede acaba de sinalar aquí que o Partido Socialista entende que non se sostén ou que non se axusta á legalidade o feito de financiar centros de educación diferenciada por sexos con fondos públicos. Entón, terá que explicar por que alá onde goberna o Partido Socialista si se sosteñen con fondos públicos este tipo de centros, ou, se non, o que non se sostén realmente é o seu argumento. *(Aplausos.)*

Entón, nese sentido, en primeiro lugar, e ao fío dalgúns puntos reflectidos nesta proposta, eu creo que debemos empezar por sinalar que certamente a violencia de xénero é un problema de extrema gravidade, contra o que hai que loitar dende todas as fronteiras, pero non se pode asimilar de ningún xeito —e nós así o entendemos— a violencia de xénero e a educación diferenciada por razón de sexo.

E, de feito, dende unha perspectiva estritamente xurídica, pois a verdade é que a educación diferenciada é unha opción educativa perfectamente axustada ao noso ordenamento xurídico, porque en si mesma non é constitutiva de discriminación e tampouco a nivel internacional existe ningunha prohibición desta opción educativa.

No ámbito internacional, temos que sinalar que tanto a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller como a Convención relativa á loita contra a discriminación na esfera do ensino, ambas adoptadas por Nacións Unidas, non imponen un sistema de educación mixta.

Hai que sinalar tamén que tanto a lexislación educativa vixente como as sentenzas sobre a educación diferenciada avalan a posibilidade de concertar os centros de educación diferenciada por sexo.

Vostedes falan de cumprir a lexislación, cando obviamente se está a cumprir escrupulosamente a normativa, e ao respecto hai que poñer en valor —que me agrada que a señora Rodil así o fixera— o primeiro Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. E, ademais, hai que poñer tamén en valor actuacións como a implantación da materia de libre configuración autonómica Igualdade de Xénero, a pesar de que a señora Cuña quixera ridicularizar este feito na súa intervención.

O Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 consta de 28 obxectivos e 87 medidas e réxese por catro principios fundamentais: dunha banda, introducir a igualdade de xénero como un elemento transversal e sempre presente na actividade educativa, tamén construír unha sociedade igualitaria empregando a educación como medio, buscar o obxectivo de violencia cero nas aulas e na sociedade e, ademais, educar na integración plena de todas as persoas por riba da súa opción afectiva ou sexual.

No eido educativo, ademais de incluír a igualdade nos currículos de todas as etapas educativas, neste curso 2016-2017, como dicía antes, impártese por primeira vez unha nova materia de libre configuración autonómica: Igualdade de Xénero, que polo momento ofertan vinte e catro centros para os seus alumnos de 1º e 2º da ESO. E, ademais, vaise implantar un

ciclo formativo de grao superior para incluír a perspectiva de xénero na formación profesional e continuarase cos cursos de formación do profesorado, nos que se aumentarán os contidos relacionados coa igualdade no ámbito educativo.

Así mesmo, dentro da Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020, inclúense ferramentas concretas, como o plan Proxecta, de innovación educativa, ou o Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade e identidade de xénero.

No ámbito interno, hai que destacar que a LOMCE incorporou á redacción do artigo 84.3 unha referencia expresa a esta normativa, sinalando que en ningún caso a elección da educación diferenciada por sexos poderá implicar para as familias, alumnos e alumnas e centros correspondentes un trato menos favorable e ningunha desvantaxe á hora de subscribir concertos coas administracións educativas ou en calquera outro aspecto. Para estes efectos, os centros deberán expoñer no seu proxecto educativo as razóns de elección do dito sistema, así como as medidas académicas que desenvolvan para favorecer a igualdade.

Hai que sinalar, polo tanto, que o ordenamento xurídico español nunca impuxo un modelo de coeducación, nin antes da entrada en vigor do artigo 84.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nin durante a vixencia desta, nin agora coa nova redacción dada a este precepto pola LOMCE, reafirmando polo tanto a cobertura legal do financiamento con fondos públicos da opción educativa diferenciada.

Pero, ademais, é que no momento actual desapareceu calquera dúbida sobre a posibilidade de celebrar concertos educativos con este tipo de centros. A evolución que se ten producido neste marco normativo, evidentemente, reflíctese tamén nos pronunciamentos e sentenzas xudiciais. Cómpre recordar que o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, posteriormente á aprobación da LOMCE, desestimou, no ano 2015, un recurso presentado pola CIG contra a Orde do 9 de agosto de 2013 pola que se aprobaban os concertos educativos.

Eu creo que hai que afirmar que, desde a perspectiva constitucional tamén, nin o contido e alcance do principio de igualdade da prohibición de discriminación por razón de sexo no artigo 14 nin a configuración constitucional do dereito á educación no artigo 27 ofrecen ningunha dificultade para o encaixe do sistema docente de educación diferenciada, o que mesmo reflicte o propio Tribunal Supremo na sentenza do 23 de xuño de 2014.

Así, polo tanto —e xa remato—, o sistema educativo deseñado pola Constitución encomenda a educación a unha rede dual de centros docentes, centros privados e centros sostidos con fondos públicos; estes últimos, á súa vez, poden ser de titularidade pública ou de titularidade privada —centros privados concertados—.

Este sistema aséntase sobre os principios de programación e participación, principios que, debidamente conxugados, son os que permiten garantir, asemade, o equilibrio entre o dereito á educación, a liberdade de ensino e o dereito a escoller centro da oferta de postos escolares gratuítos. E non se pode esquecer que tal liberdade non existe verdadeiramente se non está asegurado o dereito a escoller para todos.

Polo tanto, nós non imos apoiar esta proposta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Señor Gil, eu non ridiculicei, simplemente tendo en conta que nós cremos na coeducación en todos os niveis e en todas as etapas pensamos que unha hora de libre configuración con vinte e pico centros, cando sabemos que temos moitos máis centros en toda Galicia, é absolutamente insuficiente; iso, en 1º e 2º da ESO; paréceme bastante ridículo.

Con respecto ao tema de segregar por sexo, vostede di que non hai ningún prexuízo. Dende logo cando se fala de segregar por sexo, sobre todo as persoas que xa temos unha certa idade e coñecemos outro sistema de educación, pensamos que isto é unha regresión, que é un redución de educación que nos leva a tempos do pasado. Eu non estaba no século XIX, pero case nos poderíamos remontar alí.

Non hai xustificación para segregar, polo menos non hai estudos rigorosos que demostren que as capacidades cognitivas son diferentes; son bastante semellantes, depende do neno ou da nena. Si fomenta o sexismo, si crea máis estereotipia, non hai ningunha teoría que o sustente, non se puido comprobar.

Falábase moito de mellora do rendemento. Non está comprobado. Normalmente estes centros son centros de elite.

Falábase tamén de presión do sexo oposto. A señora Olalla falaba de que o ensino é socialización tamén, temos que vivir xuntos e xuntas, e segregar é un erro. É un erro porque non potencia nin a igualdade, nin a tolerancia nin a supresión do machismo. Isto forma parte da nosa identidade democrática.

Só ten sentido, dende o meu punto de vista, se se parte de que cada sexo ten que ter distintas funcións sociais; entón, estaríamos atentando contra a igualdade de oportunidade de homes e de mulleres. E, polo tanto, segregar por sexo é como segregar por raza, si é un ensino con prexuizos e que atenta contra a equidade.

Con respecto á lei que vostede nomeou, a lei Wert, el mesmo dixo que substituíra a asignatura de Educación para a Cidadanía por Educación Cívica e Constitucional, que está libre de cuestións controvertidas, e borrou do plan estudos ou aspectos como a homosexualidade ou a visión crítica de xénero, que é certo que eu teño aquí tamén o Protocolo de identidade de xénero, que está moi ben que deba poñerse a andar este ano, pero sabemos que en moitos dos centros non se están poñendo a andar nin os plans de convivencia. Os profesores están saturados, non abonda coa boa vontade, temos maravillosos e maravillosas docentes neste país, pero non abonda con boa vontade, necesítanse recursos e necesítanse plans eficaces

que se poñan a andar, e necesítanse programas: programas de autoestima, programas de resolución de conflitos...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...programas de igualdade. Necesítanse implementar, porque, de feito, na teoría están pero non están na práctica.

Entón, tamén queredo falar da Lei 84/3, pero realmente este tempo é escaso, e creo que poderemos seguir profundando, porque é un tema prioritario absolutamente, e o que está claro é que a discriminación quen máis a está padecendo nos centros, o *bullying* e o acoso, son os nenos diferentes, e contra isto temos que loitar con todas as nosas forzas.

Sinto moitísimo que vostedes non asinen isto...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...—xa remato— dicindo que é certo que a Lei Wert...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña, mire o tempo, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...o permite, pero non é o máis xusto. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para incrementar o número de xulgados especializados en violencia de xénero en Galicia, así como a formación específica e periódica na materia en todos os sectores da xustiza e a posta en marcha do acompañamento xudicial personalizado

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei en Pleno, 1638 (10/PNP-000152).

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a que esixa do Goberno do Estado:

1. Que se incremente o número de xulgados que en materia de violencia de xénero a Comisión Mixta considere necesarios, así como que a Xunta de Galicia continúe os programas que permitan a coordinación integral de recursos para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguros no seu percorrido xudicial.

2. *Que se leven a cabo, cando sexa posible segundo a capacidade actual das infraestruturas, as reformas necesarias nas dependencias xudiciais para evitar o cruce entre vítimas e agresores e se dote de persoal necesario a estes xulgados de acordo ás necesidades que se van acordando no seo da Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.*

3. *Que se continúe a formación específica e periódica en violencia de xénero a todos os sectores da Xustiza en Galicia no eido dos correspondentes marcos competenciais».)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

«O Partido Popular ofrécese a pactar todas as medidas, sempre e cando sexan razoables e efectivas.» «O Goberno xa está a pedir máis medios ao Ministerio do Interior.» «Apoiaremos todas as reivindicacións que sexan necesarias.» «É importante que as mulleres denuncien, xa que teñen todos os recursos da Administración á súa disposición.» «As mulleres que sofren violencia han de saber que contan con recursos e o apoio de toda a sociedade.»

Despois dos dous últimos asasinatos por violencia contra as mulleres, estas eran as declaracións de membros do Goberno —incluso membros de carácter destacado— aos medios de comunicación. Iso quere dicir que necesitamos un pacto, un gran pacto contra a violencia machista, e tamén en Galicia.

A iniciativa que hoxe defendemos é un primeiro paso, pero nin é o único paso nin é o paso suficiente, porque o dereito penal non pode suplir a política de loita contra a violencia machista; tampouco, os minutos de silencio en memoria das vítimas.

Hai liñas principais de traballo, señor conselleiro de Educación: a educación, a prevención, a ampliación de recursos ás mulleres para que se sintan seguras, pero se estas liñas non funcionan —e co interese que pon o señor conselleiro de Educación e Cultura é difícil que efectivamente funcionen—, se é necesario chegar á vía xudicial, pois son imprescindibles as cousas que demandamos nesta iniciativa.

A xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras que ten a nosa sociedade, e que, lonxe de se reducir, por desgraza —e iso quere dicir que non funcionan as liñas principais de traballo—, cada día repunta máis.

A loita contra a violencia machista precisa actuacións integrais, transversais, que recollía xa a lei orgánica do ano 2004, que o Goberno da Xunta de Galicia ten discriminado ano a ano nos seus orzamentos. E vou poñer ese exemplo de monstro de sete cabezas do que nos falaba a voceira, a anterior representante do BNG que subiu aquí. Na época en que Emilio Pérez Touriño era presidente da Xunta de Galicia, o programa de igualdade recibía 60 millóns de euros, no ano 2009, no ano 2006 o orzamento foi de 14 millóns de euros e para este ano 2017 son 13 millóns de euros. Parece ser que había unha diferenza. Non só creamos a crise,

senón que tamén tivemos a oportunidade de incrementar os orzamentos para a loita contra a violencia machista e a prol da igualdade.

Sen esquecer o dereito fundamental á presunción de inocencia, garantir a protección das vítimas é fundamental. Hai que atendela en dependencias xudiciais, tal e como recolle especificamente ademais esa lei de 2004. Pese ao incremento dun 5,9 % de denuncias no primeiro semestre de 2016, en Galicia só hai dous xulgados de Violencia: un en Vigo e outro na Coruña. Curiosamente tamén son do ano 2007, daquela época dese tremendo monstro de dúas cabezas que presidía un presidente socialista. Dende aquel momento non houbo ningún outro xulgado especializado en violencia de xénero.

Hai poucos días sabiamos que o vicepresidente do Goberno galego e o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos anunciaban cinco novas prazas xudiciais para o 2017, pero ningunha para a loita contra a violencia de xénero. En Ourense o xulgado específico xa se pide dende o ano 2008. En Santiago o xulgado que leva violencia de xénero está saturado porque é o que leva tamén a instrución do descarrilamento de Angrois; ten unha xuíza de apoio pero non chega. En Lugo teñen oficinas sen separación para que non poidan coincidir o suposto agresor e a vítima. En Ferrol piden tamén espazos independentes e un servizo dotado de auxiliares xudiciais que non hai. E en Pontevedra, que é o número 3 —todos estes xulgados son mixtos—, polo tanto, acumula asuntos de Traballo, moito traballo e non dá abasto cando é preciso.

E iso que os xulgados galegos reciben cada día 15 denuncias por maltrato contra a muller; repito: 15 denuncias diarias. E no terceiro trimestre 1.431 denuncias, 42 máis que no segundo trimestre do ano 2016 e 86 máis que no primeiro semestre do ano 2016. Nos nove primeiros meses do ano, 4.175 denuncias, fronte ás 3.956 do pasado ano. Eu non son unha deputada que utilice cifras —non me gustan— pero creo que cando se trata destes supostos nos que as mulleres morremos asasinadas en mans de homes machistas é preciso que teñamos en conta cada unha das cifras, cada número, que teñen que ver con esta cuestión.

Por iso presentamos esta iniciativa, é sinxela, trátase de demandar do Goberno do Estado catro cuestións, e vanme permitir que comece polas tres últimas:

Que o Goberno galego lle demande ao Goberno estatal que o Ministerio de Xustiza cree novos xulgados de Violencia contra a Muller para o ano 2017 en Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Oxalá fose así, pero de maneira inmediata. Se isto non ocorre, que se reformen as dependencias xudiciais para que non pase o que está a pasar en Ferrol, por exemplo, e haxa espazos independentes para que as vítimas e os supostos agresores, tamén de maneira inmediata, non coincidan nas dependencias.

Que se dote de maneira inmediata de persoal necesario a estes xulgados.

Que se incremente a formación específica e periódica en violencia de xénero a todos os sectores da xustiza en Galicia.

E o último —aínda que é a nosa primeira petición—, que se incremente o número de xulgados especializados en violencia de xénero en Galicia, nas cidades principais, e que se poña

en marcha un acompañamento xudicial personalizado para que informe as vítimas sobre como vai evolucionar o seu percorrido xudicial.

E quero rematar precisamente con esta última petición —aínda que é a primeira na nosa proposición non de lei— porque quero poñer un exemplo, un exemplo de que é imprescindible esta última cuestión do acompañamento xudicial personalizado. O exemplo é unha muller da zona de Arousa, que poñamos que se chamaba Lola. Lola na súa lúa de mel recibiu a súa primeira paliza por parte do seu home. E cando falou co seu pai e lle dixo o que lle pasara, o seu pai díxolle: ¿que pensabas que era o matrimonio? Lola recibira unha paliza posterior e na súa aldea dicían que lle dera unha patada unha burra. Lola bebía vinagre porque non tiña cartos para comprar alcohol, porque o seu home non llo daba. E Lola o día que foi prestar a declaración a primeira vez ao xulgado —non mo estou inventando porque é un caso real—, ese día tivo que parar tres veces para poder vomitar porque non era capaz de recordar as cousas que lle pasaran, e era a primeira vez na súa vida que facía fronte a esa realidade. Lola estaba acompañada por unhas mulleres que presta o Concello de Vigo, acompañamento, porque estaba, pese a ser da zona de Arousa, nunha casa de acollida, a casa de acollida que hai en Vigo, onde hai un servizo voluntario de mulleres que acompañan as mulleres vítimas de violencia machista no seu periplo. Neste caso, esas mulleres —e eu poder dar fe porque eu era a letrada que defendía a Lola nese caso— acompañárona en todo o periplo, en todo o proceso xudicial. E, efectivamente, foron as que saíron con ela para poder vomitar ao cuarto de baño e volver entrar. Polo tanto, é necesario —disto hai cerca de quince anos—, é imprescindible que teñamos un servizo que aínda non existe quince anos despois.

Eu agardo que voten a favor desta iniciativa.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra por parte do grupo emendante a señora Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente, señorías.

Señora Vilán, eu podería contarlle casos como os de Lola e moito máis graves que os de Lola; non un, senón dous e por desgraza tres, cen, douscentos, moitísimos. A verdade é que é unha desgraza, é unha lacra. Pero o que non me gusta é que se faga demagogia con este tema. Creo que non se lle debe de botar a ningún Goberno de ningunha cor e poñerlle os mortos nin as mortas enriba da mesa, nin falar de responsabilidades, pois todos e todas temos a obriga de seguir traballando e de seguir poñendo recursos á disposición non só das vítimas senón das mulleres. E niso todos temos responsabilidades.

Pero vostede hoxe vén aquí pedir máis xulgados especializados porque non os hai en Galicia. Mire, vostede falou da lei do 2004; é certo, a lei do 2004 falaba de xulgados especializados, non de xulgados exclusivos. Vostede ten que dicir aquí que é o que quere, se quere xulgados especializados ou xulgados exclusivos, porque non é o mesmo. Na Coruña e en Vigo hai xulgados exclusivos e nos corenta e tres restantes partidos xudiciais hai xulgados especializa-

dos. Por tanto, creo que é importante distinguir. ¿Por que? Porque para que haxa un xulgado exclusivo ten que darse a cifra de carga de traballo que marca o Consello Xeral do Poder Xudicial, e non o marca nin o Partido Popular nin o Goberno de turno. E é a Comisión Mixta, formada pola Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia xunto co Goberno da Xunta de Galicia, a que decide cando hai esa carga suficiente de traballo para ter ese xulgado exclusivo. E vostede sábeo, señora Vilán.

Por tanto, creo que ter aquí un discurso de demagogia é dicir que non hai xulgados especializados cando si os hai; é certo que non os hai exclusivos. Pero vostede tamén sabe que a cifra que marca o Consello Xeral do Poder Xudicial de entrada de asuntos para que haxa un xulgado exclusivo é de 1.800 asuntos ao ano. ¿Sabe cantos ten A Coruña? No ano 2016, 789; Vigo, 1.049, e teñen xulgado exclusivo. E xulgados especializados: Ferrol, ten 179; Santiago, 263; Lugo, 255; Ourense, 295; Pontevedra, 191. A verdade é que están moi lonxe deses 1.800 asuntos incoados ao ano. Por tanto, eu creo, señora Vilán, que se queremos propoñer cousas que sexan cousas realistas, cousas que poidamos conseguir, e nese nese sentido e nese ámbito vainos encontrar.

O que non pode vir aquí é dicir que o Partido Popular reduce a partida de igualdade orzamentaria e darlle a razón á señora do Bloque Nacionalista Galego, cando vostede ben sabe que a partida orzamentaria da que está falando a señora do Bloque Nacionalista Galego era a da Vicepresidencia e da Igualdade; máis ben a Vicepresidencia do señor Anxo Quintana, que incluía dous órganos directivos de Igualdade: a Secretaría Xeral de Igualdade e a Dirección Xeral de Igualdade. No día de hoxe vostede sabe que só hai un órgano, suprimimos o outro, porque iso supón un custo. E ademais non están incluídas as escolas infantís, non está incluída toda a área de benestar. E creo que facernos trampas ao solitario non é bo.

E ademais falar de servizos especializados cando vostedes —o Partido Socialista xunto coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego— no día de hoxe están pechando un servizo especializado como é o Centro de Información á Muller de Ponte Caldelas, que veñan aquí pedir servizos especializados cando vostedes onde gobernan os están pechando para facer un servizo integral onde se poida asesorar tanto a un emigrante retornado como a unha vítima de violencia de xénero, e logo nos veña poñer aquí o caso de Lola, señora Vilán, pídlle seriedade neste tema, pídlle que non fagan demagogia con este tema e alí onde gobernan, polo menos, non supriman os que hai. Porque vostede vén aquí darnos clases do que hai que facer e do que hai que poñer, pero, a verdade, é que resulta sorprendente que logo alí onde están non o fan.

Mire, en relación co tema dos espazos axeitados, sabe que se fixeron obras en moitos xulgados para evitar que se encontren o agresor e a vítima. Pero non só hai que poñer espazos axeitados, vostede sabe que as autoridades xudiciais tamén dispoñen doutras medidas para evitalo, como son as citacións en horarios diferentes e cuestións deste tipo. Nós non estamos en contra de que se fagan esas obras, pero non de xeito inmediato como vostede di, porque hai unha limitación orzamentaria.

Por iso nós presentamos unha emenda, e nesa emenda pedimos que, efectivamente, alí onde a Comisión Mixta, que é a que ten competencias sobre isto, e os órganos xudiciais, que son

os que máis saben disto, porque creo que non é nin o Goberno da Xunta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...nin este Parlamento os que temos que decidir onde se teñen que poñer os xulgados de Violencia de Xénero, senón que —como dicía antes— tanto a carga de traballo como os propios órganos xudiciais, que son os que saben perfectamente onde están as necesidades, son os que o teñen que decidir.

E despois en relación con esta cuestión das infraestruturas, de facer as reformas necesarias, nós non nos opoñemos, pero o que si pedimos na nosa emenda é que sexa cando sexa posible e non de xeito inmediato como vostede pide.

E en canto á formación específica...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...—si, señor presidente, xa remato—, bueno, pedimos que se continúe. Porque dicir que se faga como se non se estivera facendo formación específica aos axentes xudiciais e ás persoas que participan na xustiza creo que non é de xustiza.

Remato xa dicindo que nós apoiaremos e apoiamos todas as medidas que poidan supoñer un avance na consecución da plena igualdade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e, por suposto, na eliminación da violencia machista.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Xosé Bará Torres.

(Murmurios.)

O señor BARÁ TORRES: Bo día.

Luís mellor que Xosé.

Por parte do Bloque Nacionalista Galego, por suposto, imos apoiar a iniciativa do Partido Socialista. E cremos ademais que é necesario enmarcar o debate sobre esta cuestión nun debate máis xeral sobre a loita contra a violencia de xénero e contra o machismo e a desigualdade de xénero, que é á fin de contas a causa da violencia contra as mulleres e de todas as formas de discriminación.

Unha desigualdade e unha discriminación que se incrementaron ou que se agravaron nos últimos anos polas políticas desenvolvidas como consecuencia da mal chamada «crise», que golpea con especial crueza as mulleres, que provocou o incremento da desigualdade e da discriminación das mulleres, e tamén —como se dixo aquí— a redución drástica do gasto público nesta materia. E non o di o BNG, dio a mesma ONU a través do seu Comité para a Loita contra a Discriminación das Mulleres, que di no informe do ano 2015: «As medidas de austeridade introducidas en resposta á crise económica teñen un impacto grave e desproporcionado nas mulleres».

Polo tanto, estamos ante unha situación extremadamente grave, como o demostra a realidade, como o demostran tamén distintos estudos de distintas enquisas. As cifras poden ser frías pero son dramáticas, son autenticamente estarrecedoras, e falan de 836 mulleres asasinadas por violencia de xénero. Hai moitas máis mulleres asasinadas entre os anos 2003 e 2015 —nos que hai estatísticas—, 700.000 mulleres maltratadas e só un 25 % de casos que son denunciados. As cifras da Unión Europea, segundo a enquisa do ano 2014, tamén son absolutamente dramáticas.

Polo tanto, é necesario que haxa un compromiso global e integral para loitar contra este gravísimo problema, para loitar contra as consecuencias e, sobre todo, contra as causas, que son as relacións de poder, as relacións de dominación no ámbito económico, no ámbito ideolóxico, no ámbito cultural, que explican o control, o dominio e o abuso dos homes sobre as mulleres. É necesaria unha resposta integral a través dun pacto, un acordo contra as consecuencias e tamén contra as causas. É necesario actuar de maneira global e integral, procurando un cambio de actitude, que elimine, por exemplo, a pasividade social, a permisividade social —só un 1 % da poboación, segundo as enquisas, considera este tema un asunto grave—, ou a impunidade, a sensación da impunidade que teñen este tipo de delitos, este tipo de crimes —só un 5 % das agresións contra as mulleres acaban en condena.

E hai que facelo poñendo todos os medios necesarios, desde logo, no ámbito legal, no ámbito lexislativo, tendo en conta as recomendacións internacionais e os tratados, como, por exemplo, o Convenio de Istambul, que ratificou o Goberno do Estado no ano 2014 e que aínda non se cumpriu, por exemplo, no que ten que ver coa cualificación de todas as formas de violencia contra as mulleres, non só na relación de parella, ou tamén o acompañamento e a atención integral durante todo o proceso, e non só desde o momento da denuncia. Tamén, como pide a proposición do Grupo Socialista, incrementando todos os medios humanos, materiais, económicos nos xulgados de Violencia de Xénero actualmente existentes, porque estase denunciando por parte do persoal que traballa nestes xulgados e pola propia xuíza de Vigo, por exemplo, a carencia de medios. E tamén no incremento dos xulgados de Violencia de Xénero ou no acompañamento integral personalizado, que é outro tipo de medidas que se propoñen nesta iniciativa do Grupo Socialista.

E é fundamental tamén combater esa discriminación e esa desigualdade a través da prevención, da educación e da sensibilización. Xa se falou aquí da importancia que ten o ensino, e non só o ensino regrado, senón a educación que se dá no conxunto da sociedade, que incide nesa discriminación, ou do papel que teñen os medios de comunicación. Hai que dicir e hai que lamentar que nos últimos casos de crimes machistas houbo algúns medios, desde logo,

que non tiveron o mellor tratamento que debe ter este tipo de noticias. E falo, sobre todo, no caso do asasinato da médica catalá Victòria Bertrán, porque é unha persoa que ten un nome, que ten traxectoria, e só tiña nome e só tiña traxectoria o seu asasino.

E remato xa pedindo un compromiso real de contundencia, de resposta integral de toda a sociedade contra o machismo, contra a violencia machista, considerándoa unha forma de terrorismo, contra as causas profundas e estruturais que sosteñen e constitúen a violencia machista directa, contra todas as formas, en definitiva, de dominación, de discriminación e de desigualdade sobre as mulleres.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Luís Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas.

Bos días.

Eses temas das propostas da iniciativa tratarémolos separadamente.

A primeira delas, sobre a creación de máis xulgados exclusivos de Violencia contra a Muller. Entendo o matiz feito pola señora Prado en relación coa diferenciación entre xulgados con competencia en materia de violencia, que son corenta e seis en toda Galicia —efectivamente, todos os partidos xudiciais teñen algún órgano encargado desta competencia—, e os exclusivos, que son dous neste momento, na Coruña e en Vigo.

A posición política de En Marea é favorable á especialización en exclusiva dos órganos xudiciais alá onde existan datos que indiquen a necesidade dunha maior dedicación nos existentes. É dicir, na nosa opinión, en todos aqueles cargos nos que a carga de traballo exceda de forma notoria e de carácter estrutural do cen por cento da carga de traballo habitual. Agora ben, un matiz con relación á posición da señora Prado: a superación con carácter estrutural do cen por cento da carga de traballo do Consello non garante automaticamente nin que o Consello cree esas novas prazas nin que a posición da Comisión Mixta sexa favorable a esa creación; é dicir, é un presuposto necesario, pero non suficiente para iso. Polo tanto, o noso matiz con relación a iso quere ser claro, e nós apoiamos en todos aqueles casos onde se exceda notoriamente o informe estrutural do cen por cento que se estude en todos estes casos, para proceder á súa creación.

Con relación a isto, unha pista: a taxa de conxestión en Galicia dos xulgados de Violencia contra a Muller está neste momento na taxa de 1,30. Isto quere dicir que de forma estrutural practicamente todos os xulgados exceden a carga de traballo máxima permitida; é dicir, dos corenta e seis máis da metade teñen cifras que superan con creces e de forma estrutural o cen por cento. Somos conscientes de que é imposible, sería imposible dotar de forma exclusiva neste momento todos estes xulgados, pero si considerar aqueles nos que a situación é máis grave e, desde logo, merecería isto.

Tamén é posible facer e introducir outra variante, e é que naqueles casos onde con exención parcial se supera con creces o cen por cento, debería aumentarse por parte da Administración de xustiza a exención para que se dediquen en exclusiva á violencia, e iso dará lugar, se é o caso, á creación doutros xulgados de Instrución.

En liña co anterior, tamén debemos denunciar que a forma de realizar a medición da carga de traballo nos xulgados de Violencia con relación ao resto dos xulgados de Instrución produce disfuncións notorias na estatística, que foi denunciada unanimemente polas asociacións xudiciais, entre elas Xuíces para a Democracia. E isto explica os datos ofrecidos tamén pola señora Prado: que xulgados en exclusiva de Violencia teñan dilixencias na orde de trescentas ou catrocentas, mentres que un xulgado de Instrución normal ten 1.800.

Nos xulgados de Instrución normais prodúcese con frecuencia a atribución de números diferentes á investigación dos mesmos feitos, porque, por exemplo, chegan por vía de parte médico e por vía de denuncia de atestado, e iso dá lugar a dúas dilixencias, que realmente é unha única investigación. Ben, este tipo de cuestións, que á parte son frecuentes en delitos de lesións, é o que dá lugar a esta disfunción de números. Por iso se pide unanimemente a modificación dos medidores de traballo do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Tamén outra cuestión adicional: nos casos de violencia de xénero o autor é sempre coñecido. Polo tanto, tamén o sistema de instrución é diferente aos xulgados de Instrución normais.

E, ademais, como consecuencia das dúas premisas anteriores, o número de dilixencias é sempre o mesmo, por iso as dilixencias que se ven na estatística son menores ao resto dos xulgados de Instrución. Por iso quero chamar a atención sobre a necesidade de matizar as afirmacións sobre a carga de traballo.

En todo caso, consideramos que a tendencia á creación de xulgados con competencia exclusiva debería efectuarse xa como posición da Xunta de Galicia, como mínimo, coas cinco cidades que aínda non dispoñen deles. E tamén unha pista apuntada polas asociacións xudiciais: naqueles casos onde se vise que polos módulos actuais de carga de traballo non daría para unha especialización en exclusiva, unha solución posible é a comarcalización de xulgados; é dicir, a atribución por riba do partido xudicial, que varios partidos xudiciais tivesen un xulgado que en exclusiva se dedicase a esa función.

A especialización para nós en exclusiva ten numerosos beneficios: en primeiro lugar, permite facer mellor e de forma máis eficiente un esforzo investidor ás instalacións non adaptadas. As que relatou aquí a señora Vilán son soamente unha parte do que existe, sobre todo, nos xulgados das vilas e non das cidades de Galicia, onde a situación de enfrontamento, de encontro físico entre vítima e agresor, é máis que habitual e xera situacións de tensión e de violencia moitas veces verbal non desexables. Ademais, melloraría a capacidade de formación, de incidencia da formación de persoal especializado ao seu servizo, e permitiría atender máis adecuadamente as pautas de actuación coordinadas entre o xulgado e as forzas e corpos de seguridade do Estado.

Entendemos tamén que tanto a implantación da nova oficina xudicial como o traslado á instrución do Ministerio Fiscal, así como nun futuro a instalación de tribunais de instancia,

permitirían atender adecuadamente isto. Por iso tamén instamos a tomar isto en consideración.

A segunda das iniciativas é sobre as reformas necesarias para a adecuación das infraestruturas xudiciais. En liña co anterior, tamén sostemos que é necesario acometer esas reformas, en primeiro lugar, porque os espazos de agarda e espera das vítimas, das testemuñas e dos familiares das vítimas moitas veces coinciden co espazo que de forma inmediata á toma de declaración ocupan os agresores —algo que é absolutamente inaceptable—, e, en segundo lugar, para a disposición dos medios físicos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—si, vou rematando— que acubillan o persoal especializado de forma inmediata ao propio Xulgado de Violencia; falamos do Imelga, dos servizos sociais ou das oficinas de atención ás vítimas.

E, finalmente, con relación á dotación de persoal de apoio ás vítimas, consideramos que é efectivamente necesario desenvolver a Lei 4/2015, de atención á vítima, e, polo tanto, tamén proxectala sobre a atención concreta das vítimas da violencia de xénero —e con isto remato—, e faltan medios tamén de carácter persoal, sobre todo equipos psicosociais con atención e información especializada e con formación e tratamento na vertente de xénero, para atender adecuadamente isto. É unha denuncia constante tamén dos xulgados e é consecuencia das conclusións expostas polo Encontro de Xuízas e Xuíces e Especialistas en Violencia de Xénero, tamén en relación co noso país, e é necesario dotalo de forma inmediata.

Polo tanto, por estas razóns apoiaremos a proposición non de lei proposta polo Partido Socialista.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario autor da proposición non de lei, a señora Patricia Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Señora Paula Prado, o que é demagórico é, despois de estar gobernando oito anos Galicia, seguir falando de José Luis Rodríguez Zapatero, de Emilio Pérez Touriño e de Andalucía. (*Aplausos.*) Iso si que é demagogia; como argumento iso si que é demagórico.

Quero agradecer aos grupos da oposición o seu apoio. E vén vostede cunha emenda, e eu non lle vou explicar, porque vostede é unha deputada moito máis avezada ca min, que leva moito máis tempo nesta Cámara, e non lle teño que explicar para que se fan as emendas, pero suponse que se fan para manifestar a posición política dos grupos parlamentarios e intentar mellorar as iniciativas que propoñen os outros grupos.

Efectivamente, estou de acordo con vostede en que non é o mesmo un xulgado especializado que un xulgado exclusivo, pero se vostede quixera poñer a palabra «exclusivo» na súa emenda puido facelo, e non o fixo. Polo tanto, vostede tampouco, non é que non queira xulgados especializados, é que tampouco quere xulgados exclusivos porque non está posto na súa emenda, e é unha emenda de substitución.

Vostede bota balóns fóra dicindo que é a Comisión Mixta a que ten que decidir cales son os xulgados necesarios. Pero suponse que o Goberno da Comunidade Autónoma algo terá que dicir tamén, non só a Comisión Mixta, fundamentalmente porque a Comisión Mixta non é un órgano elixido polos cidadáns como representantes desta Cámara, que estamos aquí para legislar.

Non di vostede absolutamente nada do acompañamento integral ás vítimas, elimina vostede esa posición no seu punto 1; no punto 1 da súa emenda non está.

Tamén lle diría que hai unha gran diferenza entre modificar as estruturas de maneira inmediata e cando sexa posible. É verdade que vostedes están suxeitos a cuestións orzamentarias; é máis: estou segura de que o Grupo Parlamentario Popular está suxeito ás directrices que o Goberno lle marca en todas as proposicións e todas as iniciativas que ten aquí, incluso nesta emenda á nosa proposición non de lei. Pero entre «inmediata» e «cando sexa posible» hai algo no medio que vostede puido plasmar na súa emenda e tampouco o fixo.

E é importante, señora Paula Prado, que lea vostede as propostas das iniciativas, porque na nosa iniciativa, cando no último punto se fala de formación, di que se incremente, non que se cree *ex novo*, senón que se incremente a formación. E vostede recriminouos en que era como se dixésemos que non había ningunha formación. Non, se é que se incremente é que xa hai algo previo, se non non é que se incremente, en todo caso nacería. Polo tanto, é importante ler as iniciativas.

Hai un par de anos na Comisión de Igualdade, na que vostede creo que estaba, veu unha representante do Consello Xeral da Avogacía Española a unha comisión aquí, a esa comisión específica, para falar dos dez anos de vixencia da lei do ano 2004.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Si, presidente, pídolle un minuto, igual que o resto dos grupos tiveron, e eu non esgotei na miña primeira parte o tempo, pídolle que me deixe un minuto nada máis. E, se é posible, por favor, que a señora Paula Prado cale un pouco, porque eu non vociferei cando ela interveu na súa exposición.

Esta avogada que veu en representación do Consello Xeral da Avogacía Española exixía naquel momento, no ano 2014, e veu a esta Cámara así dicilo, que era necesario non só o acompañamento senón a asistencia letrada previa, que era necesaria a formación continúa. Criticaba ao seu propio colectivo, dos avogados, dos xuíces, porque non só son os xulgados de Violencia, senón os xulgados de Garda que atenden as vítimas e os detidos cando chegan, dos médicos do Imelga, dos equipos psicosociais, que están saturados porque se dedican

fundamentalmente a cuestións de familia, como o de Santiago, por exemplo, ou o de Pontevedra.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...-remato, presidente-. Decía que aquí expresamente son necesarios xulgados de Violencia exclusivos con competencias especiais, porque non só a sobrecarga de traballo destes xulgados se mide de maneira cuantitativa senón tamén cualitativa, polo tipo de cuestións.

Polo tanto, señora Paula Prado, eu, de verdade, podería chegar a unha transacción con vostede se inclúe «exclusivos», se inclúe o acompañamento e me pon unha data para esas reformas e eses xulgados que vostede me pide.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor. Grazas.

Entendo que van intentar chegar a unha transacción, ¿ou non? (*Murmurios.*) Bueno, era para apuntalo aquí.

Pois rematado o debate desta iniciativa, suspendemos a sesión ata as dezaseis e trinta minutos.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e dezaioito minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Comezamos a sesión.

Seguimos coas proposicións non de lei, a quinta, do G. P. En Marea.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para loitar contra a violencia de xénero no medio rural

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Esta iniciativa foi publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* o día 7 de decembro. A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, a 2.581, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paula Prado del Río, a través o seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

(«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Fornecer cursos de formación sobre temas vinculados o empoderamento e implementar campañas de sensibilización e concienciación orientadas especificamente ás mulleres rurais.*
- 2. Poñer os medios e recursos suficientes para mellorar a atención ás mulleres vítimas de violencias machistas no medio rural e evitar situación de illamento.*
- 3. Apoiar a todas as entidades locais que, cumprindo co establecido no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se regulan os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, pretendan poñer en marcha un Centro de Información á Muller.»)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra don David Rodríguez Estévez, do Grupo Parlamentario de En Marea.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, señor vicepresidente.

Boa tarde.

Cando falamos da violencia de xénero no medio rural non estamos a falar dun tipo de violencia de xénero diferente, segue sendo a mesma violencia froito dunha sociedade marcadamente machista e dun sistema patriarcal. Mais a violencia de xénero que se produce no medio rural presenta características diferentes que a acometida en contornos urbanos.

A violencia contra as mulleres non só se limita ás agresións físicas ou, no peor dos casos, á morte das vítimas. As mulleres sofren tamén outros tipos de violencia, como a falla de servizos especializados, salarios máis baixos que os homes e, cando non, carencia de recursos económicos, acoso, maltrato psicolóxico, discriminacións en todos os ámbitos, violacións, etc.

Esta violencia estrutural agudízase no caso das mulleres que viven no contorno rural. A violencia machista no medio rural conta con algúns factores e dificultades específicas que cómpre identificar se queremos deseñar políticas eficaces na loita contra a violencia machista: a dispersión xeográfica, o illamento, o despoboamento, o envellecemento da poboación, a falta de infraestruturas e medios de transporte e a supresión de servizos públicos. Estes elementos agravan a situación de vulnerabilidade das mulleres no contorno rural. Así mesmo, os recortes nos servizos públicos fan que o rural perda os escasos medios cos que contaba a prol da igualdade e en contra da violencia machista.

A escasa implementación de políticas de igualdade e recursos especializados para loitar contra a violencia machista dende ámbitos como o educativo, os medios de comunicación, o sanitario, as forzas de seguridade, os concellos, as administracións de xustiza son os medios

humanos e materiais necesarios para garantir a saída real das mulleres desa situación de violencia.

Debe asegurarse, dende as administracións, unha atención especializada axeitada ás mulleres no contorno rural, para evitar erros tan terribles como os que levaron no ano 2015 ao asasinato de María Isabel Fuertes —veciña da aldea de Pazos, en Verín, na provincia de Ourense—, un caso no que non se activou o protocolo de protección, ou en 2016 o asasinato de Ana Gómez —veciña de Erbón, en Becerreá (Lugo)—, que solicitou, nos días previos ao seu asasinato, asesoramento para irse do seu domicilio.

Outro dos factores é o illamento que padecen as mulleres no medio rural. Este illamento é especialmente dramático naquelas mulleres que só se interrelacionan co seu propio agresor. É o día a día de pequenos núcleos de poboación, onde todo o mundo se coñece e onde son os agresores os que participan da vida social e do espazo público, mentres que as vítimas fican en moitos casos illadas do espazo privado. Isto dificulta enormemente as súas posibilidades de saír dunha situación de violencia.

Os datos demostran a falta de implicación das diferentes administracións na loita contra a violencia machista. Un bo exemplo son os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial do ano 2015, onde se destaca que os xulgados de Cangas do Morrazo, Lalín, Cambados e Becerreá foron os únicos de Galiza onde o cen por cento das causas de violencia de xénero tramitadas foron sobreseídas; a estes xulgados séguelles Betanzos, con case o 96 % das causas. Todos eles xulgados do rural.

Atendendo a estes factores e dificultades, cómpre implementar políticas integrais para acabar cos modelos machistas nas relacións afectivas, económicas, sociais, etc., que dean como resultado a fin da lacra que é a violencia machista: menos información, máis presión e máis medo á hora de denunciar, dificultade para que se respecten as medidas xudiciais —como a orde de alonxamento— e peor acceso aos recursos dos que dispoñen.

Diferentes estudos coinciden en que, aínda que é imposible coñecer se a permanencia do maltrato é maior ou menor no medio rural, abordar e atallar estas situacións é máis difícil lonxe das cidades. Existe unha maior presión sobre as mulleres para ocultar o maltrato no que viven, ao ser un medio moito máis pechado, posto que as relacións coa veciñanza son máis intensas, e senten que ao facelo público afectarían o seu propio contorno. Pola contra, os maltratadores séntense menos cuestionados polo seu contorno, pois cren que ninguén vai inmiscirse no que ocorre dentro da súa propia casa.

Fan falla investimentos para mellorar o acceso aos recursos e para mellorar as políticas de igualdade. O medo a denunciar no rural é maior; existe unha cultura tradicional cun acusado sexismo, cunha poboación envellecida e con dificultades de mobilidade para as mulleres. Non existe información e formación sobre o xénero, non existen medidas a adoptar para a prevención das vítimas —en especial nas ordes de protección—, o que deriva en desprotección para as mulleres e incremento do risco de agresión.

Dende En Marea propomos unha serie de actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para loitar contra a violencia de xénero no medio rural: fortalecer e fornecer cursos de for-

mación sobre temas vinculados ao empoderamento e implementar campañas de sensibilización e concienciación orientadas especificamente ás mulleres no rural; pór os medios e recursos suficientes para mellorar a atención ás mulleres vítimas de violencia machista no medio rural e evitar situacións de illamento; incrementar o número de centros de información á muller, de xeito que poida acadarse o obxectivo de dispor, como mínimo, dun en cada concello de Galiza, para cubrir as necesidades de asesoramento e apoio das mulleres que sofren violencia machista no rural.

Na actualidade hai 81 CIM en todo o país: 29 na Coruña, 11 en Lugo, 14 en Ourense e 27 en Pontevedra; claramente insuficientes e faltos de recursos para atender as demandas e necesidades de información, atención e asesoramento xurídico e psicolóxico das mulleres vítimas da violencia machista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Como grupo emendante, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

A verdade, señor Rodríguez, sorprendeume que fora vostede o que defendese esta iniciativa porque vindo do mundo rural tiven que ler varias veces a exposición de motivos porque non daba creto ao que estaba lendo. Así que, como cuestión previa —se me permiten—, antes de falar de eliminación de estereotipos no eido da igualdade, vou falar algo de eliminación de estereotipos con respecto ao rural e, concretamente, das mulleres que viven no rural.

Non entendo, señoría, a razón que vostede explica na súa exposición de motivos de que polo feito de ter como profesión agricultora ou gandeira supón afondar na fenda salarial ou de igualdade de dereitos. É máis: o concepto que vostedes teñen de muller labrega fala de dependencia económica, cando non ten por que estar directamente relacionado. ¿Acaso cren vostedes que sofre menos violencia económica unha muller que traballa, por exemplo, coa súa parella nun pequeno negocio dunha gran cidade, ou unha muller que traballa coa súa parella nun despacho profesional nunha gran cidade? ¿Vostede cre que aí non se dan casos de violencia económica? Pois eu dígolle que si. A violencia machista, por desgraza, non entende nin de territorio, nin de clases sociais, nin de clase económica.

Tamén falan de illamento no eido rural. Bueno, só se me ocorre como illamento pois que non teñan acceso a Internet, que tamén é verdade que hai algunhas zonas no rural que non teñen acceso a Internet. Pero unha muller que sofre violencia de xénero non conta con mellor situación por vivir nun edificio de vinte plantas con catro pisos por planta. Non, porque a violencia de xénero sófrena en silencio, e dá igual que estea nunha aldea do rural que que estea no edificio máis grande da cidade máis grande que vostede poida imaxinar en Galicia.

Por tanto, o importante, señorías, é ter acceso aos recursos. E non por vivir nunha cidade podemos deducir que o acceso é óptimo, non necesariamente. E dígollo porque algo de experiencia teño en atención ás mulleres, sobre todo no ámbito rural, e os recursos que hai no rural son accesibles a esas mulleres. Dígollo porque é así, é certo, é absolutamente certo.

O que si podemos dicir —e estou de acordo— é que isto é un tema educacional, polo que as medidas teñen que ser para a sociedade en xeral, con independencia de onde vivan. Ademais, as mulleres que viven no rural móvense; vostede sábeo, non viven atadas ao territorio. A súa imaxe do rural sinto dicirlle que está moi distorsionada, quizais debería vivilo máis para entendelo mellor. E por iso lle digo que me sorprende que sexa vostede, precisamente vostede, o que defenda esta iniciativa e diga as cousas que di das mulleres do rural. Porque vostede, ata hai pouco, foi alcalde dunha pequena localidade galega rural, e sorpréndeme que diga estas cousas das súas veciñas, xa non digo dos veciños, pero si das súas veciñas.

Este é un problema da sociedade, de mulleres e de homes. Tamén podemos falar de que hai mulleres maiores, mulleres estranxeiras, mulleres con discapacidade, mulleres que teñen adiccións... ¡Claro!, hai diferentes tipos de actuacións para os diferentes colectivos. Pero o que hai que facer son actuacións en conxunto para mellorar a igualdade e para intentar erradicar a lacra da violencia machista, pero non porque sexan mulleres do rural ou mulleres do urbano.

Apoiamos os dous primeiros puntos da súa iniciativa, señor Rodríguez —xa que están na liña na que está traballando a Xunta de Galicia—, e estamos de acordo con que hai que seguir facendo cursos de formación e de empoderamento das mulleres rurais e seguir dotando de medios e recursos para mellorar a atención das mulleres.

Non estamos de acordo con pechar recursos de información e atención especializada ás mulleres. Non estamos de acordo con que o Goberno do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego peche o CIM de Ponte Caldelas. Levamos todo o día cun pleno monográfico de igualdade e de violencia de xénero, e aquí ningún voceiro desas bancadas, das tres formacións políticas, fixo ningunha soa crítica ao peche do CIM de Ponte Caldelas. Faláron de recortes, faláron de suprimir recursos, pero nin unha soa crítica ao peche do CIM de Ponte Caldelas.

Sinceramente, o seu discurso é absolutamente increíble, por non dicir que non é nada crible. O único que lles importa é desgastar o Goberno do Partido Popular.

¿Vostedes están de acordo con que peche o CIM de Ponte Caldelas? ¿Vostedes están de acordo con que un dos grandes logros que fixemos en igualdade foi conquistar servizos especializados ás mulleres? Esta mañá houbo aquí algunha voceira que pedía servizos especializados. E vostedes apoian o peche dun servizo especializado para que se fale dun servizo integral, onde poidan atender tanto a un emigrante retornado como a un señor que lle pasan unha factura da luz por excesiva igual que a unha vítima de violencia de xénero. Un señor que non sabemos se ten formación especializada fronte a dúas profesionais que levan dez anos traballando con mulleres vítimas de violencia de xénero, con mulleres do rural, señorías, do rural de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: A vostedes iso non lles importa.

Ben, si, remato, señor presidente.

Como non presentaron ningunha emenda nin o Bloque nin o Partido Socialista no punto 3, porque o punto 3 di: «Abrir un CIM en cada concello de Galicia», supoño que a emenda tería que dicir «...excepto en Ponte Caldelas». Supoño que pedirán a votación por puntos, e cando menos absteranse no punto 3 ou votarán en contra. Nós imos ser coherentes co discurso, e igual que dicimos que os servizos teñen que ser comarcalizados e igual que cremos que os 81 CIM dan servizo a toda a comunidade —porque dan servizo a máis concellos que onde están instalados—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...tamén esperamos e agardamos o seu posicionamento sobre a eliminación do servizo especializado no rural galego, e concretamente do CIM de Ponte Caldelas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...porque, se non, ou a señora Pontón non manda nada no Bloque, ou é cómplice do peche dese CIM.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora dona Olalla Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ¡Que ben lles veu ese carameliño!, ¿eh?, señora Paula Prado.

(*A señora Prado del Río: Non é unha risa, non o é para nada.*)

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Non, non, non é unha risa, pero déixeme... (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben*) ...déixeme tranquila que temos tempo. Se quere tomamos un café despois e falamos do CIM de Ponte Caldelas. Déixeme que responda primeiro ao grupo propoñente e, en todo caso, ao final da miña intervención referireime a iso que se referiu aquí a compañeira do Partido Popular, que, sorprendentemente, si temos unha visión, non sempre imos de estar en desacordo. Tiñamos unha valoración da exposición de motivos desta iniciativa que camiña un pouco no mesmo sentido, aínda que con matices.

Para nós tamén era interesante abrir esta intervención facendo unha consideración xeral a respecto desa afirmación que se fai na exposición de motivos, porque ter de profesión a agri-

cultura, ser agricultora ou gandeira —como dicía a señora Paula Prado— non supón un agravamento da violencia machista —iso é un prexuízo enorme—, e entendemos ou quero pensar que non era esa a intención que se pretendía plasmar nas páxinas da iniciativa.

A violencia machista —dicía a señora Paula Prado— non entende de clases sociais, non entende de ideoloxías, non entende de razas. Pero si que existe unha intersección —se me permiten empregar o concepto de Kimberlé Crenshaw— entre o xénero e a xeografía; aí si que se produce esa intersección, que neste caso é o que obriga a desprezar, desenvolver ou introducir unha perspectiva específica para atallar a violencia machista nos espazos rurais. Como si que se recolle na propia iniciativa, como se apunta nela, nos espazos rurais o que se desenvolve é un modelo de relación social diferente. E sobre todo —é o que entendemos nós— o máis importante disto: a falta de servizos no marco dunha poboación dispersa xeograficamente é o que máis obriga a adoptar estratexias específicas. Neste sentido, nós apoiamos a iniciativa que se presenta.

Si me gustaría facer, se fose posíbel, unha emenda *in voce* a esta cuestión. Estamos de acordo con que hai que mellorar e hai que ampliar a formación en materia de xénero a todo o persoal que traballa na Administración pública, concretamente a aquelas persoas que traballan na Administración local, por ser tamén estas as máis próximas á veciñanza e, no concreto, ás mulleres. A respecto da emenda *in voce* que propuña era que, cando se fala de mellorar e ampliar as conexións para rachar con ese illamento, nós cremos que é necesario facer fincapé, poñer expresamente, que o que hai é que mellorar e ampliar as conexións de transporte colectivo dos núcleos de poboación rurais coas cabeceiras comarcais e tamén coas cidades para evitar esa situación de illamento.

O de falar de recursos e medidas está ben, pero hai que falar de cal é a cuestión concreta que temos enriba da mesa e que illa esas poboacións locais. A pesar de que eu discrepo un pouco dese concepto de illamento, porque dentro das comunidades rurais o que se desenvolve é un modelo de relacións —xa o dicíamos— completamente distintas, pero si que se xera unha comunidade moi forte. Eu estou máis illada vivindo en Lugo que na Ribeira de Piquín; non coñezo as persoas coas que comparto o meu bloque de edificios, pero si que coñezo non só as persoas que viven comigo na aldea senón a practicamente todo o concello.

A respecto do centro de información para mulleres, dicíalle eu ao comezo, señora Paula Prado, que está vostede encantada con ese carameliño porque está moi ben que apunte —e eu comparto con vostede— que é absolutamente difícil de comprender que se peche un centro de información para mulleres. Pero tamén é difícil manter eses centros de información para mulleres cun financiamento a través de subvencións de fondos FEDER. Unha das cuestións que sempre reclaman as traballadoras que fan parte deses centros de información para as mulleres —e sabémolo todas as forzas políticas que temos representación nesta Cámara— é estabilidade nos orzamentos e non ter que xustificar a través dunha subvención, e a través de proxectos en concreto, o mantemento desas liñas. E díggolle que estaba vostede encantada co seu carameliño, porque vostedes pecharon as oficinas de Igualdade e Benestar e aquí non puxemos a súa cabeza na picota por ter feito iso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Xa digo que se aceptan a emenda *in voce* —como se di— de mellorar e ampliar o transporte colectivo, nós estamos de acordo. E coincidimos —bueno, isto é un cruzamento de palabras— tamén na necesidade de ampliar e comarcalizar. Estamos de acordo con que é mellor xestionar a través de servizos comarcais os centros de información para mulleres.

Eu faría fincapé na especial atención que debe ter para esta Cámara a Montaña de Lugo. Se vostedes van á páxina da Secretaría Xeral de Igualdade e premen no mapa dos centros de información para mulleres, a Montaña de Lugo está deserta desde Ribadeo a Quiroga. Necesitamos centros de información para mulleres. Falábase do caso de Ana Gómez, que tivo que acudir á Casa da Muller de Lugo porque non hai ningunha oficina nin ningún centro de información para mulleres nas súas proximidades, máis alá das traballadoras sociais que traballan no Concello de Becerreá, que, como pasa en moitos outros concellos —sábese ben— da Montaña de Lugo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...ou de Ourense incluso, compartimos entre concellos traballadoras sociais.

Pero, xa digo: se aceptan esta emenda *in voce* a respecto do transporte, ben. De todas maneiras, apoiaremos esa medida e tamén buscaremos información a respecto do peche do CIM de Ponte Caldelas.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten agora a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia María Luisa Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señoras e señores deputados.

O Partido Socialista apoiará, por suposto, esta proposición que hoxe plantexa o Grupo Parlamentario de En Marea, que en ocasións anteriores expuxemos tamén nós en termos similares ante esta Cámara. Quizais o que toca subliñar hoxe é o feito de que ante esta Cámara se tocan ben nas comisións ben nos plenos moitos temas, moitas problemáticas sociais, moitas reclamacións e necesidades dos galegos e das galegas, e é certo que moitas delas son aquí tratadas, rexeitadas ou apoiadas, pero solventadas. O tema que agora nos ocupa, a violencia de xénero, ten por desgraza o triste mérito de ser un dos máis tratados e recorrentes nesta Cámara. Isto é sinal da dificultade de erradicar un mal que parece ir da man do noso haber cultural e educacional. Por tanto, calquera intento sensato de poñerlle freo será sempre ben recibido polo Partido Socialista, especialmente sensible con esta problemática.

A violencia machista, especialmente a de xénero, é un tema difícil de atallar —sabémolo— pero é labor dos gobernos poñer todo da súa parte para axudar a frealo e rebaixar así o seu

índice de incidencia. No noso ámbito, isto xa foi comentado aquí na exposición anterior. É xustamente o rural o contorno no que unha maior desprotección teñen as mulleres ante situacións de violencia de xénero. Porque aquí non estamos a falar de que exista unha maior incidencia deste problema nese ámbito senón da maior vulnerabilidade das posibles vítimas e, polo tanto, dunha maior necesidade de medidas, recursos e axudas.

A invisibilidade que sofren as mulleres no ámbito rural é dobre: por unha banda, polo feito de ser mulleres e, por outra banda, polo feito do ser do rural. As condicións laborais destas mulleres son, probablemente, unhas das máis penosas da nosa comunidade. Son traballadoras que aportando corenta e cinco horas semanais nas explotacións agrarias o fan silenciosamente. De cada dez mulleres, soamente tres cotizan á Seguridade Social; o que é o mesmo: sete delas non terán pensión no futuro, sete delas non existen, sete delas parecen non importar a ninguén. Que isto estea a acontecer en Galicia é especialmente grave tendo en conta que o 83 % do noso territorio é rural. E se estas mulleres non son visibles para o traballo, menos aínda o son ante o problema da violencia de xénero. A dispersión no territorio íllaas e, por outro lado, a forma de vida máis nuclear, tanto familiar como veciñalmente, fanas altamente vulnerables e dependentes. A presión social para calar e invisibilizar os problemas é, por tanto, moito maior. Son moitas as mulleres que se ven altamente influenciadas por eses contornos pechados, por esa dependencia económica, atopando serias dificultades para denunciar.

Na actualidade, a nosa comunidade conta con 313 concellos, e soamente 81 deles contan cun centro de información á muller. Detéctase que existen moitos núcleos de poboación e concellos que se atopan aínda a uns vinte quilómetros dun destes centros. E demóstrase, ademais, que no rural a muller se move con moitas máis dificultades, e raramente soa, polo que aumentar o número dos CIM parece totalmente preciso. Máis aínda, cando se observa como o número de consultas crece de forma contundente no conxunto de todos estes centros en Galicia, o que fala do seu papel como centros de referencia para as galegas.

E quen di acceder a un destes centros de información di acceder a ferramentas de comunicación como as que facilita a Internet. Comentábo pola mañá o compañeiro Losada: son moitas as áreas da xeografía galega que carecen de rede móbil e, máis aínda, de conexión a Internet. E naquelas zonas onde existe, son as mulleres rurais as usuarias con máis dificultades para facer uso delas. Potenciar cursos de formación no seu manexo, facilitar a dispoñibilidade de sinal en lugares aínda sen servizo axudaría ao acceso das mesmas á información, ás redes de axuda, potenciando o seu empoderamento e salvando tamén o seu illamento xeográfico.

E aínda máis: unha muller que denuncia no rural ten que afrontar outra consecuencia desta decisión, que se ben no ámbito urbano é grave, no rural vese potenciado pola imposibilidade de seguir traballando, perdendo a familia, o seu modo de sustento, a aldea, as relacións sociais e a vida que coñecen.

E en relación ao tema de Ponte Caldelas, señora Prado, dicirlle que o servizo ás mulleres no concello de Ponte Caldelas estará garantido. O CIM péchase temporalmente, precisamente polos recortes, pola incapacidade para soste-lo servizo como tal. (*Murmurios.*) Pero darase o

servizo xurídico e psicolóxico a todas as mulleres que o precisen. (*Murmurios.*) Darase o servizo a todas as mulleres que o precisen conveniando con outros concellos próximos. (*Murmurios.*) Precisamente pola dificultade para manter este servizo. (*Murmurios.*) E resolto o problema laboral... (*Murmurios.*) volverase instaurar o servizo CIM, que é o interese do Partido Socialista. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por favor, deixen falar a persoa que ten a palabra.

A señora PIERRES LÓPEZ: Por todo isto, e a sabendas de que moito máis se pode e se debe facer por apoiar esta clara situación de vulnerabilidade das mulleres do rural, o Partido Socialista apoia esta proposición coa esperanza de que pouco a pouco vaíamos sumando entre todos iniciativas para que vaia mingando no tempo a incidencia desta grave problemática.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

Polo grupo parlamentario autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Ben, a política de recortes que está a practicar a Xunta de Galiza ten incidido no desmantelamento de moitos servizos públicos que se viñan prestando no rural, e sobre todo nos concellos —no meu concello polo menos así foi—. Polo tanto, tamén os da atención ás mulleres que viven nas zonas rurais.

Ter de profesión a agricultura ou a gandería, ademais, supón afondar, aínda máis, na fenda de desigualdade laboral e de dereitos, o que ten a súa repercusión loxicamente no agravamento da violencia. A dependencia económica das mulleres labregas si que xera outra forma de violencia machista, que é a económica. Das mulleres que forman parte das cooperativas agrarias, o 49 % son socias, (*Murmurios.*) só un 12 % están nas xuntas directivas e só un 3 % son presidentas; isto non é normal. Non sei se é violencia machista ou económica, pero é violencia e non hai igualdade.

Desde o 2011, a Lei de titularidade compartida e de explotacións gandeiras, señora Prado, de nove mil explotacións só catorce pasaron a titularidade compartida. Iso é violencia (*Murmurios.*), iso non é violencia, iso non é igualdade. Hai que fomentar políticas que xeren igualdade, que fomenten a igualdade. O 72 % das titularidades son homes e só o 28 % son mulleres.

Vostede é boa coñecedora do rural porque dime, ademais, que se dedicou a iso. Cando unha muller denuncia na cidade de Compostela, ¿canto tarda en chegar un corpo de seguridade a esa casa? (*Murmurios.*) Vale. Unha muller que denuncia no concello de Manzaneda, ¿canto tarda unha patrulla desde Montederramo —porque tamén suprimiron unha patrulla nas dúas comarcas— en chegar a Manzaneda? Unha hora e media. Nunha cidade non tarda unha hora e media en chegar. Pois ese é outro recorte dos que aplicaron vostedes.

O protocolo de actuación no Concello de Manzaneda témolo. Tivémolo que custear nós, sen recursos económicos e sen recursos técnicos. Custeouno o Concello. As traballadoras do CIM quéixanse por falta de recursos económicos, aínda que é titularidade dos concellos. Pero, ¿por quen están financiados? Pola Xunta de Galiza, nin máis nin menos. (*Murmurios.*) E vos-
tedes baixan esa subvención e o CIM non pode prestar os servizos como debería.

Mire, ¿sabe o único que os está salvando? O que lles está cubrindo as espaldas, grazas ao gran traballo que fan, son as asociacións de mulleres rurais que existen por todo o país, que, case dunha forma desinteresada e tendo que adiantar os cartos para as súas traballadoras, fan o traballo que vostedes non son capaces de facer.

Nós, pola nosa parte, aceptamos a engádegas do Bloque Nacionalista Galego e aceptamos a votación tamén por puntos, como vostedes dixeron.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Pasamos entón á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa actividade da planta de produción de cloro de Elnosa en Lourizán, en Pontevedra

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A proposición non de lei foi publicada no *Boletín Oficial do Parlamento* o día 7 de decembro.

A esta proposición non de lei presentouse unha emenda por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Vilán.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través o seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

(«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Cumprir estritamente a normativa de vertido cero para contaminantes como o mercurio.*
- 2. Aplicar estritamente os criterios ambientais legais para a emisión do informe sobre a ampliación da concesión dos terreos de dominio público marítimo terrestre que Elnosa ocupa na actualidade.*

3. *Dirixirse ao Ministerio de Medio Ambiente do Goberno do Estado para iniciar o proceso de recuperación para uso público dos terreos que ocupa a fábrica de Elnosa en Lourizán.»)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Luís Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde.

Vou comezar a miña intervención cunha cita dun político galego: «Non cabe a posibilidade de manter Ence na ría. Non imos dicir unha cousa e facer a contraria». Non sei se adiviñan de quen é esta cita, que é de maio do 2009, é de Alberto Núñez Feijóo. «Feijóo reunírase con Ence en breve para estudar a súa reubicación en Pontevedra», 21 de maio do 2009. «‘Non imos dicir unha cousa e facer a contraria’, sentenciou o xefe do Executivo autonómico na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta que se reuniu na cidade de Pontevedra de forma excepcional e por primeira vez na historia da Autonomía galega»; é a noticia publicada no xornal local. Xa vemos o que vale a palabra do señor Feijóo, a palabra do presidente da Xunta non vale nada.

Catro anos despois, en outubro de 2013, a Xunta de Galicia anuncia a sinatura dun acordo coa empresa propietaria de Elnosa, coa empresa portuguesa CUF. Un acordo que ten tres apartados: primeiro, o cesamento da actividade de maneira improrrogable na ría de Pontevedra a finais do 2016 —recórdolles en que data estamos—; compromiso da empresa de non solicitar prórroga á concesión, que caduca en 2018; e terceiro, compromiso pola empresa de presentar dúas ubicacións alternativas para Elnosa, unha delas na área de influencia de Pontevedra. Xa vemos que non só non vale de nada a palabra, tampouco valen de nada os acordos escritos, coma este subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente e a empresa propietaria de Elnosa.

No ano 2013 aproban unha autorización ambiental integrada, que prevé a data de inicio do cesamento da actividade o 31 de decembro de 2016, é dicir, dentro de cinco días. E esta autorización ambiental integrada renóvase de novo ata decembro do 2017 en setembro do 2016. E chegados aquí estamos xa a finais de ano, pero no mes pasado, no mes de novembro o 24 de novembro de 2016, a Xunta de Galicia, a través do seu comité de prensa, publica un comunicado informándonos —non sabemos nada do tema— de que estaba en negociacións coa empresa Elnosa para facilitar a súa permanencia en Lourizán máis alá do 2017. Unha negociación, por certo, na que participou o vicepresidente da Xunta, tamén o conselleiro de Economía e Industria e a conselleira de Medio Ambiente, é dicir, unha negociación do máis alto nivel. E informábanos daquela de que se prevé facer un importante investimento para fabricar cloro alcalino no actual emprazamento, é dicir, para perpetuar —como fixeron xa con Ence— esta empresa nociva e perigosa nas proximidades da cidade de Pontevedra.

E a min chámame a atención sobre todo que a Xunta de Galicia a través deste comunicado actúe como voceira da empresa, é dicir, está transmitindo publicamente as intencións da empresa de permanecer nesa ubicación en contra de todos os criterios desde todo punto de

vista lóxicos, ambientais e tamén legais. Por suposto, sen comunicarlle nada ao Concello de Pontevedra —práctica tamén que é habitual— ao respecto. E nun exercicio clarísimo de falta de transparencia e de escurantismo porque non se nos deu conta en ningún momento desas negociacións —infórmase a posteriori— nin dos acordos que se tomaron ao respecto.

Polo tanto, chégase a un acordo coa empresa en contra de acordos anteriores. Vostede di que uns falan e outros fan; vostedes fan pero fan o contrario do que din, o contrario do que falan. Porque hai que dicir que neste caso están contravindo normas urbanísticas de ordenación do territorio, como as Directrices de ordenación do territorio ou o Plan de ordenación do litoral, aprobados por vostedes, que clasifican os terreos onde se asenta a fábrica como «zona de mellora paisaxística». En concreto, a disposición adicional terceira do POL establece a previsión de recuperación e rexeneración ambiental e paisaxística da zona a partir de 2018. Non sei que pensan facer vostedes co POL, se serve para algo, se o fan tamén en papel *tissue*, se o escriben en papel *tissue*. Pero a realidade é que é papel mollado e non vale para nada. Non sei para que fan as leis; as palabras non valen nada, as leis tampouco valen nada.

O que están —estámolo vendo, é máis que evidente— é desde o Goberno da Xunta preparando o terreo para a ampliación da concesión de Elnosa máis alá de 2018, que é outro trato de favor exactamente igual que o que fixeron coa ampliación da concesión a Ence aplicando a reforma da Lei de costas; entregando gratuitamente —é o que prevén facer— terreos de dominio público marítimo-terrestre, exactamente máis de doce mil metros cadrados, a unha empresa privada para facer negocio privado. É dicir, prevén xa aplicar o mesmo que fixeron con Ence coas portas xiratorias. Si, dese consello de administración do que forman parte Isabel Tocino ou Carlos del Álamo; parece ser que hai que ser responsable de Medio Ambiente para formar parte do consello de administración desta empresa. É unha decisión ademais que revela a contaminación, que non é a peor contaminación a da ría de Pontevedra, a do contorno ou a dos montes galegos adiante, senón a contaminación da rede de sumidoiros do Estado. Pero, bueno, esa é unha decisión que aínda é obxecto dun debate, dunha campaña, e, desde logo, veremos a resolución dos tribunais de xustiza, tanto estatais como internacionais.

No caso de Elnosa non sabemos como prevén vostedes resolver a situación de irregularidade ou de ilegalidade urbanística na que está pendente da aprobación dun PERI. Non sabemos se pretenden bordear as competencias municipais aprobando un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal como fixeron no caso de Ence. En todo caso, está pendente buscarlle unha solución legal á permanencia, xa non digamos polo caso das Directrices de ordenación do territorio ou do Plan de ordenación do litoral senón pola necesidade de que haxa un PERI ou un proxecto sectorial de incidencia municipal.

Por iso parécenos pertinente traer aquí unha serie de preguntas, por exemplo:

¿A que acordos en realidade chegaron coa empresa?

¿Van aprobar un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para saltar as competencias do Concello e para saltar a vontade maioritaria, por exemplo, do Pleno da Corporación de Pontevedra con 17 de 25 concelleiros que manifestaron claramente a súa posición contraria a esa ubicación, tanto para Ence coma para Elnosa?

Ou tamén lles preguntamos se prevén ampliar o período de concesión aplicando a Lei de costas, esa Lei de costas das portas xiratorias.

Eu creo que só lles falta introducir unha nova norma legal, digamos «o dereito de pernada urbanístico», para favorecer intereses particulares en contra dos intereses públicos. ¡Xa é o último que lles falta!

Quero recordar aquí —por se non o saben— que Elnosa ten unha actividade e unha ubicación que non lle permiten seguir na ubicación que está; é unha actividade clasificada como nociva e perigosa, unha ubicación prohibida pola lei para este tipo de actividades pola proximidade a núcleos de poboación. É unha auténtica bomba de relojería. É unha ameaza para a poboación da contorna, na que viven máis de cento vinte mil persoas.

Por iso traemos aquí unha proposta concreta, para a que lles pedimos o seu voto:

En primeiro lugar, iniciar os trámites para o cesamento da actividade de Elnosa en Lourizán, cumprindo a normativa legal vixente, entre elas, as Directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral.

En segundo lugar, desbotar a ampliación da concesión dos terreos de dominio público que ocupan na actualidade e informar negativamente ao respecto en caso de que se tramite.

E en terceiro lugar, dirixirse ao Ministerio de Medio Ambiente para iniciar o proceso de recuperación para uso público dos terreos —deses doce mil metros cadrados— que ocupa a fábrica de Elnosa en Lourizán.

Con respecto ás propostas de engádegas que formulou o PSOE, estamos de acordo nas dúas primeiras. A primeira fai referencia ao cumprimento da normativa de vertedura cero para contaminantes como o mercurio. E a segunda, aplicar estritamente os criterios ambientais para a emisión de informes no caso de ampliación da concesión. A terceira, entendemos que xa coincide co texto da proposta do BNG.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Patricia Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Elnosa está en Lourizán —xa o dicía o voceiro do BNG— máis ou menos dende o ano 1966, finais dos anos sesenta, que foi cando se outorgou a concesión. Está na marxe esquerda, pegada aos terreos onde está Ence. Hai unha concesión que ocupa 12.587 metros cadrados —iso

era unha zona de marisma, segue séndoo nalgún sitio, xa pouco—, e hai un banco marisqueiro en fronte moi importante.

No ano 2011, o que era naquel momento o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do Partido Popular —que agora é concelleiro no Concello de Santiago— dicía que o tempo límite para Elnosa era o 7 de xaneiro de 2014, e prorrogaba a concesión a través da renovación da autorización ambiental integrada. Entón, o propio Comité de Empresa de Elnosa recoñecía que estaba obrigada a efectuar un cambio tecnolóxico no sistema de produción de cloro porque utilizaba, e segue a utilizar, mercurio, que está prohibido pola Unión Europea, pois é altamente contaminante. E ademais o propio comité de empresa recoñecía a necesidade de cambio de ubicación das súas instalacións.

Os propios traballadores da factoría recoñecían que hai técnicas mellores que están dispoñibles para as empresas electroquímicas. En concreto, eu non coñezo a cuestión —é unha cuestión técnica que eu pola miña profesión non coñezo ben—, pero polo que me teñen explicado era cambiar o sistema de uso de mercurio pola utilización dun sistema novo a través de membrana, que xa non utilizaría este elemento tremendamente contaminante. E, polo tanto, Elnosa necesita —naquel momento dicíase, hoxe tamén— o cambio na súa tecnoloxía.

A finais do mes de maio deste ano, do ano 2016, España firmou uns documentos que dependen da Unión Europea, chámanse BREF —documentos de referencia sobre melloras técnicas dispoñibles—, que fan referencia expresamente a este tipo de empresas, empresas electroquímicas, e estes establecen que todas as empresas europeas terán catro anos de prazo para se adaptar a estas melloras técnicas. E segundo estes documentos, en principio, as autorizacións ambientais deixarían de ter carácter temporal, renovaríanse de maneira automática sempre que se cumprisen determinados parámetros ambientais. E aquí está a cuestión: incluso a propia Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio dixo na pasada lexislatura que Elnosa non tiña a tecnoloxía adecuada medioambientalmente, e que por iso precisamente non se lle podían aplicar estes documentos BREF, que naquel momento estaban pendentes aínda de ser asinados polo Estado español, e que estes cambios normativos non introducían modificacións substanciais para Elnosa. Non recordo se a conselleira era a actual conselleira ou era a anterior, pero iso era o que se dicía dende a Consellería de Medio Ambiente.

Hai un principio básico que é a vertedura cero para contaminantes como o mercurio polo seu valor altamente contaminante. A propietaria actual de Elnosa, que é CUF Quimigal, plantexou naquel momento o traslado da fábrica a outro sitio, a construción dunha nova planta cunha nova tecnoloxía. Pero agora resulta que Elnosa non quere abandonar Lourizán, quere seguir no mesmo sitio, e de feito presentou unha demanda ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para conseguir permanecer máis alá da seguinte data —que nos dixeron dende a Consellería de Medio Ambiente que era o fin último de Elnosa—, que era o 31 de decembro deste ano 2016.

A Consellería naquel momento dicía que estaba en estudo dar unha moratoria, autorización ambiental integrada, pero co fin de que Elnosa desmantelase a súa planta en Lourizán e pu-

xese en marcha unha nova planta. Pero o certo está en que o Goberno galego, pola porta de atrás —como dicía o voceiro do BNG—, emitiu hai pouco unha resolución pola que amplía o prazo ata o 11 de decembro do ano 2017, é dicir, o ano que vén.

E tendo en conta a obriga de cambio de tecnoloxía que aínda non se fixo, o esencial, o principio básico da Unión Europea de vertedura cero con relación ao uso de contaminantes como o mercurio para as electroquímicas —que coincide exactamente co que fai Elnosa—, por iso precisamente, polo cumprimento estrito da normativa ambiental, presentamos esta emenda, que insta o Goberno da Xunta de Galicia a cumprir este principio da Unión Europea de vertedura cero para contaminantes como o mercurio; de aplicar de maneira estrita os criterios ambientais legais para emitir informes sobre a ampliación, se é o caso, da concesión dos terreos de dominio público que ocupa Elnosa na actualidade; e, copiando literalmente o que establece o último punto da proposición non de lei do BNG, dirixirse...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—remato agora mesmo, presidente— ao Ministerio de Medio Ambiente do Goberno do Estado para recuperar para uso público os terreos que dende finais dos anos sesenta ocupa Elnosa en Lourizán e volver ter unha marisma como a que tiñamos naquel momento.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra don Marcos Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas.

Boa tarde a todas.

Dende o Grupo Parlamentario de En Marea imos votar favorablemente esta iniciativa porque defendemos a recuperación da ría de Pontevedra e estamos na defensa do Estado de dereito, onde o cumprimento das sentenzas xudiciais son de obrigado cumprimento por parte das institucións.

A pretendida prórroga de Elnosa na ría de Pontevedra en espazo público marítimo-terrestre é outro episodio máis do atentado medioambiental urbanístico e social na ría de Pontevedra e a súa contorna. Pero tamén é outra mostra de que o Partido Popular non cumpre coa legalidade, o que se evidencia nas distintas actuacións que veñen facendo na ría de Pontevedra, que debe rebentar o ilegalnómetro de ilegalidades por metro cadrado de calquera país cunhas institucións serias e rigorosas, e que o desacredita tamén no que ten que ver co cumprimento da legalidade e a defensa do Estado de dereito. E aos feitos remítome: Elnosa, Sentenza da Audiencia Nacional con data do 29 de xaneiro de 2014, ratificada polo Tribunal Supremo, que condena a Administración xeral do Estado á incoación do expediente de caducidade da concesión e á adopción de todas as medidas legalmente contempladas para a paralización

das actividades e suspensión do uso e explotación das instalacións que non contén con concesión administrativa e demais autorizacións legalmente exixibles. Non sabemos se Amaya Echevarría Moreno, unha das máximas responsables de Elnosa, aproveitou estes días de Nadal para falar disto coa súa irmá, a actual subdirectora xeral de Coordinación Ambiental da Xunta de Galicia.

Na mesma situación, con sentenzas xudiciais firmes, e nos mesmos termos, consumouse a infamia hai pouco coa prórroga de Ence por parte do Goberno en funcións do Partido Popular no Estado, celebrado polo señor Feijóo e o Goberno da Xunta. Neste caso entendemos que as xestións por parte da empresa Ence se lles encargarian a Isabel Tocino e Carlos del Álamo, os seus camaradas das portas xiratorias. As sentenzas xudiciais aquí tamén pasaron a un segundo plano, o negocio é o negocio.

Outra: estación depuradora de augas residuais (EDAR) dos Praceres. O 19 de abril de 2013 a Audiencia Nacional deixou sentado nunha sentenza que «a estación depuradora e o colector construídos no seu día pola Xunta carecen de concesión de dominio público marítimo-terrestre». A Audiencia Nacional condenou ademais o Estado a «incoar expediente de caducidade da concesión e a dotar as medidas legais para a paralización das actividades e suspensión do uso da explotación das instalacións». Esta sentenza foi ratificada posteriormente polo Tribunal Supremo.

Máis: recheos do porto realizados pola Autoridade Portuaria de Marín-Pontevedra, nunha ampliación de máis de trescentos mil metros cadrados gañados ao mar, foron declarados ilegais polo Tribunal Supremo en sentenza firme de 2009, que condena a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e a Autoridade Portuaria á reposición da zona portuaria ao estado que esta tiña antes da aprobación dos plans especiais anulados. Lonxe de cumprir o disposto na sentenza do Tribunal Supremo, séguese anunciando a licitación para a contratación das obras de mellora dos calados nos accesos marítimos na zona afectada.

Na ría de Pontevedra deben ter vostedes algún tipo de lei de amnistía, que son moi destas cousas, neste caso para protexer as empresas amigas. O cumprimento da lei depende do negocio que se teña entre mans.

Deberán seguir o exemplo do Pleno de Pontevedra, e non me refiro a que nomeen a Feijóo persoa non grata; non lles vou pedir tanto, pero si a que defendan o Estado de dereito. Hai un ano o Pleno de Pontevedra, cunha iniciativa presentada por En Marea Pontevedra, co apoio do Partido Socialista e do BNG, aprobou exixir o cumprimento das sentenzas xudiciais que afectan Elnosa, Ence e os recheos de porto, nun exercicio de responsabilidade e coherencia co Estado de dereito, onde o cumprimento das sentenzas por parte das institucións son de obrigado cumprimento.

Miren, Elnosa é unha parte máis do conflito que sufrimos en Pontevedra coa recuperación da ría, e a súa continuidade é outra decisión inaceptable, tanto polo que supón de freo para a recuperación da ría e a súa contorna como polo xeito en que se pretende levar adiante. Elnosa é unha empresa contaminante e perigosa que almacena grandes cantidades de cloro e pon en grave risco a veciñanza da comarca, que asinou coa Xunta de Galicia un acordo que

fixaba 2017 como data final de permanencia en Lourizán, e aquel acordo xa é papel mollado. Sabemos ben —como xa comentaron os outros voceiros— que as promesas do Partido Popular non valen nada.

Vostedes saben que Elnosa ten data de caducidade en Lourizán. E mentres non se resolva o expediente de caducidade da concesión en dominio público non se pode decidir a súa continuidade nese emprazamento. E tamén saben que Elnosa é unha fábrica perigosa pola acumulación de enormes volumes de cloro, unha situación que non vai mudar aínda no caso hipotético de que mudaran a tecnoloxía de fabricación de cloro sosa. E isto debería levar as administracións a impedir a permanencia na ría e noutras zonas onde exista aglomeracións urbanas.

Cando se toman decisións en función dos intereses particulares en vez de facelo pensando no ben común, a razón e a lei pasan a un segundo plano.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora dona Guadalupe Murillo Solís.

A señora MURILLO SOLÍS: Boas tardes, señorías.

Diríxome a todos vostedes para expor a nosa visión sobre un tema moi importante relacionado coa ría de Pontevedra e no que todos debemos manter unha posición coherente coa situación actual e para optar á mellor das decisións.

No nome do meu grupo, o Grupo Popular, quero defender primeiro de nada o gran labor da empresa privada, xeradora de empregos neste país. Como algúns de vostedes coñecen, son empregada dunha desas empresas privadas e síntome moi orgullosa diso. Dende esta tribuna tócame pór en valor hoxe a palabra «privada»; esa palabra que tantas veces escoitei tratar nesta Cámara de forma despectiva, moitas veces. E creo que é o momento de que empeceamos a pensar doutra maneira.

Coñezo de primeira man os riscos da actividade empresarial e a crúa realidade dos despedimentos cando as cousas non nos van tan ben. A nivel humano é importante, e non podemos pasar por riba dun tema como este negándolle a importancia que ten, xa que os postos de traballo de moitas persoas están en risco.

Por este motivo non podo deixar pasar esta intervención, a miña primeira intervención nesta Cámara, ante vostedes para pedir o voso apoio e o voso respecto para todos os empresarios, grandes e pequenos, autónomos e empregados das empresas privadas de Galicia, que grazas a eles e ao seu esforzo diario conseguimos que con isto nós poidamos seguir medrando. Creo que se merecen un recoñecemento dende esta Cámara dende hoxe e, polo tanto, dende hoxe en adiante.

Despois de todo isto, señor Bará, se ben é certo que poderíamos concordar con vostede en que sería desexable unha nova ubicación ou unha ubicación alternativa ou diferente da que efectivamente ten a empresa Ence desde os seus inicios, non é o noso labor como Administración valoralo de forma persoal. O noso labor e deber é manter o rigor e aplicar a normativa da que somos competentes, e ademais estar moi vixiantes para que esa normativa se cumpra sempre, señor Bará.

Ademais de todo isto, non me gustaría que nos esquecésemos do compoñente humano, dos postos de traballo, porque neste caso como noutros non hai unha solución perfecta pero si hai algunhas moito peores que outras. Sería bo que puidesen propor a este Parlamento e aos cidadáns de Pontevedra unha alternativa de traballo, para todas as persoas que vostedes plantexan deixar fóra do mercado laboral con esta proposta. ¿Serían capaces de facelo?, ¿cal é a súa alternativa?, ¿poden dicilo? Non. A todos nos gustaría moito oír hoxe aquí esas propostas, esas alternativas para esta xente, pero penso que non as escoitaremos porque non existen, e vostede sábeo.

O seu grupo e o Concello de Pontevedra xa anunciaron que están moi preocupados polo tema de Elnosa e que xudicializarán todo o que teña que ver con esta empresa, porque a nós gustaríanos que esa mesma preocupación que teñen co de Elnosa a tivesen por xerar actividade económica e postos de traballo, que moita falta nos fan na cidade que ten o maior paro de Galicia.

Para que unha alternativa real sexa posible, debemos revitalizar o contorno da cidade de Pontevedra, convertela en atractiva para o empresariado, acelerar o PXOM, ese que teñen paralizado hai tempo, para, entre outras cousas, poder ofrecer solo industrial, ese do que agora carecemos. Isto é gravísimo, ¿onde pretendemos que traballen os cidadáns de Pontevedra, señor Bará?

O noso grupo, señor Bará, quere que os cidadáns de Pontevedra poidan traballar e vivir no contorno da cidade, por iso sempre terán o noso apoio. Pero non só deberá quedarse nisto a nosa tarefa como políticos da cidade de Pontevedra, pois temos unha preciosa cidade que aínda non está situada como unha das máis visitadas de Galicia. Tamén é certo que o noso comercio local precisa de moitas axudas, moitas. Pero ¿sabe que, señor Bará? Isto é para que o comercio local non morra. Pero o problema maior de todos é que temos que facer moitas máis cousas importantes pola nosa cidade, señor Bará, antes de chegar aquí a presentar unha proposta sobre a que nós non temos competencias de actuación e que, ademais, deixaría moitas persoas na rúa.

Creo que é un deber de todos nós cumprir coas demandas dos cidadáns. Vostede sabe, señor Bará, que a nosa imaxe como políticos podería ser moito mellor se dedicásemos o noso tempo a emprender accións para que a vida da xente sexa máis fácil, non para que llela compliquemos enviándoos ao paro. Este é o labor para os que estamos aquí, señoras e señores. Estamos para servir aos cidadáns, non para pechar empresas sen lles dar alternativas.

Paso a detallar de forma breve as particularidades do caso que vostede coñece perfectamente: Elnosa. Mire, conta cunha autorización ambiental orixinaria outorgada no ano 2008 polo

Goberno bipartito da Xunta, dese goberno onde vostede era alto cargo. Esa era a orixinaria, despois prorrogamos os demais. Por iso non entendo en ningún caso a argumentación que vostede trae esta noite aquí solicitando o cesamento desta actividade considerada nociva e perigosa. Vostede estaba aquí cando esta primeira autorización se outorgou á empresa Elnosa.

De todos modos, existen razóns máis sólidas para rexeitar esta proposición que falar de quen outorgou orixinalmente a autorización, que foron vostedes. En primeiro lugar, é competencia da Xunta de Galicia outorgar a autorización ambiental, pero en ningún caso é a concesión demanial, que depende da Administración central do Estado.

E no caso no que si nos concirne, a competencia está ben clara. O noso papel é asegurar —como se está a facer desde hai tempo— que esta actividade quede sometida ás limitacións e controis que garantan a minimización do seu impacto sobre o medio ambiente e a saúde das persoas. Isto é o que a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Medioambiental garantiu desde a súa utilización orixinal —esa que deron vostedes—, e tamén mediante as resolucións do 2011, de derogación, e do 2013, de adaptación, e en setembro deste mesmo ano —como vostede ben sabe— ampliouse ata decembro de 2017.

Sabe que esta autorización con esa ampliación está vinculada en todo caso —como xa informou a propia Xunta de Galicia— a que a empresa realice un importante investimento para fabricar cloro alcalino...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora MURILLO SOLÍS: ...abandonando o seu actual... todo isto que vostedes contaron que valora o mercurio.

Ben, o noso papel como Administración debe limitarse a velar polo cumprimento da normativa e da legalidade, como sempre fixo a Xunta de Galicia, cando vostedes estaban e agora que estamos nós.

Polo tanto, no que atinxe ao ámbito das competencias da Xunta de Galicia, a continuidade da actividade de Elnosa dependerá de que a empresa finalmente decida asumir a súa reconversión, co investimento que isto conleva, e instalando para isto unha nova tecnoloxía libre de mercurio, segundo os novos estándares medioambientais. E sendo a Xunta quen ten que exixir o máximo rigor no cumprimento desta normativa, e nós tamén.

Imos rematando, señor Bará. Aos compañeiros do Bloque Nacionalista Galego, respecto da proposición non de lei presentada polo seu grupo, cómpre aclarar que non corresponde á Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

A señora MURILLO SOLÍS: ...o inicio dos trámites de cesamento de ningunha actividade industrial, sempre e cando a actividade estea a realizarse baixo o amparo do marco xurídico

vixente, como é o caso. Do mesmo xeito, é competencia da Administración xeral do Estado conceder ou negar a ampliación da prórroga da ocupación do terreo de dominio público marítimo-terrestre. E, en terceiro lugar, non procede iniciar trámite de recuperación de espazo ningún sen que exista unha caducidade da concesión, que agora mesmo ...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate xa, por favor.

A señora MURILLO SOLÍS: ...ten a empresa. Sería unha ilegalidade, señor Bará.

Mire, por todos estes motivos que atinxen a lexislación vixente e pola falta dunha alternativa real para os traballadores de Elnosa, nós non imos, efectivamente, apoiar a súa proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor, que xa pasou o tempo.

A señora MURILLO SOLÍS: E ademais para que vostede poida camiñar pola cidade de Pontevedra podendo mirar a xente e poder dicirlle que non foi vostede o que fixo que esa xente ficara sen traballo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra por parte do grupo parlamentario autor da proposición non de lei o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Ben, no caso da representante do Partido Popular, señora Murillo, non sei se conta o tempo de falar ou o número de palabras pronunciadas por minuto, porque máis que falar dispara. (*Murmurios.*) Perdón, si, cordialmente.

Vostede falou aquí de coherencia. E eu creo que coherencia vostedes nestes tema tiveron pouca, eu creo que xa lles demostrei claramente a falta de coherencia que tiveron tanto no caso de Ence como no caso de Elnosa. Non dicimos unha cousa e facemos outra. Ben, xa llo deixei claro.

Fixo vostede aquí un canto á empresa privada. Paréceme moi ben, vostede tamén é directiva dunha empresa privada, empregada, directiva, bueno... E non sei se vostede está no mesmo caso, se a súa empresa está no mesmo caso dunha concesión de dominio público e renováronlla xa, entón estarán moi contentos por iso, ¿non?

A nova ubicación de Elnosa non a ten que decidir o Concello. Vostedes chegaron a un acordo no 2013 coa empresa que contemplaba, entre outras cuestións, o traslado da factoría e que a empresa adquiriría o compromiso de buscar dúas ubicacións, unha delas na comarca de Pontevedra. ¿Que estiveron facendo en todos estes anos? No 2013-2016 tiveron tempo abondo para que se cumprise ese compromiso da empresa.

A vostede preocúpanlle moito os setenta postos de traballo que xera Elnosa, pero non lle preocupan os postos de traballo que destrúe Elnosa. Porque Elnosa tamén destrúe moitos

postos de traballo, á parte do prexuízo que crea unha empresa nociva, perigosa e contaminante como é Elnosa. E o problema non é o cambio da tecnoloxía, o problema real é a ubicación, o tipo de actividade que é, a falta de amparo legal para a súa permanencia aí, é a ampliación da concesión. E vostedes, con esas reunións que tiveron coa empresa, o que están intentando é xustificar a permanencia da empresa nesa ubicación con base nun suposto cambio de tecnoloxía e nun investimento que van facer aí. Pero, desde logo, o Concello vai estar en contra, frontalmente en contra desa permanencia, como o estamos no caso de Ence, e imos utilizar todos os argumentos e todos os medios legais e institucionais para intentar impedir esa situación.

Xa sei que vén tamén vostede aquí... Creo que se está estreando xa como futura candidata do Partido Popular en Pontevedra (*Risos.*); xa creo que lle están movendo a silla aí ao seu compañeiro Jacobo Moreira, que xa se está poñendo nervioso porque quere vir tamén para o Parlamento para que non lle ocupe todos os focos aquí a señora Murillo (*Risos.*). Xa mo dixo el, que está a ver se nomean aí algún deputado máis ou deputada máis para que lle toque o turno a el. En fin, que vostede se está estreando nese novo posto... En fin, debe de ser que non confía moito no señor Moreira, ¿non? (*Risos.*)

O señor Rueda tamén se pon nervioso coa miña intervención, (*Risos.*) que estou revelando conversas privadas... Si, señor.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Prosigamos, por favor, e posiciónese con respecto á emenda, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Remato xa. Porque fixo vostede referencia a un retrouso, a un slogan promovido, precisamente, pola empresa Ence, pagado pola empresa Ence e pola empresa Elnosa, que é: «Pontevedra capital do paro». Por certo, Pontevedra é unha cidade que ten un dinamismo e un atractivo que teñen poucas cidades do mundo, non de Galiza, do mundo. E non é certo que sexa a cidade con máis paro de Galiza, porque para vostedes se medra o paro é culpa dos demais e se baixa é un logro ou éxito seu. A realidade é que o paro baixou nos últimos dous anos en Pontevedra, estamos no dezasete e pico por cento, estamos na media das cidades galegas, e hai tres cidades que teñen máis paro que Pontevedra. Polo tanto, non sigan repetindo ese slogan creado e posto nos carteis da cidade de Pontevedra pola empresa Ence e pola empresa Elnosa, porque é unha mentira, unha burda mentira.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón, con respecto á emenda, señor Bará, que non me quedou claro.

O señor BARÁ TORRES: Si, con respecto á emenda, se é de engádegas, aceptariámola, se é de substitución, loxicamente non, aínda que si o terceiro punto, que coincide literalmente coa proposta do BNG e, desde logo, xa está na proposta do BNG. En todo caso, admitiríamos unha votación por puntos para que cada grupo fixe a súa postura. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de reducir o diagnóstico tardío da infección polo VIH ou sida

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, e a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla Fernández.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Iniciar a oferta rutineira da proba do VIH prevista no “Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS) 20158- 2018” ás persoas entre 15 e 59 anos, que vaian proceder a unha extracción de sangue no seu centro de saúde, co obxectivo de reducir o diagnóstico tardío da infección por VIH.*
- 2. Implementar os recursos orzamentarios necesarios para o desenvolvemento real de plans de prevención, especialmente dirixidos aos colectivos en risco de contaxio.*
- 3. Restitución durante o ano 2017 das axudas públicas ás entidades que asisten e apoian a afectados, e que traballan tamén no eido da prevención, ata os niveis de 2009.*
- 4. Negociar coa Fegamp a revisión do programa de drogodependencias, coa consecuente definición de competencias e recursos orzamentarios previstos, e aumentar o investimento no Programa de loita contra as drogodependencias para ter, en ambos casos, medios para contribuír a reducir o número de contaxios por compartir xiringas.*
- 5. Atender ás demandas dos colectivos LGTB para a supresión de terminoloxía excluínente e/ou estigmatizadora nos plans e programas autonómicos.>>*

(O G.P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, o seguinte:

<<Así mesmo, tomaranse as seguintes medidas:

1.- Aproveitar dita despistaxe para realizar tamén seroloxías para hepatite B e C no caso de persoas de risco.

2.- Recuperar os orzamentos adicados á prevención e loita contra o VIH-Sida e resto de ITS.

3.- Deseñar e poñer en marcha en colaboración cos colectivos que traballan na prevención e atención das ITS e os profesionais do SERGAS campañas específicas de información relativa á prevención e aos cribados de VIH, VHC,VHB e outras ITS, así coma formación nas mesmas para as e os profesionais do Servizo Galego de Saúde.

4.- Poñer en marcha un estudo para a posible financiación de medios profilácticos contra as ITS.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra dona Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes a todas e a todos.

Dende o Grupo Popular traemos a esta Cámara unha iniciativa que ten como finalidade mellorar o diagnóstico precoz do VIH, xa que un diagnóstico precoz é especialmente importante tanto para diminuír a transmisión do virus entre a poboación como tamén para mellorar o pronóstico dos casos.

A epidemia polo virus da inmunodeficiencia humana e síndrome de inmunodeficiencia adquirida en Galicia iníciase co diagnóstico dun paciente ou usuario de drogas inxectadas no ano 1984 —hai bastante tempo xa disto— e segundo os últimos datos do artigo «The early spread and epidemic ignition of HIV-1 in human populations», publicado na revista *Science* en outubro do ano 2014 —do que, por certo, é coautor o investigador vigués David Posada—, sitúa o inicio da infección polo VIH arredor de 1920 na cidade de Kinshasa. Polo tanto, señorías, en menos de cen anos o VIH diseminouse por todo o planeta, causando un problema de saúde pública de primeira magnitude. Nos últimos trinta anos, a infección converteuse nunha enorme pandemia, que mantén arredor de trinta e cinco millóns de persoas no mundo vivindo con VIH e que ocasionou a morte de máis de corenta millóns de persoas.

Nos seus comezos, a sida xerou tamén unha grande alarma na sociedade debido ao seu carácter transmisible, ademais, porque non se coñecían os mecanismos de transmisión e non había, naquel momento, ningún tratamento farmacolóxico cando se iniciou a epidemia. En Galicia, na primeira década, tivo un forte impacto no colectivo de persoas usuarias de drogas inxectables, tanto en morbilidade como en mortalidade. A transmisibilidade por esta vía foi elevada, a epidemia estendeuse rapidamente e afectou moita xente. Por outra banda, a sociedade e o sistema sanitario tampouco estaban preparados para unha resposta inmediata naquel momento. O medo que se xerou pola nova infección e, sobre todo, a ignorancia sobre as vías de transmisión fixeron que socialmente se discriminase e se estigmatizase estas persoas que xa tiñan problemas de exclusión social.

Unha situación semellante aconteceu cos homes que teñen sexo con homes, porque a infección polo VIH impactou fortemente sobre eles a principio da epidemia. Aquí tivo un labor moi importante o movemento LGTBI, pois foi o grupo social máis activo, xerando conciencia na sociedade de loitar contra a sida e contra a discriminación das persoas afectadas. Foi moi importante o traballo realizado na prevención do uso e a redución do dano por consumo de drogas, e os plans galegos de drogodependencias e de sida achegaron importantes melloras, sobre todo, cos programas de inserción hixiénica de drogas e os programas substitutivos de opiáceos.

Neses primeiros anos fíxose un enorme esforzo investigador en todos os eidos relacionados coa infección. Eu mesma formaba parte dun proxecto de investigación sobre a sida, alá polo ano 1988, que traballabamos no Departamento de Inmunoloxía da Facultade de Medicina de Santiago, onde tratábamos de predicir o comportamento do virus da sida utilizando o virus da pseudorrabia, xa que tiñan comportamentos e formas de actuación parecidas, porque —como xa dixen ao principio da miña intervención— o descoñecemento era enorme. Pouco a pouco o labor investigador foi aportando solucións aos múltiples problemas plantexados e no día de hoxe podemos xa mirar ao futuro con esperanza na loita contra esa pandemia cara ao ano 2030.

Os cambios epidemiolóxicos detectados nos últimos anos na epidemia VIH en Galicia que a converten nunha infección, basicamente, de transmisión sexual, así como a elevación das taxas noutras infeccións deste tipo, fixeron necesario levar a cabo unha actualización do Plan anti VIH/sida, engadindo nesta loita contra as outras ITS, aproveitando as sinerxías que se producen na prevención de todas elas e seguindo as orientacións dos plans europeos e do plan español. No período 2004-2015 diagnosticáronse en Galicia 2.177 casos de infección polo VIH, cunha media anual de 198 diagnósticos, observándose unha lixeira tendencia á diminución nos últimos tres anos. O patrón epidemiolóxico predominante é claramente a vía sexual, o 77 % destas infeccións. Tamén destacou que as infeccións orixinadas por compartir material de inxección de drogas presentan unha tendencia descendente e que dos 149 casos de infección por VIH diagnosticados en 2015 están en fase sida 29 casos.

A Estratexia 90-90-90 da Onusida marca para o 2020 conseguir as metas de que o 90 % das persoas infectadas con VIH estean diagnosticadas, o 90 % das diagnosticadas accedan ao tratamento antirretroviral e o 90 % das persoas con tratamento manteñan a súa carga viral indetectable. Este é un dos retos principais que terá que afrontar o Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual 2015-2018 que se presentou o ano pasado, para conseguir así descender a epidemia en Galicia.

Temos un importante reto por diante nos próximos anos, que é diagnosticar o 30 % das persoas que viven con VIH e descoñecen a súa infección. Este é un dos obxectivos específicos do plan: reducir o diagnóstico tardío de VIH, xa que este tamén mostra unha estabilización dende xaneiro do 2004. Entre os beneficios individuais que nos achega o diagnóstico precoz atópase a redución da morbimortalidade, os beneficios do tratamento antirretroviral, o apoio psicosocial e a prevención de condutas de risco para adquirir outras ITS. A nivel colectivo, as persoas non diagnosticadas teñen unha taxa de transmisión 3,5 veces superior e poden ter unha viremia máis elevada que as persoas diagnosticadas e tratadas, e as persoas diagnosticadas usan máis o preservativo e diminúe a porcentaxe de prácticas sexuais non protexidas, o que reduce

a transmisión do VIH e, por ende, doutras infeccións de transmisión sexual. Para conseguilo, haberá que, en primeiro lugar, concienciar a xente para que se faga a proba do VIH e ofertar amplamente esta proba en centros sanitarios. En definitiva, mellorar o diagnóstico precoz unido á oportunidade do control da infección que nos ofrece o tratamento antirretroviral permítenos contribuír ás metas de Onusida, a ser optimistas para un próximo futuro sen sida.

É por todo iso que traemos esta iniciativa, que esperamos que conte co apoio de todos os grupos desta Cámara e que di o seguinte: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar a oferta rutineira da proba do VIH, prevista no Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual 2015–2018, ás persoas entre 15 e 59 anos sexualmente activas, que vaian proceder a unha extracción de sangue no seu centro de saúde, co obxectivo de reducir o diagnóstico tardío da infección por VIH.»

Porque —remato, señorías, como comecei— un diagnóstico precoz é especialmente importante para diminuír a transmisión do virus da sida entre a poboación e tamén para mellorar o prognóstico dos casos. En definitiva, para mellorar a saúde das galegas e dos galegos, que é o que nos importa a todos nós.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor don Julio Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez-Vispo, valoro a súa iniciativa profundamente. Son coñecedor da súa especial sensibilidade sobre algúns aspectos como é este tema —cousa que agradezo e xa ten demostrado nesta Cámara noutras ocasións—; unha sensibilidade que, se ben Isaac Newton dicía que cabalgaba a ombros de xigantes, eu creo que hai situacións ou temas nos que, tendo en conta o partido no que milita, lle desexo toda a sorte porque vostede cabalga aos pés dos cabalos, e é complicado que vostede defenda situacións coma esta ante o seu partido. Deséxolle toda a sorte do mundo, pero vaime permitir que —sen facer referencia persoal porque considero que vostede fixo, ademais, unha exposición moi clara— propoña algunha idea que creo que se afastou desta iniciativa.

Nós fixemos algunhas emendas: unha, retirar o termo «sexualmente activo» do punto que vostedes propoñen, porque hai xente que pode non ser sexualmente activa nun momento pero si despois, e tamén estaría ben que puideran pasar por ese proceso de facer a proba. E despois, basicamente o que propoñemos é dotar orzamentariamente tanto este plan como o programa de drogodependencias, como o programa de axudas a colectivos, porque é aí onde se ven as políticas de verdade. Porque sexamos sensatos, o que traen aquí é unha iniciativa —esta xa non é unha iniciativa campanario, esta é unha iniciativa catedral— que o único que propón é facerlles a oferta ás persoas de facerse a proba VIH. ¿E o seguinte que é? Traer unha iniciativa para ofrecerlle á xente abrir a porta.

Isto non é unha iniciativa para un pleno, isto é unha cousa sensata que hai que facer e se fai: ofertarlle á xente a posibilidade de facerse unha proba para detectar o VIH. Claro que é normal, pero nós consideramos que se se trae este tema a este pleno, o que hai que facer é falar de dotación orzamentaria. Porque o que pasou con este tema é que por mor dun decreto do Partido Popular do 2012 quedaron fóra do sistema, por exemplo, persoas que vindo dalgúns outros países onde a incidencia do VIH é moito maior, están fóra do sistema e non se lles pode aplicar esta proba. Polo tanto, temos un problema de posibles contaxiosos aos que non lles aplicamos esta proba. O que pasou é que, con ese decreto, os enfermos non teñen as mesmas capacidades uns que outros para pagar os tratamentos, que son caros. Polo tanto, estamos inmiscindo decisións económicas —que é o fundamento dese decreto de 2012— en decisións de saúde. Por certo, como pasou co caso da hepatite C.

Señor presidente, acábame de chamar «falso» un deputado do Partido Popular, non sei se é merecedor de que vostede diga algo... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): É merecedor de que vostede siga falando.

Moitas grazas.

Por favor, eu non escoitei a afirmación que vostede di, siga falando.

O señor TORRADO QUINTELA: En caso de vista chámase escotoma, que a mente ve o que quere ver, e en caso de oído ten outro nome. En todo caso, como me segue correndo o tempo, ensináronme na miña casa que a palabras necias...

En todo caso, esas decisións... ocorre o mesmo que nese caso da hepatite C, tristemente. Pero ocorre tamén que se reduciron axudas, moitas axudas aos comités. Pechou a casa de acollida de Vigo, ¿por que? Porque o Goberno da Xunta, o Goberno de Alberto Núñez Feijóo, reduciu ata cero, neste caso, as aportacións que se facían. Pecharon os comités anti-sida en Lugo e Santiago. Pechou en Ourense unha casa de acollida, ¿por que? Porque se reduciron á metade as axudas que se lles aportaban e porque se intentou especular urbanisticamente; era moito máis interesante a especulación urbanística daquel caso que ter unha casa de acollida alí. Claro, é certo que naquel caso a convivencia para facer esa *asfixia* aos que alí estaban acollidos se fixo de acordo entre a Xunta e o Bispado de Ourense, que nos leva a todos a entender cal é a orixe desta situación, e é que hai unha conciencia, normalmente marxinal, de quen son os afectados por este tipo de situacións, por esta enfermidade, que a vostedes lles custou moitísimo tempo admitir e que algúns aínda non admiten. (*Murmurios.*)

Señor presidente, non sei se isto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire, aquí o que regula o debate son eu, polo que...

O señor TORRADO QUINTELA: Por iso lle pregunto se non é merecedor...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ...pois o que lle estou dicindo, que pode seguir vostede intervindo, que ata este momento —que eu escoitara— non houbo ningunha interrupción grave e moito menos ningún chascarrillo, que se oe ás veces por parte de todas as bancadas. Así que, por favor, continúe coa súa intervención. E ao resto de deputados prégoles que garden silencio e que atendan ao que ten o uso da palabra.

O señor TORRADO QUINTELA: Estou de acordo, cando falo eu sempre se soltan por parte da bancada que está deste lado.

En todo caso, dicía que o Bispado de Ourense e a Xunta de Galicia asfixiaron un centro de acollida para enfermos de sida, un centro que funcionaba como hospital de día. E denuncian dende o propio centro, denunciaron os propios comités, que aquel malísimo Goberno bipartito investía en torno a 55 euros por persoa na loita contra a sida; agora invístese menos da metade. Iso é facer políticas antisida.

Por iso, nós cremos, si, que é importante apoiar unha iniciativa coma esta porque, sinxelamente, se o fixeran sen necesidade de traela ao pleno estaría ben feito. Polo tanto, aínda así, eu creo que esas emendas son interesantes para demostrar se de verdade estamos concienciados, pero o que é importante é estar convencido do que se fai. E como lle dicía, señora Rodríguez-Vispo —e volvo á apelación persoal—, deséxolle toda a sorte do mundo porque sei que vostede ten un bo labor por diante e que o quere facer con boa conciencia —e teño plenamente conciencia diso—, e deséxolle toda a sorte porque en casos como este é moi duro ver algún partido político defender algunhas posicións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea a señora Eva Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Sorprende certamente a iniciativa precisamente cando vimos de debater os orzamentos na Comisión de Economía. No caso da Sanidade non houbo nin un minuto nin unha aportación por parte do Goberno para ter en conta nos programas de prevención unha mellora relativa á prevención do VIH/sida.

E quería facer un par de consideracións antes de referirme á iniciativa, relacionadas tamén co tema:

Unha, a consellería debería mudar o nesgo de xénero e o nesgo sobre orientación sexual dos seus informes e plans relativos á saúde sexual. E dígoo sinceramente, no Informe do VIH/sida, da Consellería de Sanidade —porque o lin para preparar esta intervención—, as mulleres que teñen sexo con mulleres non aparecen en ningún lugar do informe, e é bastante negativo este nesgo. Efectivamente, a deputada do Partido Popular trasladouno na súa intervención, e fala de que a maior parte das transmisións —agora mesmo cando xa se mo-

dificou o método das adiccións— xa non son tanto por vía parenteral, senón, sobre todo, por contaxio sexual, e, sen embargo, o informe fala de que o 39,4 % se refire aos homes que teñen sexo con homes, o 37,6 ás relacións heterosexuais, pero non fala nada das mulleres que teñen sexo con mulleres, nin se refire a que haxa moitas, poucas ou ningún contaxio. Simplemente hai unha invisibilidade porque non se están a recoller datos, e xa o temos denunciado noutras ocasións.

E, en segundo lugar, o propio informe traslada —acabo de nomealo— un 39,4 % entre homes con sexo con homes e un 37,6 % no caso das relacións heterosexuais.

Eu creo, sinceramente —e dígoo como aportación—, que deberían mudar xa este nesgo relativo ás orientacións sexuais das persoas para facer informes relativos ao impacto das transmisións de enfermidades, neste caso, do VIH. Porque poderían facer tal e como fai o Gesida —que é o grupo de expertos do Plan nacional, que ademais é tamén dependente do Ministerio e, polo tanto, os seus informes son informes oficiais— e referirse máis que a persoas en concreto, ás prácticas en concreto. O propio Plan de profilaxe do Gesida —que tamén o estiven revisando para preparar esta intervención— fala de cales son as relacións ou cales son as prácticas sexuais que conlevan máis contaxios, e sobre todo son os coitos anais sen protección profiláctica. Aí poderían ser relacións entre homes ou non poderían ser. Polo tanto, iso é unha recomendación.

Referido á propia iniciativa, non se comprende esta preocupación agora e que, sen embargo —como xa se vén de dicir agora—, exista un recorte permanente nos recursos que teñen que ver coa prevención non só do VIH/sida senón do contaxio doutras enfermidades de transmisión sexual; están —como xa se dixo aquí— desaparecidos os comités antisida. Pero é que a propia avaliación do Plan anti VIH/sida da Consellería de Sanidade —este documento da propia Consellería de Sanidade— di, na súa páxina 39, que «os investimentos no Plan de acción anti VIH/sida de Galicia mantéñense en niveis altos entre o 2003 e o 2008, e a partir dese ano aprécianse importantes diminucións por mor dos axustes das administracións públicas derivados da crise económica. No ano 2012 e 2013 desaparecen os fondos finalistas para os plans autonómicos de sida que achegaba o Ministerio de Sanidade». É dicir, é o seu propio Goberno o que está a asumir os recortes que fixo, tanto dende o Goberno central como por parte do Goberno autonómico, sobre partidas que son imprescindibles. Polo tanto, temos unha situación na que hai recortes das subvencións do Plan de drogas e VIH, que hai un recorte importante no Programa de prevención de enfermidades transmisibles dende o ano 2011 que chega ata un 33,7 %. E pedimos na emenda que se recuperen os orzamentos nesta materia, porque se non de nada serve facer simplemente esta proba, coa que nós estamos de acordo. Parécenos moi ben que se ofrezca a realización desta proba.

Propomos aquí tamén que se aproveite a despistaxe para facer tamén a seroloxía da hepatite B e C. Sabemos que estas seroloxías non son para a poboación global pero se hai que facer un cuestionario, unha entrevista, para ofrecerlles esta proba ás persoas que se acheguen á atención primaria, aproveiten para facer isto, porque as persoas integrantes da Plataforma da Hepatite C están denunciando que non se está a cumprir precisamente co Plan de abordaxe da hepatite C en materia preventiva. Polo tanto, poderían vostedes aproveitar para tomar tamén esta decisión.

Outra parte importante dese plan, que tampouco se cumpre, é precisamente a que ten que ver coa información e coa formación dos profesionais. Polo tanto, propoñémoslles tamén nesta emenda que aproveiten a circunstancia para facer campañas xerais para a poboación, relativas a esta proba e relativas á información dos grupos ou as actividades de risco, que falen tanto do VIH/sida, da hepatite C e da hepatite B —aínda que é certo que a transmisión sexual da hepatite C é moito menor—, e doutras enfermidades de transmisión sexual.

Ademais, xa que o propio informe da Xunta de Galicia fala da importancia —e remato xa— da prevención, vexan a posibilidade de que poñan vostedes en marcha un estudo para o posible financiamento dos medios profilácticos. Polo menos, poñan o estudo e logo calculen canto custaría poñelo en marcha ou facer un desconto, entre outras cousas para que precisamente a ausencia de medios económicos non sexa un agravante ou un impedimento para poder tomar medidas de prevención nos contaxios de enfermidades de transmisión sexual.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, boa tarde.

Canto á proposta concreta que presenta o Partido Popular, dicir que o señor Torrado a cualificaba de sensata. Eu non sei se é moi sensato que o propio Partido Popular inclúa unha medida nesta proposta que non innova absolutamente nada a respecto das medidas que xa aparecen recollidas nese Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións 2015-2018. Está ben que o Partido Popular lle pida ao Partido Popular que cumpra co seu programa e que cumpra co plan, pero xa que estamos cumpriamo enteiro.

Nós non nos imos opoñer á proposta concreta pero si que queriamos facer algún matiz. Nós entendemos que non podemos desvincular o debate de que medidas tomar a favor da detección temperá desta cuestión, que é algo que, sen dúbida, é un obxectivo polo que debemos camiñar como sociedade —todos e todas concordaremos—, pero si que é certo que esta cuestión non se pode tratar illadamente do contexto no que estamos. ¿En que contexto estamos? Pois estamos nun contexto no que a sanidade pública de Galiza está nun estado de auténtica emerxencia grazas aos recortes progresivos do Partido Popular, que é unha organización autenticamente hostil para a sanidade e que nos últimos sete anos se dedicou a impulsar todo tipo de medidas que afondaron no desmantelamento desta sanidade pública: unha progresiva redución de orzamentos —como xa saíu neste debate—, eliminación de profesionais, redución de servizos e demais. E isto na práctica implicou, por exemplo, canto aos medicamentos, que son tan custosos, establecer, ao final, case que un imposto sobre a enfermidade das persoas con menos recursos en situación de vulnerabilidade. E é certo que hai persoas nesta situación afectadas pola sida que se ven dobremente afectadas por esta cuestión.

O Partido Popular continuou facendo esta política de recortes sen importarlle nada, porque xa esta propia mañá nos lembrou como non lle importa absolutamente nada render contas ou explicacións a respecto de algo tan grave como o acontecido coa cuestión da hepatite C. Desde o BNG entendemos que todos estes recortes teñen unha grave repercusión na prestación dos servizos sanitarios de maneira global e na deterioración asistencial, e isto pasou tamén en concreto coa cuestión do VIH e da sida.

Falaron os compañeiros Torrado e Solla dalgúns dos recortes, e poderíamos recordar que, xa en 2011, o Goberno galego, na resolución das convocatorias de subvencións a proxectos de asociacións e concellos que desenvolven accións de saúde pública no campo da sida en Galiza, fixo un drástico recorte de máis de 106.000 euros a respecto da mesma axuda, por exemplo, en 2010 —xa non me vou ao 2009 senón ao 2010, xa un ano orzado polo propio Partido Popular—. Deste xeito, ficaron fóra desas axudas moitas asociacións que viñan facendo un traballo fundamentalmente de voluntariado, un tipo de asociacións que non teñen ingresos e que, polo tanto, quedaron sen recursos de fondos propios e que dependían destas subvencións para exercer esa actividade, que tiña un importante papel —saíu aquí o exemplo xa de Santiago ou de Ourense nas vilas— para prever e para atender en primeira instancia todas as persoas afectadas.

Desde o BNG consideramos que é a Administración pública a que debe facer este tipo de prestacións pero, desde logo, é corresponsable se hai entes sociais que axudan a ese labor e os desmantelan e contribúen a que certos territorios teñan carencias —como xa saíron algúns exemplos nesta tarde—. Pero, en fin, nada sorprende dun Goberno que desfixo tanto en tan pouco tempo a respecto da sanidade.

Nós, loxicamente, non nos opoñemos a esta medida concreta pero entendemos que debe de acompañarse dun reverteremento de todos estes recortes que foron aplicados na sanidade pública para que efectivamente ese Plan 2015-2018 poida levarse a cabo en todos os seus termos, aínda que sería insuficiente pero cando menos iso, e non vir facer publicidade dunha iniciativa que deberon implantar xa de forma rutineira. Nós entendemos que, ademais en concreto, isto que se plantexa ten moita dobre moral: vir con esta medida en concreto cando a atención primaria —que é onde se debe fornecer ao usuario— está sendo absolutamente demandada.

Nos seus propios obxectivos poñen aumentar a realización da proba do VIH desde os centros de atención primaria e potenciar novas ferramentas como as probas rápidas, etc. ¿Como cumprilos —pregúntome eu— cunha sanidade tan desmantelada e adelgazada como a que temos? Sería tamén interesante que profundaran noutras medidas —que xa no momento desbotaron incluír— como a constitución de consellos de saúde de área, e así aproximarse a esa Estratexia de París —que noutras latitudes si que asumiron ese consenso arredor do municipalismo— para traballar, tamén, de forma mancomunada en algo como sería a prevención de enfermidades tan importantes coma esta.

E, simplemente para rematar, incidir tamén —xa o fixo a compañeira Solla— na cuestión de xénero. A min sorprendeume que no propio plan recollían como eran varios os factores que aumentaban a vulnerabilidade da muller e a invisibilización para este xénero.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate xa, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Remato xa, cando menos terei tanto tempo como a señora Murillo antes.

Chámame a atención que se recoñeza nas motivacións do plan pero que logo non se acompañe de medidas concretas. Fala constantemente —sobre todo na parte introdutoria— de promover a transversalidade, pero —como sempre dicimos— a transversalidade ten que vir acompañada de medidas, se non é unha palabra que fica nos limiares dos plans e que non leva a ningún lado.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Marta Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, despois de escoitalas, parece que non lles gusta a vostedes que o Grupo Popular traia este tipo de iniciativas, que parece que son patrimonio da esquerda.

Señor Torrado, eu agradézolle moito a preocupación que ten vostede por min, pero pode estar tranquilo porque eu, no meu grupo, non teño ningún tipo de problema con estes temas. É máis: estamos no século XXI e o meu grupo, o Grupo Popular, ten unhas opinións sobre este tema que son tan válidas como as súas. Polo tanto, agradézollo, pero non se preocupe por min. (*Aplausos.*)

E señora Presas, as iniciativas non son só para innovar senón tamén para instar o Goberno a que faga algo, que é o obxectivo desta, que faga algo neste tema, e dicímoslle unha das posibilidades que pode poñer en práctica despois de presentar un plan. Por certo, é un plan fantástico, ten un montón de medidas, e dirannos co tempo a repercusión que teñen sobre a transmisión da infección do VIH; falaremos dentro duns anos das repercusións positivas que ten o plan que acaba de facer a Consellería.

Pero centrándonos no tema: vostedes sempre falan do mesmo, sempre falan de recortes, sempre falan da parte negativa; nunca recoñecen —eu creo que ás veces nin escoitan— o positivo, porque eu dicíalles que o máis positivo destes últimos anos, e a boa noticia, é que o VIH está descendendo lixeiramente en Galicia nos últimos tres anos. Creo que é unha noticia para celebrar e non seguir a falar da Galicia escura, negra, cos recortes do PP, que vivimos todos pois nuns tempos tremendamente escurantistas. Entón, eu penso que hai que ser máis positivos, apoiar o que realmente é bo para os galegos e para as galegas, e así eu creo que nos irá a todos moitísimo mellor.

Presentan vostedes unhas emendas, tanto a do Grupo Socialista como a de En Marea —é que non me vai dar tempo a dicirlles todo o que teño que dicir—, pero que, señor Torrado,

unha das súas compañeiras esta mañá, a señora Vilán, explicábanos o que era unha emenda e dicía que as emendas se utilizan para mellorar as iniciativas e manifestar as diferentes opinións políticas doutros grupos. Pero é que estas emendas que vostedes presentan, máis que para mellorar, son unha nova iniciativa. Se queren presenten outra iniciativa, pero non ten nada que ver co que estamos a falar hoxe. É como a de En Marea, son novas iniciativas e, polo tanto, non podemos aceptalas.

Respecto da súa emenda do seu grupo, o punto 1 é a nosa iniciativa. E ofrecémoslle unha transacción no que ao punto 5 se refire: a súa emenda de substitución que pase a ser de engádegas. A nosa iniciativa queda como punto 2 da mesma.

Na emenda de En Marea, pois no punto 1 do cribado —que non había, señora Solla— de VHC, pois a estratexia de despistaxe, nós cremos que debe ser dentro do nivel nacional e debe ser no seo do plan estratéxico que actualmente está en revisión. Non nos negamos, dende logo, señoría, vexamos que isto debe plantexarse a nivel do Sistema nacional de saúde.

En canto ao punto 3, asociar a prevención ao control de VIH e outras infeccións de transmisión sexual —xa este feito o acabo de dicir na mesma exposición de motivos—, os cambios epidemiolóxicos detectados nos últimos anos na epidemia do VIH en Galicia convértena nunha infección basicamente de transmisión sexual...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: ...e fan necesaria —xa remato, señor presidente— unha actualización do Plan antisida engadindo a loita contra as outras ETS, no que estamos de acordo con vostede.

Respecto dos recursos orzamentarios —que tamén falaban dos recortes— nos orzamentos de 2017, a Consellería segue a manter a colaboración coas asociacións e as ONG que traballan neste eido a través das axudas en concorrencia competitiva. Nos orzamentos de 2017 nas axudas para actividades desenvolvidas polos concellos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: ... destínanse —remato, señor presidente, de verdade, un segundo— 6,8 millóns de euros —igual que os dous anos anteriores— e en materia de existencia en drogodependencias en colaboración coa Fegamp destínanse 3.278.000 euros.

Remato esperando que, de verdade, o mediten e voten a favor desta iniciativa, que o fin que ten é diminuír o diagnóstico tardío do VIH na poboación galega.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Desculpe, con respecto á emenda do PSOE, entón, entendín que ofrecía unha posible transacción. ¿E con respecto á de En Marea?

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: A de En Marea non a podemos aceptar porque é unha nova iniciativa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moi ben, pois xa está.

Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Grazas. *(Aplausos.)*


O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Rematada esta iniciativa, para facilitar tamén a asistencia ao funeral, poñemos fin ao pleno do día de hoxe e retomámolo mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás seis e seis minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

| | | | |
|---|-------|--|-------|
| 1. Álvarez Martínez, Luis Manuel | (S) | 39. Pérez Seco, José Manuel | (S) |
| 2. Amigo Díaz, María Encarnación | (P) | 40. Pierres López, María Luisa | (S) |
| 3. Antón Vilasánchez, María Ángeles | (P) | 41. Pontón Mondelo, Ana Belén | (BNG) |
| 4. Arias Rodríguez, Raquel | (P) | 42. Prado Cores, María Montserrat | (BNG) |
| 5. Balseiros Guinarte, Silvestre José | (P) | 43. Prado del Río, Paula | (P) |
| 6. Bará Torres, Xosé Luís | (BNG) | 44. Presas Bergantiños, Noa | (BNG) |
| 7. Barahona Martín, Magdalena | (EM) | 45. Puy Fraga, Pedro | (P) |
| 8. Blanco Paradelo, Moisés | (P) | 46. Quintana Carballo, Rosa María | (P) |
| 9. Blanco Rodríguez, Noela | (S) | 47. Quintero Araújo, Paula | (EM) |
| 10. Burgo López, María de la Concepción | (S) | 48. Quiroga Díaz, José Antonio | (S) |
| 11. Cal Ogando, Marcos | (EM) | 49. Rey Varela, José Manuel | (P) |
| 12. Calvo Pouso, Diego | (P) | 50. Rivas Cruz, José Luis | (BNG) |
| 13. Casal Vidal, Francisco | (EM) | 51. Rodil Fernández, Olalla | (BNG) |
| 14. Castiñeira Broz, Jaime | (P) | 52. Rodríguez Arias, Marta | (P) |
| 15. Chao Pérez, Luca | (EM) | 53. Rodríguez Barreira, María Julia | (P) |
| 16. Conde López, Francisco José | (P) | 54. Rodríguez Estévez, David | (EM) |
| 17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles | (EM) | 55. Rodríguez González, Román | (P) |
| 18. Díaz Villoslada, Juan Manuel | (S) | 56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña | (S) |
| 19. Egerique Mosquera, Teresa | (P) | 57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María | (P) |
| 20. Fernández Fernández, Raúl | (S) | 58. Romero Fernández, Cristina Isabel | (P) |
| 21. Fernández Gil, César Manuel | (P) | 59. Rueda Valenzuela, Alfonso | (P) |
| 22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María | (S) | 60. Sánchez García, Antón | (EM) |
| 23. Fernández Prado, Martín | (P) | 61. Santalices Vieira, Miguel Ángel | (P) |
| 24. García Míguez, María Ángeles | (P) | 62. Santos Queiruga, Carmen | (EM) |
| 25. Gómez Salgado, Carlos | (P) | 63. Solla Fernández, Eva | (EM) |
| 26. González Vázquez, José | (P) | 64. Tellado Filgueira, Miguel Ángel | (P) |
| 27. Lago Peñas, José Manuel | (EM) | 65. Toja Suárez, María Dolores | (S) |
| 28. López Crespo, Carlos Enrique | (P) | 66. Torrado Quintela, Julio | (S) |
| 29. Losada Álvarez, Abel Fermín | (S) | 67. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís | (P) |
| 30. Martínez García, Valeriano | (P) | 68. Vázquez Almuíña, Jesús | (P) |
| 31. Mato Otero, Beatriz | (P) | 69. Vázquez Domínguez, Sandra | (P) |
| 32. Merlo Lorenzo, Juan José | (EM) | 70. Vázquez Mejuto, María Ángeles | (P) |
| 33. Mouriño Villar, Antonio | (P) | 71. Vázquez Mourelle, Ethel María | (P) |
| 34. Murillo Solís, María Guadalupe | (P) | 72. Vázquez Verao, Paula | (EM) |
| 35. Nóvoa Iglesias, Marta | (P) | 73. Vega Pérez, Daniel | (P) |
| 36. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso | (P) | 74. Vilán Lorenzo, Patricia | (S) |
| 37. Núñez Feijóo, Alberto | (P) | 75. Villares Naveira, Luis | (EM) |
| 38. Pazos Couñago, José Alberto | (P) | | |



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25